

3.

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1.
DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL

3.2.
ESTRUTURA PRODUTIVA

3.3.
SECTOR EXTERIOR

3.1.

DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL

Dende o comezo da crise económica no ano 2008, o número de empresas inscritas na Seguridade Social, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, inicia unha tendencia descendente ano a ano, provocando que, no ano 2013 en Galicia, existan en torno a once mil empresas menos que as inscritas na Seguridade Social no ano 2008, un 13% menos, porcentaxe de redución similar á media estatal. A nivel provincial no período 2008-2013, Pontevedra é a provincia que, tanto en termos relativos como absolutos, diminúe en maior medida o seu parque empresarial, cunha redución do 16% e de 5.200 empresas en relación ás existentes no ano 2008.

Fronte á forte redución no número de empresas, o dinamismo empresarial presenta unha tendencia dispar, así no ano 2013 Galicia continúa cunha variación anual positiva do número de sociedades mercantís creadas, un 3,2% máis que no ano 2012, aínda que tamén se incrementan o número de sociedades disoltas, un 12,9% máis. A dinámica empresarial galega crea menos empresas que a media estatal e dissolve unha maior porcentaxe que a media.

Un aspecto fundamental da estrutura empresarial galega son os traballadores autónomos, que no ano 2013 son 143.500, o 7,5% do total estatal, case 21.000 menos que os existentes no ano 2008. No ano 2013 en Galicia o número de autónomos propiamente ditos diminúe nun 0,6% fronte ao incremento do 0,7% de media no Estado.

O 19 de decembro de 2013 aprobouse a Lei 9/2013 de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (*), que ten por obxecto definir un marco normativo que incentive a creación e implantación de empresas, así como regular a actividade da persoa investidora particular en proxectos de investimento.

EMPRESAS INSCRITAS NA SEGURIDADE SOCIAL

O número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minaría do carbón no ano 2013 segue coa tendencia descendente iniciada no ano 2009. Así, no

(*) **Ditame 5/13 do Consello Económico e Social de Galicia.**

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2008-2013 ⁽¹⁾


	Galicia					España	Galicia / España (%)
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
2008	87.472	35.946	12.093	10.591	32.538	1.332.090	6,6
2009	84.715	34.929	11.936	10.420	31.093	1.264.689	6,7
2010	83.504	34.515	11.703	10.346	30.558	1.240.847	6,7
2011	81.125	33.689	11.310	10.137	29.554	1.210.527	6,7
2012	77.905	32.419	10.919	9.870	28.086	1.171.844	6,6
2013	76.299	31.932	10.666	9.729	27.290	1.158.338	6,6
2013							
Xaneiro	76.544	31.916	10.727	9.723	27.534	1.155.168	6,6
Febreiro	76.465	31.858	10.711	9.690	27.535	1.156.665	6,6
Marzo	76.673	31.921	10.737	9.720	27.626	1.164.457	6,6
Abril	76.508	31.869	10.730	9.682	27.560	1.168.529	6,5
Maio	76.810	32.013	10.751	9.726	27.650	1.177.057	6,5
Xuño	77.525	32.241	10.802	9.786	28.032	1.186.883	6,5
Xullo	78.183	32.437	10.851	9.821	28.389	1.181.094	6,6
Agosto	78.366	32.482	10.918	9.849	28.430	1.175.491	6,7
Setembro	77.178	32.093	10.870	9.752	27.775	1.167.397	6,6
Outubro	76.835	32.019	10.782	9.778	27.569	1.165.104	6,6
Novembro	76.833	32.129	10.714	9.764	27.557	1.167.497	6,6
Decembro	76.299	31.932	10.666	9.729	27.290	1.158.338	6,6

(1) empresas inscritas no Réxime xeral e no Réxime especial da minaría do carbón o último día de cada período; unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.1.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2012-2013 ⁽¹⁾



(1) empresas inscritas no Réxime xeral e no Réxime especial da minaría do carbón; taxas de variación interanual

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.2.

derradeiro día de 2013 en Galicia estaban inscritas nos citados réximes da Seguridade Social 76.299 empresas, o que representa o 6,6% do total estatal.

A análise dos datos mensuais mostra como os meses de maio, xuño, xullo e agosto presentan incrementos significativos no número de inscricións, fronte aos descenso do resto dos meses, acadando o número máis baixo de inscricións no mes de decembro (76.299 inscricións).

En comparación co acontecido no resto do Estado, o **gráfico 3.1.2.** reflicte como a taxa de variación interanual do número de empresas inscritas no réxime xeral e no da minaría de carbón presenta en Galicia no ano 2013, tal como aconteceu no ano anterior, unha peor evolución que no conxunto estatal. Os descenso no número de inscricións en Galicia son mes a mes superiores aos rexistrados de media en España. Os maiores descenso da taxa interanual en Galicia corresponden aos catro primeiros meses do ano, con descenso superiores ao 4%.

A nivel estatal, a caída no número de empresas inscritas é máis moderada que en Galicia, acadando tamén no caso estatal os maiores descenso nos catro primeiros meses do ano, con reducións interanuais en torno ao 3%.

O descenso no número de empresas inscritas na Seguridade Social afecta ás catro provincias galegas, aínda que, un ano máis, a provincia de Pontevedra volve a ser a máis afectada, con 796 empresas menos no derradeiro día de 2013 en relación aos datos rexistrados na mesma data do ano anterior. No 2013, Pontevedra ten un 16% menos de empresas inscritas na S.S. en relación ás existentes no ano 2008 (5.248 empresas menos).

A provincia de A Coruña perde no último ano 487 empresas e dende o ano 2008 redúcese

en 4.014 as empresas inscritas nesa provincia.

En termos porcentuais, as provincias de Pontevedra e Lugo son as que presentan un maior descenso, cunha taxa de variación interanual negativa do 2,8% e do 2,3%, respectivamente, sendo as porcentaxes de descenso da provincia de A Coruña e Ourense do 1,5% e do 1,4%, respectivamente.

• Perfil do traballador autónomo

Un elemento fundamental do tecido empresarial, tanto en Galicia como no conxunto de España, son os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social. Aos efectos deste réxime, entenderase por traballador por conta propia ou autónomo aquel que realiza de xeito habitual, persoal e directo unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo, aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular da empresa individual ou familiar.

A 31 de decembro de 2013 había en Galicia un total de 224.929 afiliados por conta propia na Seguridade Social (224.929 no réxime especial de traballadores autónomos), que representan o 7,3% do total nacional. Dese número total, 143.500 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores, e representan o 7,5% do total estatal de autónomos propiamente ditos, un peso que descende a causa da redución do 0,6% no número de traballadores autónomos en Galicia fronte ao incremento do 0,7% no conxunto do Estado.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos, igual que en anos anteriores, é o dunha

Traballadores autónomos en Galicia e España 2013: principais características⁽¹⁾

	2013			13/12	
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España
Total	143.500	1.923.955	7,5	-0,56	0,74
sector de actividade					
agricultura	37.093	241.680	15,3	-4,92	-1,50
industria	6.538	91.063	7,2	-1,70	-2,68
construción	15.597	198.335	7,9	0,33	-2,43
servizos	84.272	1.392.877	6,1	1,41	1,84
situación profesional					
sen asalariados	115.720	1.526.044	7,6	-0,48	0,74
con asalariados	27.780	397.911	7,0	-0,88	0,72
sen pluriactividade	138.080	1.838.946	7,5	-0,77	0,41
con pluriactividade	5.420	85.009	6,4	5,26	8,20
sexo					
homes	81.473	1.271.538	6,4	-0,10	0,15
mulleres	62.027	652.417	9,5	-1,15	1,89
idade					
< 25 anos	1.983	37.966	5,2	13,38	18,11
25-39 anos	35.304	538.161	6,6	1,86	1,65
40-54 anos	62.989	870.998	7,2	-0,92	0,18
55 ou máis anos	43.224	476.830	9,1	-2,47	-0,44
nacionalidade					
españóis	140.257	1.779.311	7,9	-0,61	0,57
estranxeiros	3.243	144.644	2,2	1,63	2,87
antigüidade no negocio					
< 6 meses	8.646	160.626	5,4	28,68	26,16
6-11 meses	8.180	131.456	6,2	9,34	12,41
1-3 anos	19.096	289.936	6,6	6,58	3,13
3-5 anos	11.372	169.558	6,7	0,16	4,95
5 ou máis anos	96.206	1.172.379	8,2	-4,59	-4,14
base de cotización					
mínima	111.904	1.648.063	6,8	0,26	1,87
entre mínima e 1,5 veces mínima	14.337	85.763	16,7	-2,61	-1,29
1,5-2 veces mínima	9.381	66.200	14,2	-4,70	-10,90
2-3 veces mínima	7.107	106.012	6,7	-3,69	-6,07
máis de 3 veces mínima	771	17.917	4,3	2,80	-0,35

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.3.

persoa que traballa no sector servizos (aínda que cunha importante presenza na agricultura), sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón (aínda que cunha elevada presenza de mulleres), entre 40 e 54 anos (cunha importante presenza de persoas maiores de 55 anos), español, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do

Estado, cómpre salientar tanto a elevada presenza dos autónomos galegos no sector agrícola como o maior peso das mulleres, así como a presenza de maiores de 55 anos.

DINÁMICA EMPRESARIAL

O dinamismo empresarial valórase pola evolución do número de sociedades mercantís, entendida como a taxa de variación anual da constitución de sociedades mercantís.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas nas CC.AA. 2013 ⁽¹⁾

	creadas			amplían capital		disoltas	
	número	13/12	capital suscrito (en miles de euros)	número	capital suscrito (en miles de euros)	número	13/12
Andalucía	15.389	6,9	951.449	4.904	3.128.076	3.679	12,2
Aragón	2.021	2,1	95.859	977	1.622.733	961	10,3
Asturias	1.357	5,9	58.493	491	757.517	534	15,6
Baleares	2.787	9,4	105.702	1.067	944.069	827	-3,6
Canarias	3.394	6,4	157.562	1.083	984.811	965	5,0
Cantabria	798	14,7	36.152	255	793.501	331	1,8
Castela e León	3.167	12,4	240.243	1.405	387.811	1.310	9,4
Castela - A Mancha	3.101	8,3	115.793	1.022	431.130	598	3,3
Cataluña	17.708	9,3	1.558.417	7.332	10.842.859	3.006	3,8
C. Valenciana	11.077	7,2	595.884	3.178	14.944.926	2.283	10,3
Extremadura	1.141	-1,2	31.757	497	621.591	400	-13,2
Galicia	4.276	3,2	245.895	1.750	3.473.577	1.936	12,9
A Coruña	1.803	8,7	67.188	794	3.131.246	777	17,5
Lugo	437	11,2	15.218	186	64.813	207	8,4
Ourense	394	-2,2	38.570	162	72.231	167	22,8
Pontevedra	1.642	-2,8	124.919	608	205.287	785	8,0
Madrid	19.657	7,5	1.986.129	7.396	30.247.321	5.617	17,0
Murcia	2.894	4,7	135.101	1.097	484.268	352	65,3
Navarra	822	-12,5	34.122	419	409.023	181	2,8
País Vasco	3.201	6,7	345.741	1.480	4.889.420	1.487	-8,9
A Ríoxa	410	-6,6	17.042	231	81.064	248	40,9
Ceuta e Melilla	163	4,5	4.643	46	13.420	20	-39,4
Total	93.363	7,1	6.715.989	34.630	75.057.119	24.735	9,1

(1) datos provisionais
Fonte: INE

■ 3.1.4.

Tal como ven acontecendo nos últimos anos, no ano 2013 continúa o incremento no número de sociedades mercantís creadas, entendendo por estas as inscritas no Rexistro Mercantil, independentemente da data na que comezan a realizar as operacións comerciais. No ano 2013 creáronse 4.276 sociedades mercantís, un 3,2% máis que en 2012; o incremento interanual no conxunto do Estado foi do 7,1%.


O capital suscrito polas sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2013, 246 millóns de euros, incrementouse nun 7,1% fronte ao descenso do 12% de media no Estado. O peso do capital suscrito polas sociedades creadas en Galicia no total estatal, pasa do 3% no ano 2012 ao 3,7% no ano 2013.

Por outra banda, no ano 2013 ampliaron capital 1.750 sociedades, un 1,4% menos que no exercicio anterior. O capital suscrito nas ampliacións rexistrou un incremento do 90%, fronte ao 26,2% de incremento rexistrado de media no Estado.


O número de sociedades disoltas foi de 1.936, un 12,9% máis que no 2012.

O 99,6% das sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2013 son sociedades de responsabilidade limitada e só 17 das 4.276 creadas son sociedades anónimas. As sociedades anónimas creadas no ano 2013 en Galicia subscriben un capital de 24 millóns de euros, o 9,8% do total xeral.


Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2004-13



Sociedades mercantís disueltas en Galicia e España 2004-13



Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2012-13 (1)



(1) tasas de variación interanual
Fuente: INE

■ 3.1.5.

Sociedades mercantís constituídas en Galicia e España 2012-13 (1): distribución segundo forma xurídica e capital

	Galicia		España		Galicia / España	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
					(%)	
Total						
nº sociedades	4.143	4.276	87.182	93.363	4,8	4,6
capital			(en miles de €)			
subscrito	229.685	245.895	7.629.712	6.715.989	3,0	3,7
desembolsado	229.280	244.894	7.445.540	6.664.603	3,1	3,7
Sociedades anónimas						
nº sociedades	23	17	577	559	4,0	3,0
capital			(en miles de €)			
subscrito	19.847	24.111	2.944.805	1.418.967	0,7	1,7
desembolsado	19.442	23.110	2.760.678	1.367.579	0,7	1,7
Sociedades limitadas						
nº sociedades	4.120	4.259	86.591	92.802	4,8	4,6
capital			(en miles de €)			
subscrito	209.838	221.784	4.684.612	5.296.898	4,5	4,2
desembolsado	209.838	221.784	4.684.612	5.296.898	4,5	4,2

(1) datos 2013 son provisionais
Fonte: INE

■ 3.1.6.

Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que A Coruña foi a provincia co maior ascenso no número de sociedades constituídas, con 145 empresas máis que en 2012, seguida de Lugo, con 44 máis. Pola contra, nas provincias de Pontevedra e Lugo constitúense menos sociedades no ano 2013 que no ano precedente, en concreto 47 e 9 sociedades menos respectivamente. As provincias de Pontevedra e A Coruña concentran máis do 80% das sociedades constituídas en Galicia (1.803 empresas na Coruña e 1.642 empresas en Pontevedra).


Tal como se sinala anteriormente, o capital subscrito polas novas sociedades mercantís creadas en Galicia no ano 2013 incrementábase un 7,1%. Este incremento prodúcese só na provincia de Pontevedra, onde o capital subscrito polas 1.642 sociedades mercantís creadas no ano 2013 acadou os 80 millóns de euros, un 56% máis que no ano anterior; compensando a menor subscripción de capital das sociedades creadas nas res-

tantes tres provincias galegas. Na provincia da Coruña, asociado ao incremento do 8,7% do número de empresas constituídas, o capital subscrito redúcese nun 26% en relación ao ano anterior.

Tomando como indicador da taxa de creación de empresas a rateo "número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes", Galicia creou no último ano 15,5 sociedades por cada dez mil habitantes (19,8 no conxunto do Estado), situándose por detrás de Madrid, con 30,3; Baleares, con 25,1; Cataluña, con 23,4; Valencia, con 21,7; Murcia, con 19,7 sociedades; Andalucía, con 18,2 sociedades; e Canarias con 16 sociedades por cada 10.000 habitantes.

Pontevedra presenta no último ano considerado a taxa de creación de empresas máis elevada das catro provincias galegas, con 17,2 sociedades creadas por cada 10.000 habitantes, por debaixo da media española (19,8). No extremo oposto,

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2009-13 (1)



(1) índice de rotación: % disoluciones / constituciones de sociedades mercantiles
Fuente: INE

■ 3.1.7.

Lugo e Ourense, cunha creación de 12,6 e 12,1 empresas por cada 10.000 habitantes, respectivamente.

No que respecta á desaparición de sociedades, no conxunto do ano 2012 o número de empresas que se disolveron en Galicia incrementouse un 12,9%. A cifra acadou as 1.936 sociedades mercantís, 219 máis que en 2012, o que representa o 7,8% das empresas disoltas en España no último ano.

Se consideramos o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constitucións, na comunidade autónoma galega disolvéronse un total de 41,3 empresas por cada cen sociedades constituídas, 18,8 máis que a media estatal. Comparada co rexistrado en anos anteriores, esta rateo medrou en Galicia dende o ano 2009 pasando de 29,6 empresas disoltas por cada 100 constituídas no citado ano a 45,3 no ano 2013. Esta evolución é moito máis suave a nivel estatal onde se pasa de 22,3 empresas disoltas por casa

100 constituídas no ano 2009 a 26,5 no ano 2013 (**cadro 3.1.7.**).

Este índice de rotación presenta un valor superior á media española en todas as provincias galegas: Pontevedra rexistra en 2013 un índice de rotación de 47,8 sociedades disoltas por cada cen constituídas; Lugo, de 47,3; en tanto que en A Coruña e Ourense esta rateo é de 43,1 e 42,4 sociedades, respectivamente.

Un ano máis, no ano 2013 prodúcese un incremento no número de empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial (18 en Galicia en 2013). As empresas concursadas en Galicia en 2013 son 521, un 4% máis que no ano 2012, fronte ao incremento do 10,4% de media no conxunto do Estado. O 83,5% desas empresas concursadas en Galicia son sociedades de responsabilidade limitada (435 empresas), seguidas a moita distancia

Empresas concursadas en Galicia e España 2009-13: distribución segundo actividade económica ⁽¹⁾

	Galicia					España				
	2009	2010	2011	2012	2013	2009	2010	2011	2012	2013
Total	274	295	410	501	521	5.175	4.990	5.910	8.095	8.934
Agricultura e pesca	6	4	1	2	4	47	53	64	71	86
Industria e enerxía	76	81	106	134	112	1.245	1.013	1.125	1.531	1.549
Bens intermedios	36	33	37	49	49	569	415	432	597	615
Bens de capital	10	18	36	47	32	277	289	302	448	374
Bens de consumo	4	4	5	5	9	100	75	104	150	143
Bens de consumo non duradeiro	24	24	26	30	18	284	222	262	318	372
Enerxía	2	2	2	3	4	15	12	25	18	45
Construción	98	86	128	157	174	1.733	1.599	1.914	2.487	2.378
Edificios e promoción inmobiliaria	72	65	81	108	120	1.235	1.089	1.313	1.633	1.557
Resto	26	21	47	49	54	498	510	601	854	821
Servizos	81	113	160	188	214	1.871	2.039	2.435	3.508	4.276
Comercio maiorista	42	52	78	96	92	806	752	921	1.330	1.419
Comercio polo miúdo e vehículos	7	12	6	10	16	85	64	128	175	232
Transporte e almacenamento	13	17	28	20	18	195	243	265	362	298
Hostelería	-	6	5	12	12	104	165	188	277	384
Información e comunicacións	1	4	2	1	6	72	86	100	152	219
Inmobiliarias, financeiras e seguros	2	4	3	4	9	135	171	189	268	365
Actividades profesionais e técnicas	9	9	15	21	29	185	219	263	355	538
Actividades administrativas e serviz.aux.	2	3	9	15	15	152	162	192	287	461
Resto de servizos	5	6	14	9	17	137	177	189	302	360
Sen clasificar	13	11	15	20	17	279	286	372	498	645

(1) actividade económica principal, CNAE-09; datos 2013 son provisionais
 Fonte: INE

■ 3.1.8.

polas sociedades anónimas (65 empresas) (**cadro 3.1.8.**).

Segundo a actividade económica exercida pola empresa concursada, a construción, con 174 empresas (33,4% do total), a industria e enerxía, con 112 empresas (21,5% do total) e o comercio por xunto, con 92 empresas (17,6% do total) son as actividades que sofren un maior número de casos de concurso de acredores en Galicia no ano 2013. En concreto é destacable o incremento do 11% das empresas concursadas na construción de edificios e promoción inmobiliaria, así como a redución do 32% e do 40% dos concursos en industrias de bens de capital e de consumo non duradeiro respectivamente.

No que respecta ás empresas concursas por tramo de asalariados, no ano 2013 o 56,8% do total de empresas concursadas en Galicia tiñan

menos de 10 empregados, e entran en concurso de acredores 18 empresas con máis de 100 asalariados, das que 9 están rexistradas na provincia de Pontevedra, 6 na Coruña e 3 en Ourense.

Tomando como referencia e explotación estatística que elabora o INE do *Directorio Central de Empresas*, o **cadro 3.1.9.** mostra as empresas existentes en Galicia no ano 2013, entendendo por empresas, segundo a metodoloxía utilizada, as definidas como unha organización sometida a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende

Empresas en Galicia e España 2013 (1): distribución segundo grandes ramas de a

	2013			
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia
Total	192.998	3.146.570	6,1	-10.376
Industria e enerxía	13.039	206.585	6,3	-205.688
Industria extractiva	328	2.567	12,8	-203.453
Industria manufactureira	11.966	182.179	6,6	-2.342
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	483	15.094	3,2	109
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	262	6.745	3,9	-2
Construción	30.090	425.593	7,1	-7.617
Servizos	149.869	2.514.392	6,0	3.060
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	50.105	765.379	6,5	-3.885
Transporte e almacenamento	12.276	206.123	6,0	-1.851
Hostalería	20.447	282.512	7,2	-990
Información e comunicacións	2.003	55.173	3,6	273
Actividades financeiras e de seguros	4.839	72.355	6,7	333
Actividades inmobiliarias	4.606	129.002	3,6	4.606
Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.594	381.626	5,4	-472
Actividades administrativas e servizos auxiliares	7.999	163.421	4,9	2.121
Educación	4.945	79.108	6,3	862
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7.070	144.772	4,9	734
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4.525	75.553	6,0	627
Outros servizos	10.460	159.368	6,6	702

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España). Se o resultado é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada"

Fonte: INE

■ 3.1.9.

Empresas en Galicia e España 2013 (1): distribución segundo número de asalariados

	Total empresas	sen asalariados	Empresas estratos de asalariados							
			de 1 a 2	de 3 a 5	de 6 a 9	de 10 a 19	de 20 a 49	de 50 a 99	de 100 a 199	de 200 a 499
Galicia	192.998	98.762	61.301	18.080	7.431	4.132	2.197	602	278	148
A Coruña	80.215	42.514	24.527	7.016	3.034	1.673	939	257	138	77
Lugo	24.022	11.969	7.813	2.512	947	479	223	48	19	7
Ourense	22.694	11.786	7.372	2.017	779	430	211	61	22	10
Pontevedra	66.067	32.493	21.589	6.535	2.671	1.550	824	236	99	54
España	3.146.570	1.681.588	922.646	280.643	125.029	74.204	39.506	11.745	6.130	3.450

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE

■ 3.1.10.

Actividade

2008	13 / 12		Índice de especialización
			(2)
	España	Galicia	
-275.669	-1.513	-53.047	1,00
-3.462.105	-420	-8.407	1,03
-3.422.646	-21	-110	2,08
-47.043	-402	-8.424	1,07
6.406	-7	58	0,52
1.178	10	69	0,63
-196.503	-1.618	-36.809	1,15
78.327	525	-7.831	0,97
-55.696	-318	-8.278	1,07
-33.203	-312	-6.220	0,97
-6.706	-201	-3.301	1,18
6.355	37	711	0,59
5.242	88	1.866	1,09
129.002	211	616	0,58
-31.466	408	2.570	0,88
26.354	266	2.413	0,80
10.538	-48	-1.378	1,02
20.330	145	3.699	0,80
5.002	99	705	0,98
2.575	150	-1.234	1,07

caso, España);

a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

Tendo en conta a metodoloxía sinalada, no ano 2013 existían en Galicia 192.998 empresas, o 6,1% do total estatal, e unhas 1.513 menos que no ano anterior. O 77,6% das empresas existentes pertencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de “Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, con 50.105 empresas, seguidas das actividades de “Hostalería” e “Actividades profesionais, científicas e técnicas”, con ao redor de 20.000 empresas en ambos casos. O sector da construción acolle a 30.090 empresas e a industria e enerxía, a 13.039.


A distribución das empresas polo seu número de asalariados (**cadro 3.1.10.**) reflicte o reducido tamaño das mesmas, de xeito que o 51,2% das empresas rexistradas polo Directorio de empresas e unidades locais non teñen asalariados e o 45% teñen menos de 10. Só un 3,8% das empresas galegas teñen 10 ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,3% no conxunto do Estado.

Para caracterizar a estrutura produtiva de Galicia en relación á media estatal podemos tomar como referencia o índice de especialización (IER), que mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Neste senso, analizando as áreas con maior representatividade en base ao peso do seu Valor Engadido Bruto, en termos relativos (**gráfico 3.1.12.**), constátase a relevancia do sector primario (agricultura, gandería, silvicultura e pesca), seguido da construción cun IER de 1,16 no período 2007-2013.

Tomando como referencia o número de empresas, as ramas de actividade cun índice de espe-


0 a 999	de 1000 a 4999	de 5000 ou máis
28	34	5
16	21	3
4	1	-
1	5	-
7	7	2
885	643	101

Estrutura produtiva de Galicia e España 2013: porcentaxe de cada sector sobre o total do VEB



Fonte: INE e IGE

■ 3.1.11.

Índices de especialización produtiva relativa Galicia / España 2000-06 e 2007-13 ⁽¹⁾

(1) o índice está baseado en datos do VEB segundo actividades da CNAE-2009 (IER España=1)
 Fonte: INE e IGE

■ 3.1.12.

Empresas en Galicia e España 2013 ⁽¹⁾: principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

	Galicia	España	Galicia / España (%)	Índice especialización Galicia
Total	192.998	3.146.570	6,1	1,00
1 Fabricación doutro material de transporte	136	808	16,8	2,74
2 Outras industrias extractivas	313	2.327	13,5	2,19
3 Extracción de minerais metálicos	7	67	10,4	1,70
4 Fabricación de bebidas	507	4.978	10,2	1,66
5 Confección de prendas de vestir	902	8.952	10,1	1,64
6 Coquerías e refino de petróleo	2	20	10,0	1,63
7 Industria da madeira e do corcho, excepto mobles; cestería e espartería	1.157	11.806	9,8	1,60
8 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	870	9.795	8,9	1,45
9 Actividades postais e de correos	601	6.774	8,9	1,45
10 Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	26	300	8,7	1,41
11 Actividades veterinarias	737	8.740	8,4	1,37
12 Actividades de apoio ás industrias extractivas	4	50	8,0	1,30
13 Industria da alimentación	1.855	23.784	7,8	1,27
14 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	38	507	7,5	1,22
15 Servizos de comidas e bebidas	18.989	258.850	7,3	1,20
16 Construción de edificios	16.918	237.582	7,1	1,16
17 Actividades de construción especializada	12.240	172.245	7,1	1,16
18 Industria textil	433	6.143	7,0	1,15
19 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	4.867	69.096	7,0	1,15
20 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4.609	66.382	6,9	1,13
21 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.790	26.038	6,9	1,12
22 Outros servizos persoais	6.789	99.635	6,8	1,11
23 Actividades de xogos de azar e apostas	948	14.320	6,6	1,08
24 Fabricación de mobles	934	14.167	6,6	1,07
25 Reparación e instalación de maquinaria e equipo	694	10.612	6,5	1,07
Total grupos CNAE2009	192.998	3.146.570	6,1	1,00

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE

■ 3.1.13.

cialización relativa maior son, **cadro 3.1.13.**, cun índice de especialización superior a 2, as de "Fabricación doutro material de transporte", e "Outras industrias extractivas".

Finalmente, destacar que, segundo datos do *Global Entrepreneurship Monitor* 2013, a taxa de actividade emprendedora en España para o ano 2013 volve a reducirse con respecto ao ano anterior e se sitúa no 5,2%, sendo Galicia unha das CC.AA. que se atopa por debaixo da dita porcentaxe, xunto con Navarra e Cantabria.

EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

A Lei 5/2011, de 29 de marzo, define a economía social como o conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade

cos principios recollidos na lei, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Forman parte da economía social, entre outras, as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que levan a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na lei.

En Galicia ao longo do ano 2013 continúa o lixeiro aumento do número de cooperativas activas ou en funcionamento, así como dos seus socios iniciais. A 31 de decembro de 2013, o número de sociedades situouse nas 928 (9 máis que na

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	2012				2013				13/12	
	Sociedades		Traballadores (2)		Sociedades		Traballadores		Sociedades	Traballadores
	(% / total)		(% / total)		(% / total)		(% / total)		(%)	
Andalucía	4.033	18,8	53.639	18,7	3.900	18,2	52.692	18,4	-3,3	-1,8
Aragón	754	3,5	6.412	2,2	779	3,6	6.574	2,3	3,3	2,5
Asturias	233	1,1	2.721	0,9	229	1,1	2.508	0,9	-1,7	-7,8
Baleares	208	1,0	2.059	0,7	206	1,0	1.990	0,7	-1,0	-3,4
Canarias	276	1,3	4.913	1,7	263	1,2	4.718	1,6	-4,7	-4,0
Cantabria	76	0,4	1.220	0,4	75	0,4	1.138	0,4	-1,3	-6,7
Castela-A Mancha	1.294	6,0	11.085	3,9	1.313	6,1	11.408	4,0	1,5	2,9
Castela e León	1.266	5,9	9.527	3,3	1.250	5,8	8.898	3,1	-1,3	-6,6
Cataluña	4.773	22,2	37.752	13,2	4.808	22,5	39.149	13,7	0,7	3,7
C. Valenciana	2.582	12,0	48.149	16,8	2.541	11,9	47.172	16,4	-1,6	-2,0
Extremadura	634	2,9	5.561	1,9	612	2,9	5.517	1,9	-3,5	-0,8
Galicia	919	4,3	8.530	3,0	928	4,3	8.699	3,0	1,0	2,0
Madrid	1.044	4,9	14.207	5,0	1.075	5,0	14.928	5,2	3,0	5,1
Murcia	1.380	6,4	17.255	6,0	1.375	6,4	17.374	6,1	-0,4	0,7
Navarra	337	1,6	6.658	2,3	360	1,7	6.688	2,3	6,8	0,5
País Vasco	1.533	7,1	55.125	19,2	1.536	7,2	55.213	19,3	0,2	0,2
Rioxa	117	0,5	1.519	0,5	124	0,6	1.560	0,5	6,0	2,7
Ceuta e Melilla	40	0,2	580	0,2	38	0,2	545	0,2	-5,0	-6,0
Total	21.499	100	286.912	100	21.412	100	286.771	100	-0,4	0,0

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano

(2) o número de traballadores refírese ós centros de cotización

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.14.

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	2012				2013				13/12	
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores		Sociedades	Traballadores
	(% / total)		(% / total)		(% / total)		(% / total)		(%)	
Andalucía	2.838	23,1	13.698	20,3	2.616	23,1	12.905	20,3	-7,8	-5,8
Aragón	445	3,6	1.726	2,6	421	3,7	1.648	2,6	-5,4	-4,5
Asturias	453	3,7	2.974	4,4	418	3,7	2.839	4,5	-7,7	-4,5
Baleares	131	1,1	1.109	1,6	117	1,0	735	1,2	-10,7	-33,7
Canarias	372	3,0	1.780	2,6	346	3,1	1.693	2,7	-7,0	-4,9
Cantabria	114	0,9	969	1,4	113	1,0	959	1,5	-0,9	-1,0
Castela -A Mancha	1.087	8,8	4.729	7,0	1.000	8,8	4.531	7,1	-8,0	-4,2
Castela e León	593	4,8	2.393	3,5	550	4,9	2.322	3,7	-7,3	-3,0
Cataluña	1.086	8,8	6.142	9,1	974	8,6	5.976	9,4	-10,3	-2,7
C. Valenciana	986	8,0	5.049	7,5	889	7,9	4.896	7,7	-9,8	-3,0
Extremadura	303	2,5	1.398	2,1	281	2,5	1.337	2,1	-7,3	-4,4
Galicia	669	5,4	3.113	4,6	618	5,5	2.905	4,6	- 7,6	- 6,7
Madrid	1.367	11,1	7.809	11,6	1.252	11,1	7.376	11,6	-8,4	-5,5
Murcia	722	5,9	4.563	6,8	668	5,9	4.238	6,7	-7,5	-7,1
Navarra	370	3,0	2.481	3,7	341	3,0	2.363	3,7	-7,8	-4,8
País Vasco	709	5,8	7.233	10,7	674	6,0	6.476	10,2	-4,9	-10,5
Rioxa	39	0,3	185	0,3	36	0,3	200	0,3	-7,7	8,1
Ceuta e Melilla	10	0,1	94	0,1	8	0,1	73	0,1	-20,0	-22,3
Total	12.294	100	67.445	100	11.322	100	63.472	100	-7,9	-5,9

(1) datos ó 31 de decembro de cada ano

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.15.

Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2012-13: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2012		2013		2012		2013	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	60	263	45	222	1.006	3.895	892	3.444
Agrario	1	3	2	6	18	68	10	62
Non agrario	59	260	43	216	988	3.827	882	3.382
Industria	19	115	12	71	153	735	163	682
Construción	3	11	3	10	95	357	85	317
Servizos	37	134	28	135	740	2.735	634	2.383

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.16.

mesma data do ano anterior) e o de socios iniciais, en 8.699 (169 persoas máis que en 2012). A nivel estatal, existe unha importante concentración das sociedades cooperativas en Cataluña e Andalucía, que en conxunto agrupan o 40,7% das cooperativas españolas e o 32% dos traballadores. Por volume de traballadores, cabe salienta o caso do País Vasco, onde con só o 7,2% das cooperativas existentes no conxunto do Estado, acolle ao 19,2% do total de traballadores deste tipo de sociedades.

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,3% das sociedades cooperativas e o 3% dos traballadores neste tipo de empresas.

Ao longo do ano 2013 constituíronse en Galicia un total de 60 sociedades cooperativas, cun total de 417 socios iniciais, o que representou o 5,2% do total de cooperativas constituídas en España e o 5,6% dos socios. En relación ao ano anterior, incrementábase en nove o número de cooperativas constituídas e diminúe en 81 o número de cooperativistas das mesmas.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 43 sociedades, por diante das nove cooperativas agrarias que rexistran 112 socios iniciais.

Dentro das 43 cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no ano 2013, 32 pertencen ao sector servizos, 8 á industria e 3 ao sector da construción.

No ano 2013, seguindo a tendencia de anos anteriores, o número de sociedades laborais en España descendeu en 972 empresas, acadando a 31 de decembro deste ano as 11.322 sociedades (SA e SL). Galicia ten no ano 2013, 618 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (51 menos que no ano anterior), un 5,5% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.905 socios iniciais, o que representa o 4,6% dos socios no conxunto do Estado (63.472 socios iniciais) (**cadro 3.1.15.**).

No ano 2013 redúcese en 15 o número de sociedades laborais rexistradas e en 41 o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 45 sociedades laborais (60 en 2012), que agruparon a 222 socios. Do mesmo xeito que acontece en Galicia, no conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mesmas, así Galicia acolle o 5%, do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 6,4% dos socios iniciais destas sociedades.

Traballadores da economía social en Galicia e España 2013 ⁽¹⁾: principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
sexo						
varóns	58,9	57,0	59,2	60,6	59,2	54,3
mulleres	41,1	43,0	40,8	39,4	40,8	45,7
idade						
menores de 25 anos	3,4	3,4	5,3	2,7	3,0	5,0
de 25 a 39 anos	39,8	38,8	45,9	34,7	41,2	41,0
de 40 a 54 anos	41,5	40,6	38,8	45,5	41,0	41,3
de 55 anos ou máis	15,3	17,1	10,0	17,1	14,9	12,6
nacionalidade						
española	97,3	98,7	94,9	97,4	97,2	92,0
estranxeira	2,7	1,3	5,1	2,6	2,8	8,0
tipo de relación						
indefinida	81,1	78,4	86,4	83,2	79,5	76,5
temporal	18,9	21,6	13,6	16,8	20,5	23,5
tipo de xornada						
tempo completo	82,0	77,4	87,1	88,8	78,9	80,2
tempo parcial	18,0	22,6	12,9	11,2	21,1	19,8
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	14,9	18,9	10,8	9,0	16,1	34,0
de 6 meses a 1 ano	8,1	6,8	9,5	6,9	9,6	6,6
de 1 a 3 anos	20,7	21,8	22,1	13,2	23,3	18,7
de 3 a 5 anos	9,6	9,7	9,5	11,9	8,1	8,5
máis de 5 anos	46,8	42,9	48,1	58,9	42,9	32,1
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	22,2	24,6	27,8	16,1	21,2	
6-10 traballadores	16,4	19,2	16,8	9,9	17,3	
11-25 traballadores	14,2	20,6	13,4	10,6	10,4	
26-50 traballadores	14,1	12,0	8,4	10,1	21,1	
51-100 traballadores	9,9	10,3	13,3	7,2	9,7	
101-250 traballadores	10,2	9,7	10,4	2,9	15,0	
máis de 250 traballadores	12,9	3,7	9,9	43,1	5,3	
sector de actividade						
agricultura	7,7	5,2	12,0	17,4	0,9	
industria	32,0	22,1	35,4	39,5	34,3	
construción	8,1	7,0	5,8	10,2	8,7	
servizos	52,2	65,7	46,9	32,9	56,1	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

■ 3.1.17.

O sector servizos acolle en torno ao 62% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (28 sociedades) e o 60,8% dos socios (135 socios iniciais). No ano 2013, rexístrase unha nova sociedade laboral agraria, sete sociedades menos no sector industrial, nove sociedades menos no sector servizos, e mantense estable o número de sociedades laborais no sector da construción.

No concerninte ás características dos traballado-

res da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.1.17.**, en Galicia, 59 de cada 100 persoas que traballan nestas sociedades son homes; o 41,5% dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 40 e 54 anos, e un 39,8%, entre 25 e 39 anos; e un 82% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que máis da metade dos traballadores da economía social en Galicia

(46,8%) –excluídos os autónomos– mantén unha relación superior a cinco anos (32,1% de media no conxunto do Estado) e que un 14,9% dos traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (34% de media estatal).

O tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 38,6% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 44,6% na provincia de Lugo), e no 23,1% das mesmas hai máis de cen traballadores (46% en Ourense).

Finalmente, por sectores de actividade, o sector servizos é no que existe maior emprego social, co 52,2% do total, seguido da industria, co 32%, da construción, co 8,1%, e da agricultura, co 7,7%. ■

3.2.

ESTRUTURA PRODUTIVA

Os datos das taxas de variación interanual, corrixidos de efectos estacionais, publicados polo IGE, mostran unha evolución negativa do PIB a prezos de mercado en Galicia, que se sitúa no $-1,1\%$, fronte ao $-0,9\%$ do ano anterior, e unha décima superior á media estatal ($-1,2\%$).

As taxas de variación interanual do VEB a prezos de mercado por ramas de actividade mostran resultados negativos, agás na rama industrial, cunha taxa do $1,9\%$ de variación interanual do seu VEB. A rama industrial, favorecida polo bo comportamento das exportacións de bens vinculadas ao sector, varía o seu valor engadido bruto a taxas interanuais positivas por segunda vez dende o ano 2008, mentres que a construción continúa o seu proceso de axuste, sendo a taxa de variación interanual $-4,1\%$, cando no ano anterior fora do $-4,6\%$. Destaca desfavorablemente o sector servizos, cunha variación negativa do seu VEB do $-1,4\%$, e as ramas agraria e pesqueira presentan tamén unha taxa de variación negativa do seu VEB do $-0,6\%$ ($-0,1\%$ no ano 2012).

O similar descenso porcentual na actividade económica a nivel galego e estatal estabiliza o peso relativo da economía galega, que se mantén constante en torno ao $5,4\%$ nos últimos anos. Como reflicte o **gráfico 1.5.6. [Participación da produción, a poboación e o emprego galego no total español 2003-13]**, o peso do PIB galego a prezos de mercado no total estatal sitúase no $5,3\%$ en 2008 e no $5,4\%$ en 2013.

Os graves efectos económicos da crise sobre a estrutura produtiva trasládanse ao mercado laboral. O volume de ocupación no ano 2013 redúcese nun $3,9\%$, en concreto as ramas agrarias e pesqueira perden o $6,5\%$ da súa ocupación, as ramas industriais o 7% , a construción o $12,7\%$ e os servizos o $1,9\%$.

SECTOR PRIMARIO E INDUSTRIAS RELACIONADAS

O sector primario en Galicia é un pilar fundamental sobre o que se asenta a estrutura produtiva e territorial, sector fundamental tanto dende o

PIB e emprego 2012-13: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2012	2013	2012	2013
	(taxas de variación interanuais)			
Total	-0,9	-1,1	-3,9	-3,9
Ramas agraria e pesqueira	-0,1	-0,6	-4,6	-6,5
Ramas industriais	-1,3	1,9	-6,5	-7,0
Construción	-4,6	-4,1	-13,1	-12,7
Servizos	-0,5	-1,4	-2,0	-1,9
Impostos netos sobre os produtos	0,7	-1,2		

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2008; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2014)

(2) emprego equivalente a tempo completo

Fonte: IGE

■ 3.2.1.

VEB e PIB das CC.AA. 2013 (1): distribución segundo ramas de actividade

PIB		VEB									
		Total VEB		Agricultura, gandería e pesca		Industria		Construción		Servizos	
		(% VEB España)		(% VEB España)		(% VEB España)		(% VEB España)		(% VEB España)	
Andalucía	138.300.676	126.158.329	13,5	6.269.066	26,0	16.086.900	9,9	10.713.228	14,6	93.089.135	13,8
Aragón	32.257.502	29.425.399	3,2	1.255.228	5,2	6.514.069	4,0	2.622.200	3,6	19.033.902	2,8
Asturias	21.421.021	19.540.325	2,1	349.620	1,5	3.990.290	2,4	1.804.976	2,5	13.395.439	2,0
Baleares	26.061.397	23.773.292	2,5	200.556	0,8	1.988.162	1,2	1.941.572	2,7	19.643.002	2,9
Canarias	40.299.350	36.761.199	3,9	411.482	1,7	3.181.029	2,0	2.599.802	3,6	30.568.886	4,5
Cantabria	12.384.551	11.297.228	1,2	225.221	0,9	2.470.932	1,5	1.031.285	1,4	7.569.790	1,1
Castela e León	53.478.825	48.783.559	5,2	3.128.974	13,0	10.268.583	6,3	4.068.632	5,6	31.317.370	4,7
Castela-A Mancha	35.989.475	32.829.717	3,5	2.433.067	10,1	7.542.369	4,6	3.278.968	4,5	19.575.313	2,9
Cataluña	192.544.852	176.000.000	18,9	2.261.375	9,4	36.846.682	22,6	11.667.636	15,9	125.224.307	18,6
C. Valenciana	97.332.824	88.787.320	9,5	1.780.757	7,4	16.789.091	10,3	7.817.119	10,7	62.400.353	9,3
Extremadura	16.199.826	14.777.534	1,6	876.089	3,6	2.010.570	1,2	1.639.087	2,2	10.251.788	1,5
Galicia	55.203.728	50.357.021	5,4	2.224.853	9,2	10.614.568	6,5	4.759.399	6,5	32.758.201	4,9
Madrid	183.291.720	167.199.307	17,9	187.597	0,8	17.868.149	11,0	11.000.690	15,0	138.142.871	20,5
Murcia	26.349.753	24.036.331	2,6	1.293.114	5,4	4.088.254	2,5	1.985.195	2,7	16.669.768	2,5
Navarra	17.556.768	16.015.341	1,7	431.964	1,8	5.015.456	3,1	1.134.868	1,6	9.433.053	1,4
País Vasco	62.780.008	57.268.129	6,1	405.791	1,7	15.484.123	9,5	4.412.127	6,0	36.968.088	5,5
A Ríoxa	7.765.185	7.083.427	0,8	370.943	1,5	2.065.284	1,3	546.219	0,7	4.100.981	0,6
Ceuta e Melilla	2.750.631	2.509.135	0,3	3.303	0,0	136.489	0,1	179.997	0,2	2.189.346	0,3
Total	1.021.968.092	932.602.593		24.109.000		162.961.000		73.203.000		672.329.593	

(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en miles de euros; datos de primeira estimación (consulta: 01-04-2013)


Fonte: INE

■ 3.2.2.

punto de vista do seu valor engadido como do emprego xerado polo sector. O 84,5% da superficie territorial galega e o 27,5% da poboación pertence ao medio rural.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas

actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) contraeuse un 0,6% en relación ao ano anterior. Dende a perspectiva trimestral, as taxas interanuais de crecemento experimentaron valores negativos, do -3,5% e -0,7% no primeiro e segundo trimestres respec-

Evolución do VEB e do emprego no sector primario 2000-2013 ⁽¹⁾

(1) VEB pm, base 2008, prezos reais, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2014)

Fonte: IGE

3.2.3.

tivamente, cambiando a valores positivos no terceiro e cuarto trimestre, acadándose variacións do 0,4% e 1,3%.

En termos absolutos, o Valor Engadido Bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) acadou en 2013, segundo os datos da Contabilidade rexional do INE, os 2.224,8 millóns de euros, case un 16% inferior ao contabilizado no ano 2012. O menor VEB xerado polo sector en Galicia, representa unha redución porcentualmente superior á experimentada a nivel estatal, co que o peso do VEB xerado en Galicia no total do Estado pasa do 10,1% no ano 2012 ao 9,2% no ano 2013, pasando Galicia do terceiro ao quinto posto entre as Comunidades con maior valor engadido polo sector, por detrás de Andalucía, Castela e León, Castela-A Mancha e Cataluña.

A achega do sector primario ao valor engadido total da economía galega mantense estable nos dous últimos anos en torno ao 4,4%, porcentaxe lixeiramente inferior á acadada nos anos 2011 e 2010 (en torno ao 4,6%), aínda que cun peso no

total da economía galega moi superior ao peso medio na economía estatal que no ano 2013 foi do 2,6% do total de VEB xerado.

A gran importancia do sector primario en Galicia, non só desde unha perspectiva económica senón tamén social, obsérvase claramente en termos de emprego. Así, a achega ao emprego total case duplica a media estatal: no ano 2013 supón un 7,4% en Galicia fronte a un 4,3% no Estado. Deste xeito os 74.350 ocupados galegos no sector supoñen o 10,1% do total de ocupados no sector primario en España.

No ano 2013 continúa o proceso de redución do emprego nas ramas de actividade agraria e pesqueira. Segundo os datos da EPA, o número de traballadores ocupados no conxunto das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e acuicultura descendeu en 5.200 persoas, un 6,5% respecto ao ano anterior. Neste senso é importante resaltar a pronunciada tendencia á perda de emprego no sector, así pásase de ocupacións en torno ás 460 mil persoas a principios dos anos 80, ou de 230 mil

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2013

	Galicia		España		Galicia / España
	(en ha.)	(% / total)	(en ha.)	(% / total)	(%)
Superficie Agraria Útil	816.871	27,6	25.445.649	50,4	3,2
Superficie cultivada	374.916	12,7	16.981.259	33,6	2,2
Cereais gran	38.927	1,3	6.491.273	12,84	0,6
Leguminosas gran	771	0,0	290.154	0,57	0,3
Tubérculos consumo humano	13.264	0,4	57.619	0,11	23,0
Industriais	-	-	1.068.619	2,11	0,0
Forraxeiras	229.582	7,8	986.451	1,95	23,3
Hortalizas e flores	2.727	0,1	219.743	0,43	1,2
Barbeitos	18.611	0,6	2.784.782	5,51	0,7
Frutais cítricos	194	0,0	303.028	0,60	0,1
Frutais non cítricos	18.736	0,6	1.015.704	2,01	1,8
Viñedos	26.092	0,9	965.094	1,91	2,7
Olivares	4	0,0	2.584.067	5,11	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	46.691	0,09	0,0
Viveiros	651	0,0	19.988	0,04	3,3
Invernadoiros baleiros	43	0,0	36.741	0,07	0,1
Hortos familiares	25.314	0,9	111.305	0,22	22,7
Prados e pasteiros	441.955	14,9	8.464.390	16,7	5,2
Superficie forestal	1.821.406	61,6	18.957.611	37,5	9,6
Chopo	1.009	0,0	136.436	0,3	0,7
Coníferas	322.605	10,9	5.511.628	10,9	5,9
Frondosas crecemento lento	322.179	10,9	3.619.897	7,2	8,9
Frondosas crecemento rápido	276.771	9,4	655.202	1,3	42,2
Coníferas e frondosas	274.127	9,3	1.940.845	3,8	14,1
Matorral	624.715	21,1	7.093.602	14,0	8,8
Outras superficies	319.564	10,8	6.133.247	12,1	5,2
Erial	69	0,0	941.167	1,9	0,0
Espartizal	-	-	221.939	0,4	-
Baldío	51.332	1,7	985.936	2,0	5,2
Improdutivo	35.678	1,2	1.005.859	2,0	3,5
Non agrícola	214.686	7,3	2.393.893	4,7	9,0
Augas interiores	17.799	0,6	584.454	1,2	3,0
Superficie total	2.957.842	100	50.536.508	100	5,9

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

■ 3.2.4.

a mediados dos 90, ás 74,4 mil persoas ocupadas segundo os datos da EPA no ano 2013.

No que atinxe á distribución xeral da terra, o **cadro 3.2.4.** reflicte a súa desigual distribución en Galicia e no conxunto do Estado. Dunha banda, a superficie agraria útil (SAU) representa en Galicia o 27,6% da súa superficie xeográfica, moi por baixo da media estatal, cun 50,4%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo

feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 12,7% en Galicia mentres que en España, esta ascende ata o 33,6%. Doutra banda, cómpre salientar que a superficie forestal representa en Galicia o 61,6% da superficie total galega, sendo esta porcentaxe do 37,3% no conxunto do Estado. O peso relativo da superficie correspondente a prados e pasteiros é similar en Galicia e España. No último ano incrementáanse as porcentaxes de SAU e superficie cultivada en

Prezo medio do leite en Galicia e España 2009-13 ⁽¹⁾

	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	28,74	29,02	30,05	31,80	34,90
España	30,02	30,26	32,23	30,10	35,30
Diferencial Galicia / España	-1,28	-1,24	-2,18	1,70	-0,40

(1) prezos percibidos polos produtores

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

■ 3.2.5.

Producción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	2012		2013		13/12	
	(en miles de tm.)	(%)	(en miles de tm.)	(%)	(%)	(en miles de tm.)
Andalucía	477,2	7,6	448,1	7,2	-6,1	-29,1
Aragón	119,6	1,9	123,6	2,0	3,3	4,0
Asturias	538,0	8,6	526,4	8,4	-2,2	-11,6
Baleares	58,7	0,9	56,8	0,9	-3,2	-1,9
Cantabria	425,9	6,8	424,9	6,8	-0,2	-1,1
Castela e León	817,2	13,1	813,9	13,0	-0,4	-3,3
Castela-A Mancha	220,8	3,5	228,7	3,7	3,6	7,9
Cataluña	639,4	10,2	649,0	10,4	1,5	9,6
C. Valenciana	53,4	0,9	56,9	0,9	6,5	3,5
Extremadura	29,7	0,5	26,8	0,4	-9,5	-2,8
Galicia	2.376,3	38,0	2.408,4	38,5	1,4	32,2
Madrid	56,6	0,9	53,6	0,9	-5,3	-3,0
Murcia	46,9	0,7	50,6	0,8	7,7	3,6
Navarra	211,4	3,4	213,4	3,4	0,9	2,0
País Vasco	167,6	2,7	162,7	2,6	-2,9	-4,9
A Ríoxa	15,6	0,2	16,5	0,3	5,8	0,9
Total	6.254,3	99,9	6.260,3	100,0	0,1	6,0

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

■ 3.2.6.

Galicia, máis dado o maior incremento a nivel estatal, o peso das citadas variables no conxunto do Estado diminúe.

● **Subsector agrogandeiro**

Un dos problemas históricos do sector primario galego é o minifundismo, que condiciona de xeito fundamental a viabilidade e rendibilidade das explotacións. No ano 2009, último dato do Censo Agrario, existían en Galicia, 81.174 explotacións, entendendo por explotación agrícola a unidade técnico-económica da que se obteñen produtos agrarios baixo a responsabilidade dun titular. Das

ditas 81.174 explotacións, o 97,3% son explotacións con terras, fronte ás 358.886 explotacións con terras existentes no ano 1989, o que supón unha profunda reestruturación do sector, que reduce o seu tamaño, en canto ao número de explotacións, en 4,5 veces.

En canto á dimensión das explotacións, só o 15,6% do total de explotacións con terras no ano 2011 tiñan máis de 20 hectáreas e o 48% do total tiñan menos de cinco hectáreas.

Analizando o réxime de tenza da terra, en Galicia, no ano 2009, o 70,6% da superficie agraria

útil é utilizada polo seu propietario, fronte ao 83,5% do total no ano 1999. Neste senso, no período 1999-2009 a superficie agraria útil explotada en réxime de arrendamento pasa do 8,5% no ano 1999 ao 16,8% no ano 2009, incremento importante, que nos aproxima á media estatal, aínda moi superior (31,7% do total).

Os procesos de axuste do sector agrogandeiro, xunto coa evolución demográfica galega na última década, traen como consecuencia o descenso no número de explotacións e o incremento da superficie agraria media por explotación, aínda que, en comparación coa media estatal, o grao de parcelación da superficie agraria en Galicia continúa sendo moi elevado, constituíndo un grave problema para acadar a viabilidade económica das explotacións.

A análise, en base a datos 2009, da dimensión económica das explotacións agrarias galegas reflicte que as UDE (Unidade de Dimensión Económica, equivalente a 1.200 euros de marxe bruto) en Galicia sitúase en 9,1, fronte ás 15,6 de media no Estado, sendo 16 UDE as que se consideran como mínimo de rendibilidade.

O sector agrario galego caracterízase por unha grande especialización gandeira. Así, os usos da superficie agraria útil mostran unha orientación cara á alimentación animal, destacando a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina o 61,2% da superficie cultivada, e a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 54,1% da superficie agraria útil (**táboa 3.2.4.**).

O subsector gandeiro, en concreto o bovino, ten unha gran importancia dentro da produción agraria, tanto no ámbito da produción de carne como de leite.

O prezo medio por litro de leite de Galicia no ano

2013 (**cadro 3.2.5.**) foi de 34,9 céntimos de euro, superior ao do ano anterior e lixeiramente inferior ao prezo medio estatal, pero moi inferior ao prezo acadado nos anos 2007 ou 2008, os máis elevados da serie.

A produción de leite de vaca incrementouse en Galicia no ano 2013 un 1,4% en relación ao ano anterior, o que supón 32,2 mil toneladas máis. A produción de leite acadou os 2,4 millóns de toneladas, o 38,5% da produción total de leite do Estado español.

A cota leiteira dispoñible na Comunidade Autónoma de Galicia na campaña 2012/13, **cadro 3.2.7.**, foi de 2.360 miles de toneladas, o que representa o 37,4% da cota leiteira total de España, estando en Galicia o 55,8% das explotacións con dereito a cota. A pesar do incremento no volume total de toneladas por explotación con cota, que na campaña 2012/13 ascendeu a 202 miles de toneladas (302 miles de toneladas de media no conxunto do Estado), Galicia segue a ser a C.A. con menor rateo cota/explotación, seguida de Asturias, con 227 toneladas de cota por explotación.

A aposta pola calidade e a especialización é un das principais fortalezas nas que sustentar a recuperación e fortalecemento do sector agrogandeiro en Galicia. Neste senso, existen produtos acollidos ás distintas denominacións de calidade nos ámbitos do viño, augardente e licores, carnes, queixos, ou agricultura ecolóxica, entre outros.

A **agricultura ecolóxica** é un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. Emprégase nela prácticas agrícolas que fomentan o equilibrio do ecosistema, evitando ou excluindo a case totalidade de produtos químicos de síntese,

Cotas leiteiras nas CC.AA. na campaña 2012-13: principais datos

	Cota leiteira		Transferencias		Cesións aprobadas	
	(nº)	(en tm.)	(nº)	(en tm.)	(nº)	(en tm.)
Andalucía	702	447.553,0	15	8.470	321	51.747
Aragón	82	111.820,4	4	2.400	28	4.043
Asturias	2.603	591.100,8	48	9.442	1.093	76.069
Baleares	206	78.956,9	2	582	86	10.945
Cantabria	1.715	445.357,3	59	10.618	635	54.251
Castela-A Mancha	267	208.979,8	3	1.096	76	11.639
Castela e León	1.916	795.791,1	37	9.247	738	90.051
Cataluña	737	657.558,6	20	10.882	279	46.380
C. Valenciana	29	51.369,1	-	-	7	1.448
Extremadura	114	30.984,0	1	322	48	4.065
Galicia	11.662	2.359.749,6	404	69.502	3.781	200.202
Madrid	66	57.909,1	3	893	45	13.226
Murcia	25	48.459,9	-	-	2	399
Navarra	242	214.302,9	5	1.591	58	7.663
País Vasco	513	200.920,9	16	6.607	272	38.057
A Ríoxa	14	14.922,0	-	-	4	493
Total	20.893	6.315.735,2	617	131.653	7.473	610.679
Galicia / España (%)	55,8	37,4	65,5	52,8	50,6	32,8

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

■ 3.2.7.

como fertilizantes, produtos fitosanitarios, etc., recorrendo a outras técnicas como a rotación e asociación de cultivos, o emprego de abonos verdes, o control biolóxico de pragas e o aumento da biodiversidade mediante o establecemento de sebes e o mantemento doutra vexetación dentro das parcelas.

A superficie inscrita en Galicia para a súa utilización na agricultura ecolóxica no ano 2013 foi de 15.671 hectáreas, un 2,8% máis que no ano anterior. Os resultados provinciais son dispares, pois medra a superficie utilizada nas provincias de A Coruña e Lugo pero descende en Ourense e Pontevedra.

En relación á superficie inscrita por tipo de cultivo, destaca con diferenza a dedicada a plantas colleitadas en verde, cultivadas principalmente para alimentación animal, con 9.705,36 hectáreas, pero existen outros sectores en claro crecemento, así salientan tamén as 2.675,90 hectáreas que se dedican en 2013 a terreo forestal con

carga gandeira, as 1.632 hectáreas que se dedican a froitos secos (maiormente castaña ecolóxica), ou as 245 hectáreas onde medran peras e mazás.

As cifras de inscritos e da superficie certificada polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) amosan un crecemento de 2012 a 2013 do 8,07%. Concretamente, os agricultores e gandeiros medraron un 6,52% e, no caso de elaboradores, importadores e comercializadores, medraron un 14,66%. No ano 2013 existen 523 produtores e 133 elaboradores inscritos.

No ano 2013 medra nun 11,26 % o volume de vendas certificadas en ecolóxica. Destacan as subas dun 249,39% de tubérculos, 222,50% de frutais, 157,01% de acuicultura e recolleita de algas, 84,22% de bosque e recolleita silvestre e do 55,47% de produtos apícolas. Sumando todas as produción ecolóxicas certificadas polo Consello, a suba neste último ano foi do 11,26%, un

volume de negocio de 25.916.446,78 €, o que indica 2.623.640,70 máis que no ano 2012.

● Subsector mar-industria

Os datos proporcionados polo Rexistro de Buques de Galicia, destacan que a 31 de decembro de 2013, a cifra total de unidades inscritas era de 5.855, 4.583 buques da 3ª lista e 1.272 buques da 4ª lista.

Con respecto á frota da 3ª lista, buques de pesca extractiva e marisqueo, as cifras xerais do ano 2013 amosan a continuidade da tendencia de moderado descenso no número de unidades que se viña rexistrando desde o ano 2009 respecto do descenso máis acusado rexistrado con anterioridade. Aínda que, no 2013, a variación inter-anual é inferior a anos anteriores, cunha cifra do -1,04%, fronte ao -2,18% ou -1,33% do 2012 e 2011, respectivamente. A baixada afecta principalmente a embarcacións de pequeno porte correspondentes ao censo de artes menores do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, fundamentalmente da provincia de Pontevedra. No 2013 este descenso foi máis acusado nas zonas I-Vigo e II-Pontevedra e apenas perceptible na zona III-Arousa.

Dos 4.583 buques pesqueiros e marisqueiros, destaca en número de unidades o segmento de frota de artes menores, que, cunha cifra de 4.017 embarcacións, o sitúa como un sector estratéxico para as poboacións costeiras galegas, continúa o marisqueo desde embarcación como arte con máis presenza e atópase no 63% das embarcacións.

Con respecto á frota da 4ª lista, buques auxiliares de pesca e de acuicultura, o rexistro devolve unha cifra de 1.272 embarcacións, cun aumento neto de 5 unidades. Respecto á estrutura desta frota, pódese afirmar que aproximadamente o

82% (1.048 embarcacións) axudan na realización de labores de acuicultura ás bateas existentes en Galicia, un 6% (72 embarcacións) son empregadas polos parques de cultivo como auxiliares da súa actividade e o restante 12% utilízanse como auxiliares de pesca, esencialmente para o exercicio do marisqueo nos portos de Ferrol e Barallobre.

Xeograficamente, esta frota distribúese na provincia de Pontevedra (57,70%) e A Coruña (42,30%). Por zonas administrativas, destaca a zona III-ría de Arousa, que con 888 buques constitúe case o 70% do conxunto. Deste xeito, obsérvase como catro portos desta ría, O Grove, A Illa de Arousa, Rianxo e Cabo de Cruz-Boiro, concentran case a metade (46,14%) do conxunto da frota auxiliar de Galicia.

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas no ano 2013 descende un ano máis, así a súa produción total é de 163 mil toneladas, un 6,6% menos que no ano 2012, acadando un valor de 413 millóns de euros, un 6,2% menos que no exercicio precedente.

Tanto en volume de produción como no valor da mesma, os peixes segue sendo o grupo de especies máis importante ao representar o 85,6% da produción e o 75,7% do valor total en primeira venda. Comparado co ano anterior, a súa produción diminúe un 7,4% e o seu valor, un 4,9% (**cadro 3.2.8.**).

Un ano máis, a lonxa do porto de Vigo, con máis de 100 millóns de euros, é a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, mentres que en termos de volume de produción A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con case 40 mil toneladas no ano 2013, seguida da lonxa de Vigo, con 33 mil toneladas.

Actividade pesqueira e marisqueira 2012-13: distribución segundo grandes grupos de especies

	Producción			Valor		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Total	175.003.985	163.426.288	-6,6	440.533.559	413.187.013	-6,2
Algas	198.834	160.553	-19,3	120.269	97.537	-18,9
Bivalvos	7.413.702	6.980.915	-5,8	52.242.662	51.072.934	-2,2
Cefalópodos	14.025.670	14.519.159	3,5	37.477.659	30.386.480	-18,9
Crustáceos	1.256.293	939.478	-25,2	18.756.393	16.160.614	-13,8
Equinodermos	702.128	596.989	-15,0	2.056.875	1.823.495	-11,3
Gasterópodos	5.565	4.582	-17,7	10.743	14.899	38,7
Peixes	151.184.037	139.938.493	-7,4	329.191.786	313.001.957	-4,9
Poliquetos	4.436	-	-100,0	207.628	-	-100,0
Resto das descargas	213.321	286.118	34,1	469.544	629.098	34,0
A Coruña	87.695.917	85.967.926	-2,0	176.343.740	162.616.125	-7,8
Algas	956	11.255	1.077,4	956	14.105	1.375,5
Bivalvos	3.463.769	3.328.913	-3,9	23.697.711	21.704.680	-8,4
Cefalópodos	8.514.542	9.503.982	11,6	20.626.872	18.189.382	-11,8
Crustáceos	755.399	595.891	-21,1	11.135.455	9.952.504	-10,6
Equinodermos	372.390	329.930	-11,4	989.281	933.946	-5,6
Gasterópodos	29	82	181,4	58	408	603,4
Peixes	74.480.782	72.064.104	-3,2	119.545.141	111.597.655	-6,6
Poliquetos	2.992	-	-100,0	163.668	-	-100,0
Resto das descargas	105.058	133.769	27,3	184.597	223.444	21,0
Lugo	43.472.899	33.730.518	-22,4	112.902.791	102.131.550	-9,5
Algas	-	-	-	-	-	-
Bivalvos	19.364	9.773	-49,5	51.360	21.419	-58,3
Cefalópodos	2.251.986	1.173.420	-47,9	4.946.131	2.559.482	-48,3
Crustáceos	32.057	35.469	10,6	564.473	607.289	7,6
Equinodermos	11.346	13.021	14,8	33.445	39.266	17,4
Gasterópodos	3.369	1.685	-50,0	4.668	2.736	-41,4
Peixes	41.065.994	32.379.627	-21,2	107.054.024	98.548.347	-7,9
Poliquetos	-	-	-	-	-	-
Resto das descargas	88.783	117.523	32,4	248.690	353.012	41,9
Pontevedra	43.835.170	43.727.844	-0,2	151.287.028	148.439.338	-1,9
Algas	197.878	149.298	-96,2	119.313	83.431	-30,1
Bivalvos	3.930.568	3.642.229	11,8	28.493.591	29.346.835	3,0
Cefalópodos	3.259.142	3.841.757	719,4	11.904.657	9.637.615	-19,0
Crustáceos	468.837	308.119	-3,2	7.056.465	5.600.822	-20,6
Equinodermos	318.392	254.038	-20,2	1.034.148	850.282	-17,8
Gasterópodos	2.167	2.815	29,9	6.017	11.755	95,4
Peixes	35.637.261	35.494.762	-0,4	102.592.620	102.855.955	0,3
Poliquetos	1.445	-	-100,0	43.960	-	-100,0
Resto das descargas	19.480	34.825	78,8	36.258	52.643	45,2

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

■ 3.2.8.

Actividade pesqueira e marisqueira 2012-13: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
	(en kg.)		(%)	(en euros)		(%)
Vigo	33.217.781	33.042.891	-0,5	102.281.420	100.751.446	-1,5
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	40.701.245	39.935.035	-1,9	83.370.498	82.977.197	-0,5
Burela	23.160.263	19.381.224	-16,3	64.581.334	58.719.581	-9,1
Celeiro	20.266.116	14.329.152	-29,3	47.906.553	43.285.988	-9,6
Ribeira	26.977.210	27.705.520	2,7	38.851.857	33.288.154	-14,3
Noia	1.293.438	1.651.855	27,7	8.380.246	8.609.253	2,7
Portosín	6.723.910	6.930.991	3,1	7.567.096	6.497.129	-14,1
Carril	860.269	899.086	4,5	5.221.385	6.317.338	21,0
O Grove	691.680	700.491	1,3	6.042.133	5.998.986	-0,7
Cambados	1.373.272	1.554.726	13,2	5.923.830	5.587.422	-5,7
A Illa de Arousa	521.201	487.794	-6,4	4.833.332	4.686.065	-3,0
Cedeira	888.501	802.517	-9,7	5.265.050	4.596.732	-12,7
Campelo	731.520	593.651	-18,8	5.170.801	4.449.907	-13,9
Muros	2.811.988	2.383.006	-15,3	4.897.664	4.320.174	-11,8
Marín	1.311.428	1.600.142	22,0	3.648.504	3.511.706	-3,7
Camariñas	2.462.587	1.876.637	-23,8	4.338.409	2.988.955	-31,1
Rianxo	541.745	417.734	-22,9	3.537.095	2.897.454	-18,1
Malpica	1.242.641	1.079.660	-13,1	3.319.981	2.624.237	-21,0
Cangas	504.202	422.716	-16,2	2.704.227	2.449.521	-9,4
Bueu	542.595	782.628	44,2	2.612.335	2.436.322	-6,7

Fonte: Consellería do Medio Rural e do Mar

■ 3.2.9.
Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2012

	Asalariados		Non asalariados		Total	
	(UTA)	persoas	(UTA)	persoas	(UTA)	persoas
	(1)					
Andalucía	560	839	31	39	591	878
Aragón	39	47	-	-	39	47
Asturias	41	54	2	4	43	58
Baleares	70	92	1	5	71	97
Canarias	158	199	-	-	158	199
Cantabria	53	64	16	30	69	94
Castela-A Mancha	47	54	-	-	47	54
Castela e León	160	167	-	-	160	167
Cataluña	193	988	23	94	216	1.082
C. Valenciana	322	472	6	11	328	483
Extremadura	35	137	2	17	37	154
Galicia	1.460	4.820	2.312	11.464	3.772	16.284
Madrid	-	-	-	-	-	-
Murcia	142	202	9	13	151	215
Navarra	20	31	1	1	21	32
País Vasco	12	18	-	-	12	18
A Ríoxa	28	29	-	-	28	29
Total	3.340	8.213	2.403	11.678	5.743	19.891

(1) UTA: unidades de traballo anual

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

■ 3.2.10.

Axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2013

		Galicia	España	Galicia/España
				(%)
Pago de fondos UE				
FEAGA (1)		175,3	5.811,6	3,02
Axudas acopladas á gandería bovina	exercicio 2013 (16/10/12 ao 15/10/13)	21,1	257,3	8,20
FEADER (2)+ importe nacional		146,0	1.979,8	7,37
Dereitos de pago único				
Beneficiarios		39.200	918.757	4,27
Dereitos		457.751	17.178.463	2,66
Importe total dos dereitos	2012	127,4	4.985,8	2,56
Valor medio segundo dereito		278,3	285,0	
Valor medio segundo beneficiario		3.250,0	5.329,0	

(1) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(2) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

■ 3.2.11.

As diferenzas de valor das especies vendidas nas lonxas de Vigo e A Coruña (Lonja Coruña, S.A.) explican o maior valor xerado na lonxa de Vigo malia o maior volume negociado na lonxa de A Coruña.

En Galicia no ano 2012 a **acuicultura** acolle a 16.284 empregos (3.772 unidades de traballo anual), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o 81,9% do total do emprego do sector a nivel estatal e o 65,7% do total de UTAs. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Cataluña, con 1.082 persoas empregadas.

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2013 ascenden a 175,6 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do FEAGA (Fondo Europeo Agrícola de Garantía) e a 146 millóns de euros no caso do fondo FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural). Os pagos en Galicia representan o 3% do total estatal para o FEAGA e o 7,4% no caso do FEADER.

Os beneficiarios dos dereitos de pago único ascenden no ano 2013 a 39.200, o 4,3% do total

estatal, e o valor medio dos dereitos de pago único por beneficiario en Galicia é de 3.250 euros, fronte aos 5.329 euros de media no Estado.

O gasto público total do Fondo Europeo de Pesca no período de programación 2007-2013 ascendeu en Galicia a 73,3 millóns de euros, o que supón o 37,4% do total estatal.

– Comercio exterior

O valor total das exportacións agrarias e pesqueiras en Galicia acadou no ano 2013 os 2.330 millóns de euros, o 6,4% do total das exportacións agrarias e pesqueiras a nivel estatal. Porcentualmente, as exportacións máis importantes son as de "03: Pescados, crustáceos e moluscos" (42,13% do total sectorial), seguidas dos capítulos TARIC "16: Conservas de carne ou peixe" (23,12%) e "02: Carnes e despojos comestibles" (7,16%). Con respecto ás exportacións españolas segundo capítulo TARIC, a primeira é tamén o capítulo 03 (45,18% do total estatal) e o capítulo 16 (47,47% do total).

Porcentualmente, as importacións máis importantes son tamén as do capítulo 03 (54,26% do

total das importacións agrarias e pesqueiras en Galicia), seguidas das dos capítulos 16 (17,69%) e 10: "Cereais" (7,87%). Con respecto ás importacións españolas segundo capítulos, os máis relevantes son as dos capítulos 03 (33% do total estatal) e 16 (42,6%).

• Subsector silvicultura-madeira

A superficie forestal galega mantense moi estable nos últimos doce anos, sendo Lugo e Ourense as provincias cunha maior superficie forestal, sendo tamén estas dúas provincias as que teñen unha maior superficie forestal improdutivo.

Ao longo do ano 2013, o número total de propietarios que cortaron madeira ascendeu a cerca de 70.000, o que supón un incremento do 29% en comparación co ano anterior. O 9% das familias galegas obtiveron no ano 2013 unha renda pola venda de madeira, o que, de xeito estimado, supón en torno a 280 millóns de euros por este concepto.

O volume total de cortas realizadas no monte galego ascendeu no 2013 a 7,8 millóns de metros cúbicos, unha cifra similar á do ano anterior.

Segundo datos proporcionados polo Cluster forestal, a facturación conxunta da industria da madeira e do moble en Galicia no ano 2013 acadou os 1.668 millóns de euros. Así, despois de tres anos de caída na facturación, en 2013 a industria forestal galega parece iniciar unha leve recuperación, cun crecemento do 2,6%. Este crecemento susténtase nunha tímida recuperación da demanda nacional e na consolidación dos mercados internacionais.

O sector en Galicia está composto por 3.000 empresas, o 37% de primeira transformación e o 63% da segunda transformación da madeira, que dan conxuntamente emprego directo a

20.000 traballadores, ascendendo o emprego indirecto a 50.000 persoas. En torno ao 6,6% da poboación activa galega traballa no sector.

No ano 2013 a facturación conxunta da industria da primeira transformación da madeira en Galicia (rematantes, serradoiros, taboleiro e pasta) ascendeu a 1.299 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,7% respecto ao ano anterior.


A industria da carpintería e moble facturou 369 millóns de euros no ano 2013, o que representa un 7% menos que no ano 2012. O negocio da industria de segunda transformación de Galicia aporta o 7,5% do total da industria española do moble e carpintería.

No ano 2013, as exportacións do sector da madeira ascenderon a 770 millóns de euros, un 11,8% máis que no ano anterior, sendo os produtos con maior valor das súas exportacións, a pasta de papel, os taboleiros de fibras e os mobles. É tamén salientable o incremento ao longo do ano 2013 das exportacións de madeira en bruto, que pasaron dos 92,5 millóns no ano 2012 a 139 millóns de euros no 2013.

SECTOR INDUSTRIAL

Segundo os datos da Contabilidade trimestral de Galicia, o sector industrial, incluída a enerxía, foi o único sector de actividade que ao longo do ano 2013 recuperou a senda de crecemento positivo, acadando unha taxa de variación interanual do VEB do 1,9%, fronte ás taxas de variación negativas do -1,3% do exercicio anterior. Cómpre salientar que o VEB da industria [*cadro 1.2.1. PIB 2012-13: distribución segundo as súas compoñentes*] presenta taxas de variación positivas nos catro trimestres do ano, acadando no primeiro trimestre unha variación positiva do 3,5%, do 2% no segundo trimestre e do 0,8% e 1,1% no terceiro e cuarto trimestres respectivamente.

Evolución do VEB e do emprego na industria 2000-2013 (1)



(1) VEB pm, base 2008, prezos reais, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2014)
Fonte: IGE

■ 3.2.12.

En termos monetarios, a Contabilidade rexional de España (fonte INE) reflicte que a produción do sector industrial galego, medida a través do seu valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes), incrementa no ano 2013 en catro décimas a súa importancia relativa no total estatal, acadando o 6,5%.

O VEB industrial galego situouse nos 10.615 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a sexta comunidade con maior peso, por detrás de Cataluña (22,6%), Madrid (11%), a Comunidade Valenciana (10,3%), Andalucía (9,9%) e o País Vasco (9,5%).

A importancia relativa da actividade industrial no VEB total a prezos de mercado da economía galega é do 21,1% en 2013, 3,6 puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado.

O índice de produción industrial é un indicador de carácter coxuntural que mide a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. Este índice creceu un 4,4% en

decembro de 2013 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que a nivel nacional rexistrou un crecemento do 3,5%.

No **gráfico 3.2.13**, obsérvase como no ano 2013, de xeito paralelo que a nivel estatal, modérase a caída do índice e, en Galicia, este índice presenta mes a mes valores positivos. A evolución do índice de produción industrial ten que analizarse tendo en conta que esta é unha medición teórica da evolución no curto prazo do volume de output producido polas empresas, en termos de valor engadido, definido como a rateo entre o volume de output producido polas empresas nun período menos os consumos necesarios e o volume de output producido polas mesmas industrias no período base menos os consumos necesarios.

No acumulado do ano 2013, Galicia rexistrou un crecemento do 3,4%, 5,2 puntos por enriba da taxa nacional. Distinguindo o índice segundo destino económico dos bens, en decembro de 2013 en Galicia todos os subsectores rexistraron crecemento. Os bens de consumo achegan 2,1

Índice de producción industrial de Galicia e España 2013


	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
		13/12 (1)	no que vai de ano (2) (%)		13/12 (1)	no que vai de ano (2) (%)
Xeral	82,6	4,4	3,4	83,0	3,5	-1,8
Bens de consumo	87,3	8,8	7,3	84,2	4,8	-2,2
Bens de equipamento	62,1	4,8	0,9	83,0	4,8	1,1
Bens intermedios	71,5	0,5	-4,2	72,6	3,1	-2,7
Energía	130,0	4,1	12,3	99,0	1,1	-2,7

(1) variación interanual no mes de decembro

(2) variación no conxunto do 2013 en relación ao mesmo período do ano anterior

Fonte: IGE

Índice de producción industrial en Galicia e España 2008-13

(1) variación en relación ao mesmo período do ano anterior
Fonte: INE

■ 3.2.13.

puntos positivos, os produtos enerxéticos e os bens de equipo achegan 1,1 puntos en ambos casos e os bens intermedios aportan 0,1 puntos positivos ao crecemento do índice xeral, tal como se sinala no Informe sobre o IPI de decembro de 2013 elaborado polo IGE.

Por ramas de actividade, as maiores achegas positivas corresponden a "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado", que achega 2 puntos á taxa interanual acumulada do índice xeral, a "Fabricación de vehículos de motor" con 1,5 puntos de achega, a "Confección de roupa de vestir" con 1,4 puntos e

a "Industria da alimentación" que achega un punto á taxa acumulada.

A repercusión máis negativa recae nas ramas de "Coquerías e refinación de petróleo", que minora en 0,9 puntos a variación interanual acumulada do índice xeral; a "Fabricación de bebidas", que resta 0,5 puntos, "Industria química" e "Fabricación de produtos farmacéuticos", ámbalas dúas con -0,4 puntos.

Por Comunidades Autónomas, Galicia rexistrou unha taxa de variación interanual superior en 1 punto á da media nacional, e no acumulado de

Índice de producción industrial 2013: distribución segundo ramas de actividade

	Variacións	
	13/12 (1)	no que vai de ano (2) (%)
Total	4,4	3,4
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	8,5	13,3
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	19,5	21,9
Confección de roupa de vestir	31,6	32,1
Industria da alimentación	7,6	-0,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	19,5	-12,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	59,5	3,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	13,6	0,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	2,7	-0,9
Industria téxtil	43,0	-7,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	4,0	-2,2
Captación, depuración e distribución de auga	2,2	4,4
Industria do coiro e do calzado	31,4	8,9
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-0,3	-2,9
Industria do papel	-0,8	1,9
Outras industrias extractivas	-5,3	-24,6
Outras industrias manufactureiras	-6,1	20,4
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-2,3	-12,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-1,5	-7,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-1,5	4,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-4,0	-1,9
Fabricación doutro material de transporte	-3,9	-23,0
Fabricación de mobles	14,4	-10,5
Fabricación de produtos farmacéuticos	48,0	-11,0
Industria química	25,3	-8,2
Fabricación de bebidas	10,7	-2,8
Coquerías e refinación de petróleo	46,6	9,2

(1) variación interanual no mes de decembro

(2) variación no conxunto do 2013 en relación ao mesmo período do ano anterior

Fonte: IGE

■ 3.2.14.

2013, Galicia é a Comunidade cun maior crecemento (3,4%).

En termos de emprego, o 31 de decembro de 2013, o sector industrial en Galicia tiña 5.980 afiliados á Seguridade Social menos que na mesma data do ano anterior. A perda de ocupación foi case xeneralizada en todas as ramas de actividade industrial, destacando negativamente nesta perda de afiliacións as ramas de fabricación doutros produtos minerais non metálicos (1.221 afiliacións menos), Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento (889 afiliacións menos), e a Industria da madeira e da cor-

tiza, salvo mobles; cestería e espartaría (727 afiliacións menos), entre outras.

A evolución da poboación, do emprego e do Índice de Producción Industrial complementábase co indicador de confianza empresarial, que amosa a percepción subxectiva dos propios empresarios sobre a evolución futura das súas actividades.

O Índice Galego de Confianza Empresarial permite coñecer a opinión dos responsables das empresas sobre a evolución no trimestre de referencia e no trimestre seguinte dun conxunto de variables que fan referencia á actividade empre-

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2013 ⁽¹⁾

Galicia			
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA
2013			
I	-44,3	-47,3	100,0
II	-51,0	-43,8	98,9
III	-38,4	-33,4	106,4
IV	-20,5	-26,0	114,6

España			
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEA
2013			
I	-46,7	-50,1	100,0
II	-47,0	-38,7	103,6
III	-35,5	-33,1	109,3
IV	-28,5	-28,8	113,0

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100);
 expectativas = indicador de expectativas armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas);
 ICEA = Índice de Confianza Empresarial Armonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: IGE

■ 3.2.15.


Vendas de produtos industriais 2012: distribución segundo CNAE-09

	Valor		
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)
Alimentación, bebidas e tabaco	6.184.135	23,8	7,6
Textil e confección	1.198.630	4,6	17,8
Coiro e calzado	141.962	0,5	5,1
Madeira e corcho	667.185	2,6	18,6
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	439.009	1,7	2,9
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	3.871.312	14,9	4,6
Manufacturas de caucho e plástico	512.699	2,0	3,6
Productos minerais non metálicos	608.821	2,3	5,3
Producción, 1º transformación e fundición de metais	2.108.019	8,1	8,1
Productos metálicos	1.103.886	4,2	5,0
Productos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	511.811	2,0	3,8
Maquinaria e equipo	599.845	2,3	4,3
Material de transporte	5.052.988	19,4	10,9
Mobles e outras industrias manufactureiras	301.634	1,2	5,1
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	604.782	2,3	6,6
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	2.082.453	8,0	9,4

Fonte: INE

■ 3.2.16.

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2007-13



■ 3.2.17.

serial. Este indicador elabórase en base ao Directorio de empresas do IGE, que exclúe ás empresas con actividade principal nas seccións de agricultura, gandería, silvicultura e pesca, Administración pública e defensa e os organismos extra-territoriais, así como ás empresas con 5 ou menos asalariados ou cooperativas, entre outras.

O antedito indicador oscila entre -100 e 100, sendo 0 o punto neutro. Os resultados positivos indican optimismo por parte dos empresarios respecto a súa situación persoal actual e no trimestre seguinte e respecto á situación xeral na Comunidade Autónoma galega; o positivismo será maior canto máis se aproxime a 100. Os resultados negativos indican a situación contraria, pesimismo por parte dos empresarios, que será maior canto máis se aproxime a -100.

O **cadro 3.2.15.** mostra como, tanto a nivel galego como estatal, as expectativas dos empresarios no ano 2013 melloran trimestre a trimestre aínda que seguen sendo negativas. O índice de confianza empresarial armonizado reflicte melloras nos tres últimos trimestres do ano en relación ao primeiro trimestre, que funciona de referente do indicador.

A cifra de vendas da produción industrial galega acadou no ano 2012 (último dispoñible) os 26 mil millóns de euros, o 6,9% do total estatal. Polo valor das súas vendas, destacan as actividades de alimentación, bebidas e tabaco, con 6,2 miles de millóns de euros (7,6% do total estatal); de material de transporte, con 5,1 miles de millóns de euros (10,9% do total estatal); coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos, con 3,9 miles de millóns de euros (4,6% do total estatal) e, entre outros, a produción, primeira transformación e fundición de metais, con 2,1 mil millóns de euros (8,1% do total estatal).

Polo seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal, destaca a madeira e a cortiza, que representan o 18,6% das vendas do conxunto do Estado, seguida das actividades de téxtil e confección, que supoñen o 17,8% das vendas totais estatais.

Antes de analizar os 3 subsectores considerados estratéxicos na economía galega (enerxético, automoción e naval), entendemos prioritario destacar a evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais (**cadro 3.2.17.**). O prezo da electricidade en España

Producción de enerxía eléctrica en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾

Producción bruta en centrais de 1000 kW ou máis

	2012				
	Total	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	29.343.862	4.289.986	8.105.237	16.803	16.931.836
España	288.894.008	21.882.352	47.593.906	11.373.522	208.044.228
	2013				
	Total	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	32.866.484	9.342.464	9.604.908	19.489	13.899.623
España	276.145.447	38.586.199	53.890.881	12.664.299	171.004.068

Producción dispoñible en centrais de 1000 kW ou máis

	2012					
	Total	Bombeo	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	28.071.651	317.175	3.908.495	8.003.615	16.637	16.142.904
España	273.568.314	4.314.988	17.262.762	46.902.668	11.260.642	198.142.242
	2013					
	Total	Bombeo	Hidroeléctrica	Eólica	Enerxía solar	Termoeléctrica
Galicia	31.499.590	432.280	8.786.141	9.459.574	19.256	13.234.619
España	261.173.630	5.142.441	32.994.834	52.930.639	12.506.511	162.741.646

(1) datos provisionais; en MWh

Fonte: Ministerio de Industria, Enerxía y Turismo

■ 3.2.18.

incrementouse desde o ano 2007 en máis dun 43% para os consumidores industriais, fronte a un incremento do 16% de media na UE-28.

● Subsector enerxético

No que respecta ao subsector enerxético, no ano 2013 a produción dispoñible de enerxía eléctrica foi un 12,2% superior á do ano anterior (4,5% de redución de media no conxunto do Estado), para situarse nos 31.500 xigavatos-hora.

Tal como se reflicte no **cadro 3.2.18.**, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, no ano 2013 prodúcese un incremento na produción dispoñible de enerxía por todos os métodos de produción, agás na produción termoeléctrica.

O total de enerxía eléctrica dispoñible en centrais de 1.000KW ou máis en Galicia representa o 12,1% do total estatal, en concreto, a produción

dispoñible de enerxía hidroeléctrica en Galicia representa o 26,6% do total estatal. Esta produción aumentou no ano 2013 máis dun 124% en relación ao ano 2012, incrementándose de media a nivel estatal un 91%.

A produción de enerxía eólica é a segunda en importancia por detrás da produción de enerxía termoeléctrica. A enerxía eólica aumentou a súa produción en Galicia un 17,9%, fronte ao aumento do 12,8% no conxunto do Estado.

A principal suministrador de enerxía eléctrica son as centrais termoeléctricas, que acadan no ano 2013 unha produción de 13.235 e 162.742 xigavatos/hora en Galicia e España, respectivamente. Así, a pesar da redución de produción de enerxía termoeléctrica no último ano, con caídas en torno ao 18% tanto en Galicia como de media no Estado, este tipo de centrais supoñen o 42% da produción total de enerxía dispoñible en Gali-

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2012-13

2012				
	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
		(en tm.)		
Galicia	2.927.146	267.187	2.088.501	571.458
A Coruña	1.121.754	104.727	789.973	227.054
Lugo	672.393	31.312	352.129	288.952
Ourense	344.800	33.539	278.492	32.770
Pontevedra	788.198	97.608	667.907	22.683
España	35.057.193	4.916.298	27.620.157	2.520.737
Galicia/España (%)	8,3	5,4	7,6	22,7

2013				
	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuel óleos
		(en tm.)		
Galicia	2.715.691	253.433	1.917.843	544.414
A Coruña	1.035.978	101.518	727.396	207.065
Lugo	638.103	29.355	322.935	285.813
Ourense	342.561	31.151	281.007	30.403
Pontevedra	699.049	91.409	586.507	21.132
España	33.475.126	4.651.029	26.552.553	2.271.544
Galicia/España (%)	8,1	5,4	7,2	24,0

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

■ 3.2.19.

cia no ano 2013 e o 62,3% da produción total estatal.

Fronte ao incremento da produción de enerxía eléctrica, o consumo de produtos petrolíferos continúa coa tendencia descendente de anos anteriores. Neste senso, a demanda de produtos petrolíferos no conxunto do Estado diminuíu un 4,5% respecto á rexistrada no ano 2012. En Galicia esta diminución foi do 7,2%, acadando as 2.716 miles de toneladas métricas (o 8,1% do total estatal). O **cadro 3.2.19.** reflicte un descenso no consumo tanto de gasolinas (5,1% menos) como dos gasóleos (8,2% menos) e fuel óleos (4,7% menos).


Durante o 2013, e igual que aconteceu en anos anteriores, os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 70,6% do total de produtos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo a importancia relativa do consumo de fuel

óleo e das gasolinas do 20,1% e do 9,3%, respectivamente.

● Industria da automoción

A industria galega da automoción é un motor esencial da economía da Comunidade, aportando en torno ao 14% do PIB galego e o 30% das exportacións totais galegas.

Os efectos da crise internacional comezan a afectar ao sector da automoción en Galicia xa a partir da segunda metade do ano 2008. Así, tras os picos de produción e emprego do ano 2007, no ano 2008 e, en especial, no ano 2009, rexístranse fortes caídas da facturación e emprego do sector. Esta tendencia parece suavizarse no ano 2010, pero retoma o descenso no ano 2011 e continúa no ano 2012, onde se rexistran os peores datos da serie, tanto de facturación como de emprego. O sector da automoción, segundo os

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2005-13 ⁽¹⁾

(1) en millóns de euros

Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

■ 3.2.20.

datos proporcionados pola Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA), comeza a dar signos de recuperación no ano 2013, obténdose datos positivos tanto no que respecta á facturación como ao volume de emprego directo nas 93 empresas que compoñen o clúster galego.

Segundo os datos facilitados por CEAGA, o ano 2013 pechou cun incremento na facturación do 27,9% e un aumento do 2,7% dos postos de traballo no sector. As empresas que compoñen o clúster de automoción xeraron, en 2013, 19.000 empregos directos, o que supón o 12% do emprego industrial galego (11,3% no ano anterior). A automoción aumenta nun 3% o emprego directo. O descenso do emprego industrial en Galicia no último ano foi do 7%, o que contrasta co incremento do emprego na industria da automoción.

A facturación do sector acadou un total de 7.800 millóns de euros, dos que o 71% (5.540 millóns de euros) procede de exportacións (64% no exercicio anterior).

A produción de vehículos en Galicia supón o 19% da produción estatal, o que converte ao Centro

de Vigo PSA Peugeot Citroën na planta con maior produción de España.

No ano 2013 matricularonse en Galicia, segundo datos da Axencia Tributaria, un total de 30.492 vehículos, o 4,4% do total estatal, o que supón un 8,8% máis que no ano anterior. Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con máis matriculacións, tras Madrid, Cataluña, Andalucía, a Comunidade Valenciana e Baleares.

● Industria naval

O sector da construción naval galega rexistra no ano 2013 as peores cifras dende o ano 2005. Despois de ser líder do sector en España, un ano máis sitúase no terceiro posto en canto a contratos e carteira de pedimentos, por detrás do País Vasco e Asturias. O País Vasco acolle o 44% da carteira de pedimentos, Asturias o 37% e Galicia o 19% do total.

Dos 28 novos contratos acadados polo sector no ano 2013 no conxunto do Estado, cun total de 40.589 GT (tonelaxe bruto), ningún foi asinado por un asteleiro galego. Neste contexto recesivo, os estaleiros galegos pecharon o ano 2013 sen

Construcción naval en Galicia e España 2012-13

2012

	Novos contratos				Carteira de pedimentos (1)			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	número e arqueo (2)							
<u>Asteleiros galegos</u>	6	23.746	6	23.746	13	45.000	13	45.000
A. Armón Vigo	5	12.746	5	12.746	5	12.746	5	12.746
F. Cardama					5	4.254	5	4.254
C. N. Freire					1	6.000	1	6.000
F. Vulcano								
F.N. Marín								
H. J. Barreras								
Metalships & Docks	1	11.000	1	11.000	2	22.000	2	22.000
Total sector	36	69.606	39	75.580	54	158.661	57	164.635

2013


	Novos contratos				Carteira de pedimentos (1)			
	Exportación		Total		Exportación		Total	
	número e arqueo (2)							
<u>Asteleiros galegos</u>			-	-	5	16.704	6	32.670
A. Armón Vigo			-	-	2	4.084	2	4.084
F. Cardama			-	-	2	1.620	2	1.620
C. N. Freire			-	-	-	-	-	-
F. Vulcano			-	-	-	-	1	15.966
F.N. Marín			-	-	-	-	-	-
H. J. Barreras			-	-	-	-	-	-
Metalships & Docks			-	-	1	11.000	1	11.000
Total sector	23	35.811	28	40.589	47	103.550	53	110.928

(1) a 31 de decembro de cada ano

(2) en toneladas brutas, equivalente a 1016,041kg


Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo

Carteira de pedimentos dos asteleiros galegos 2007-13



Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo

■ 3.2.21.



(1) VEB pm, base 2008, prezos reais, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2014)
Fonte: IGE

■ 3.2.22.

sumar novos contratos. No que respecta á carteira de pedimentos, a situación é tamén desfavorable en relación ao ano anterior, en canto existen 6 pedidos, fronte aos 13 do ano anterior, sendo así mesmo máis pequenos os buques, cun tonelaxe bruto de 32.670 GT (45.000 GT no ano anterior.)

CONSTRUCCIÓN

Os resultados da actividade de construción no ano 2013 mostran a prolongación na senda contractiva, derivada tanto do efecto da consolidación fiscal no ámbito da obra civil, como da persistencia do proceso de axuste no segmento residencial. No caso galego, tal como analizaremos a continuación, observamos reducións do 55% na licitación pública e do 41% no número de vivendas rematadas.

O modelo de crecemento dos últimos anos, baseado na construción e nos servizos, ten como contrapartida un débil crecemento industrial e unha estrutura económica moi exposta ás oscilacións derivadas dos acontecementos económicos e sociais, como as tensións dos mercados financeiros, medidas de axuste e incertidume xeneralizada, producidos a partir do inicio da crise.

Neste senso, dende principios de século, o sector

da construción mostra elevadas taxas de crecemento do seu valor engadido, acadando taxas en torno ao 10% e superiores nos anos 2004 e 2005. A ruptura da burbulla inmobiliaria, xunto coa crise financeira, fai caer ao sector nunha profunda crise, con taxas de variación negativas do seu VEB de máis do 8% no ano 2010 (índice de volume encadenados, datos corrixidos de estacionalidade e calendario). Estas taxas, aínda que suavizadas, continúan sendo negativas nos anos posteriores, acadando unha taxa de variación interanual do valor engadido polo sector en Galicia no ano 2013 do -4,1%.

No que respecta ao emprego do sector, a contracción continúa a ser moi importante, cun 12,7% menos de emprego equivalente a tempo completo que no ano precedente. O sector da construción en Galicia no ano 2013 ocupa a un 52% menos de persoas que no ano 2007.

As taxas de crecemento na actividade da construción foron negativas ao longo de todo o ano 2013 [*cadro 1.2.1. PIB 2012-13: distribución segundo as súas compoñentes*]. Continuando coa tendencia do ano anterior, o VEB xerado neste sector, nos catro trimestres do ano 2013, segue a contraerse significativamente, con taxas de variación interanuais negativas, aínda que con menor intensidade que no ano anterior, salvo no

Licitación pública en Galicia e España 2012-13: distribución segundo tipo de obra

2012

	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
	(en millóns de euros)							(%)
Total	1.438,0	188,4	39,5	1.025,4	161,8	23,0	7.442,4	19,3
Edificación	101,1	40,0	13,1	17,0	30,9	-	2.195,0	4,6
Vivenda	0,6	0,6	-	-	0,0	-	234,1	0,3
Equip. Social	75,2	20,1	11,7	16,5	26,9	-	1.499,7	5,0
Resto edificación	25,2	19,3	1,4	0,5	4,0	-	461,3	5,5
Obra Civil	1.336,95	148,4	26,4	1.008,3	130,9	23,0	5.247,4	25,5
Transportes	1.133,7	89,1	7,1	928,3	108,9	0,3	3.052,5	37,1
Urbanizacións	62,0	29,8	5,2	13,7	13,4	-	989,0	6,3
Hidráulicas	138,3	28,6	13,0	65,9	8,0	22,7	1.101,6	12,6
Medio Ambiente	2,9	0,8	1,1	0,4	0,6	-	104,4	2,8

2013

	Galicia						España	Galicia / España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sen rexionalizar		(rexion.)
	(en millóns de euros)							(%)
Total	647,1	264,1	67,1	114,8	130,4	70,8	9.173,1	7,1
Edificación	208,9	76,6	8,7	84,7	38,9	-	2.173,6	9,6
Vivenda	4,4	0,8	-	3,5	0,1	-	240,1	1,8
Equip. Social	174,9	67,0	8,1	81,0	18,8	-	1.466,5	11,9
Resto edificación	29,6	8,8	0,6	0,3	20,0	-	466,9	6,3
Obra Civil	438,2	187,5	58,4	30,0	91,5	70,8	6.999,5	6,3
Transportes	207,2	71,5	30,3	8,5	26,3	70,6	3.605,5	5,7
Urbanizacións	84,2	61,5	6,5	3,4	12,8	-	1.299,9	6,5
Hidráulicas	138,7	53,3	18,9	15,1	51,4	-	1.913,6	7,2
Medio Ambiente	8,2	1,2	2,8	3,1	1,0	0,2	180,6	4,5

Fonte: Seopan

■ 3.2.23.

Licitación pública en Galicia e España 2012-13: distribución segundo administracións

	2012		2013		13/12	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	1.253,1	2.717,7	334,3	4.006,5	-73,32	47,42
Mº Fomento	1.119,9	1.973,7	193,9	2.680,0	-82,68	35,79
Mº Agr., Alim e Medio Ambiente	119,9	534,1	101,7	1.014,5	-15,17	89,95
Resto Admón. Xeral	13,4	210,0	38,7	312,1	189,24	48,62
Administración Autonómica	89,9	2.198,4	164,6	2.470,4	83,03	12,37
Administración Local	95,0	2.526,3	148,3	2.696,2	56,09	6,72
Concellos	71,4	1.470,1	96,2	1.759,6	34,72	19,70
Outras Administracións	23,6	1.056,2	52,1	936,5	120,78	-11,33

Fonte: Seopan

■ 3.2.24.

Licitación pública 2012-13: distribución segundo administración e tipo de obra

2012						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	1.253,11	90,00	95,00	101,05	1.336,94	1.437,99
A Coruña	104,04	36,43	47,88	39,99	148,36	188,35
Lugo	18,72	13,86	6,91	13,13	26,36	39,49
Ourense	992,65	18,02	14,70	17,04	1.008,33	1.025,37
Pontevedra	114,69	21,61	25,48	30,89	130,89	161,78
Sen rexionalizar	23,01	0,08	0,03		23,00	23,00
2013						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	334,30	164,60	148,24	208,92	438,21	647,13
A Coruña	94,41	75,00	94,70	76,59	187,52	264,11
Lugo	48,67	8,78	9,70	8,71	58,44	67,15
Ourense	33,78	71,39	9,57	84,74	30,01	114,75
Pontevedra	86,66	9,42	34,27	38,88	91,47	130,35
Sen rexionalizar	70,78	0,01	0	-	70,77	70,77

Fonte: Seopan

■ 3.2.25.

último trimestre. Así, as taxas de variación van desde o -3,9% do primeiro trimestre ata niveis de variación negativa do 4,5% no último trimestre do ano.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade representa o 6,5% do VEB total xerado por este sector en España, dúas décimas máis que no ano anterior. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no VEB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (9,4% en Galicia e 7,1% de media en España, datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional INE).

Tal como se sinala anteriormente, a crise no sector da construción ten un reflexo directo no volume de ocupación, que experimenta unha caída

do 10,9%, 9.164 persoas menos que no ano precedente (Contabilidade trimestral).

O sector acolle o 6,9% dos galegos ocupados segundo a EPA (7,6% o ano anterior), descendendo o número de ocupados galegos no sector da construción en relación co total de España ata situarse no 6,7% (6,9% no ano anterior).

No ano 2013, cae de novo o valor da licitación pública de todas as administracións en Galicia, sendo un 55% inferior á licitación pública en Galicia no ano 2012, situándose nos 647 millóns de euros (o 7,1% da licitación no conxunto do Estado fronte ao 19,3% do exercicio precedente). A caída da licitación en Galicia contrasta co incremento de máis do 23% no conxunto do Estado. A licitación pública en obra civil acadou os 438 millóns de euros, mentres que a licitación

pública en edificación sitúase nos 209 millóns de euros.

A licitación da Administración Xeral do Estado en Galicia no ano 2013 caeu un 73,3% en relación ao ano anterior, fronte ao aumento do 83% da licitación da Administración Autonómica e ao 56% de incremento da licitación da Administración Local.

O descenso da licitación pública da AXE en Galicia supón 919 millóns de euros menos. Neste senso, o Ministerio de Fomento reduce nun 82,7% a súa licitación, o que supón 926 millóns de euros menos que no ano precedente.

A contía do licitado pola Administración Autonómica en 2013 foi de 165 millóns de euros, 74,7 millóns de euros máis que no ano precedente. De xeito similar á licitación autonómica se comportou a contía da licitación da Administración Local, que se situou no 2013 nos 148 millóns de euros, experimentando un incremento de 53,3 millóns de euros en relación ao ano 2012.

A porcentaxe de licitación pública realizadas pola Administración Xeral do Estado en Galicia, pasa de supoñen o 46% do total no ano 2012 ao 8,3% no ano 2013. Galicia acolle así mesmo o 6,6% da licitación autonómica (4,1% no ano 2012) e o 5,5% das administracións locais (3,7% en 2012).

A provincia de Ourense con 1.025 millóns de euros, pasa de ser a provincia con maior volume de licitación no ano 2012, co 71,3% da licitación total de Galicia, a acadar no ano 2013 unha licitación total de 115 millóns de euros, o 17,7% do total galego. A segunda provincia que reduce o seu volume de licitación en relación ao exercicio anterior é Pontevedra, que con 130,3 millóns de euros, recibe un 19,4% que no ano 2012.

As provincias de A Coruña e Lugo incrementan a

licitación pública nos seus territorios nun 40% e 70% respectivamente, o que supón 76 e 28 millóns de euros máis que no ano 2012.

A nivel territorial, o descenso da licitación da AXE afecta fundamentalmente á provincia de Ourense, destacando o incremento en torno a 30 millóns de euros da licitación desta Administración na provincia de Lugo. A Administración Autonómica incrementa a licitación dirixida ás provincias de Ourense (53 millóns) e A Coruña (39 millóns), fronte á redución da licitación en relación ao ano anterior nas provincias de Pontevedra (12 millóns menos) e Lugo (5 millóns de euros). Finalmente destacar que en torno ao 90% do incremento da licitación das Administracións Llocais está localizado en concellos da provincia de A Coruña.

En canto á desagregación segundo obra, a licitación en obra civil redúcese drasticamente en Galicia (438 millóns de euros, 899 menos que no ano anterior), consecuencia da redución de 978 millóns de euros na provincia de Ourense, fronte ao incremento de máis de 107 millóns de euros da licitación para edificación.

• Datos de vivenda

O mercado da vivenda en Galicia continúa o seu axuste no ano 2013, así descende nun 40,6% o total de vivendas rematadas e nun do 14,1% a compravenda de vivendas.

No caso das vivendas rematadas, finalizáronse en Galicia no ano 2013 un total de 3.627 vivendas, o 6% das vivendas rematadas en España. O número de vivendas libres é de 3.188 (o 7,4% das vivendas españolas libres rematadas), e o de vivendas protexidas, de 439 (o 2,6% do total estatal). En relación ao ano anterior, experimentouse unha caída no número de vivendas rematadas libres (-41,4%), e un descenso no núme-

Vivendas rematadas en Galicia e España 2012-13

	Vivendas libres			Vivendas protexidas			Total		
	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)
Galicia	5.443	3.188	-41,4	660	439	-33,5	6.103	3.627	-40,6
A Coruña	2.921	1.526	-47,8	286	176	-38,5	3.207	1.702	-46,9
Lugo	528	320	-39,4	189	237	25,4	717	557	-22,3
Ourense	373	387	3,8	25	19	-24,0	398	406	2,0
Pontevedra	1.621	955	-41,1	160	7	-95,6	1.781	962	-46,0
España	80.083	43.230	-46,0	53.332	16.799	-68,5	133.415	60.029	-55,0
Galicia/España (%)	6,8	7,4		1,2	2,6		4,6	6,0	

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.26.

Edificación e vivendas en Galicia e España 2012-13: datos xerais

	Galicia		España	
	2012	2013	2012	2013
Edificación de nova planta				
Edificios a construír	1.657	1.229	28.956	24.052
Residencial	1.233	847	21.038	16.267
Non residencial	424	382	7.918	7.785
	(en miles m ²)			
Superficie a construír	888	532	17.953	13.068
Residencial	543	331	11.585	6.573
Non residencial	345	201	6.368	6.495
Vivendas a construír	2.192	1.320	57.543	31.236
Obras de rehabilitación				
Edificios a rehabilitar	1.276	1.212	29.154	25.227
Vivendas creadas en rehabilitación	505	347	7.456	5.286
Obras de demolición				
Edificios a demoler	180	144	6.941	5.725
Vivendas a demoler	356	268	7.509	6.424
Total vivendas	2.341	1.399	57.490	30.098

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.27.

ro de vivendas rematadas protexidas (-33,5%). No conxunto do Estado, o descenso prodúcese tanto nas vivendas libres rematadas que se reducen un 46%, así como no número de vivendas rematadas protexidas un 68,5%, descenso este último moi superior ao experimentado polas vivendas protexidas en Galicia.

O número de edificios de nova planta a construír en Galicia no ano 2013 foi de 1.229 (847 edificios residenciais), cunha superficie de 532 miles de metros cadrados (en edificación residencial, 331 miles de metros cadrados). O número de vivendas a construír reduciuse un 40%, ata acadar as 1.320.

Por outra banda, o número de licencias municipais para rehabilitación de vivendas diminúe ata as 1.212, un 5% menos que no ano 2012, sendo o número de licencias para demolición de edificios 144, 36 menos que no ano anterior. No ano 2013, o número total de vivendas en rehabilitación foi de 347 e o de vivendas a demoler, de 268.

Paralelamente ao descenso da actividade económica e da demanda residencial, prodúcese un ano máis unha forte redución nos visados de dirección de obra nova, que no ano 2013 descenden novamente ata acadar os 1.099 edificios visados (un 26,9% menos que no ano anterior), dos que 934 corresponderon a edificios para uso residencial. A superficie total a construír reduciuse un 34,9% respecto a 2012, acadando os 549 miles de metros cadrados, dos que 373 mil corresponden a vivendas.

O orzamento de execución caeu un 29,8% en relación ao ano anterior, acadando os 217 millóns de euros, dos que 159 millóns (25% menos que no ano anterior) corresponderon a uso residencial.

Ao longo do último ano, en Galicia concedéronse

un total de 38 visados de dirección de obra nova no caso de servizos comerciais e almacéns. Xunto aos cinco visados menos, a superficie total a construír redúcese en case un 38% e o presuposto de execución acadou os 30 millóns de euros fronte aos 35 do ano anterior.

Fronte á redución acontecida nos casos do uso residencial e dos servizos comerciais, os visados de dirección de obra nova correspondentes a uso industrial, mantéñense estables en 27 visados de dirección de obra, igual que no ano anterior, diminuíndo significativamente, tanto a superficie a construír como o orzamento de execución. No último ano a superficie a construír foi de 22 mil metros cadrados (un 31,2% menos que no ano precedente) e o orzamento de execución caeu ata os 7,8 millóns de euros (un 17,8% menos que no ano anterior).

No que respecta ás obras de ampliación, o número de visados descendeu ata os 127 (46 menos que en 2012), dos que 87 visados corresponderon a vivendas. A superficie total a construír situouse en 53.705 metros cadrados, un 17,3% superior á do ano anterior, e o orzamento de execución incrementábase tamén en 4,5 millóns de euros, un 32,9% por enriba do presupostado no exercicio anterior.

Finalmente, no concernente aos visados de obras de reformas e/ou restauración, o seu número tamén descendeu en relación ao do ano anterior, con 1.153 visados concedidos (244 menos que en 2012), diminuíndo o seu orzamento de execución ata os 73,8 millóns de euros (un 39,2% menos que no ano anterior).

Fronte á redución no número de visados de obras, o número total de certificacións de fin de obra, isto é declaradas finalizadas e con conformidade, en Galicia incrementouse, situándose no último ano nas 1.406, 127 máis que no ano

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2012-13: distribución segundo tipo de obra

Obra nova						
	Galicia			España		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
			(%)			(%)
Total edificios	1.503	1.099	-26,9	20.758	16.671	-19,7
Uso residencial	1.304	934	-28,4	16.242	12.865	-20,8
Servizos comerciais	43	38	-11,6	1.625	1.377	-15,3
Uso industrial	27	27	0,0	346	302	-12,7
Outros	129	100	-22,5	2.545	2.127	-16,4
(en m ²)						
Superficie a construír	843.026	549.212	-34,9	12.524.764	10.190.358	-18,6
Uso residencial	515.137	373.548	-27,5	8.572.500	6.801.946	-20,7
Servizos comerciais	152.772	94.850	-37,9	1.263.859	1.143.064	-9,6
Uso industrial	32.197	22.166	-31,2	479.892	502.533	4,7
Outros	142.920	58.648	-59,0	2.208.513	1.742.815	-21,1
(en miles de euros)						
Presuposto de execución	309.666	217.390	-29,8	5.418.348	4.458.121	-17,7
Uso residencial	212.635	159.472	-25,0	3.934.424	3.125.680	-20,6
Servizos comerciais	35.051	29.798	-15,0	431.193	402.246	-6,7
Uso industrial	9.534	7.836	-17,8	145.286	128.481	-11,6
Outros	52.446	20.284	-61,3	907.445	801.714	-11,7
Obras de ampliación						
	Galicia			España		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
Total edificios	173	127	-26,6	3.263	2.401	-26,4
Vivendas	112	87	-22,3	2.423	1.712	-29,3
Outros	61	40	-34,4	840	689	-18,0
(en m ²)						
Superficie a construír	45.779	53.705	17,3	1.031.747	761.675	-26,2
Vivendas	23.442	19.230	-18,0	348.708	276.729	-20,6
Outros	22.337	34.475	54,3	683.039	484.946	-29,0
(en miles de euros)						
Presuposto de execución	13.746,6	18.272,3	32,9	359.285,2	270.921,7	-24,6
Vivendas	8.649,6	8.095,0	-6,4	150.566,7	125.107,3	-16,9
Outros	5.097,0	10.177,3	99,7	208.718,5	145.814,4	-30,1
Obras de reforma e/ou restauración						
	Galicia			España		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
Total edificios	1.397	1.153	-17,5	27.672	27.291	-1,4
Vivendas	1.133	916	-19,2	22.934	22.284	-2,8
Outros	264	237	-10,2	4.738	5.007	5,7
(en miles de euros)						
Presuposto de execución	121.287,3	73.766,1	-39,2	1.598.690,6	1.452.128,6	-9,2
Vivendas	85.828,9	51.558,0	-39,9	935.757,6	793.202,6	-15,2
Outros	35.458,4	22.208,1	-37,4	662.933,0	658.926,0	-0,6

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.28.

Certificacións de fin de obra en Galicia e España 2012-13

	Galicia		España	
	2012	2013	2012	2013
Certificados de fin de obra	1.279	1.406	45.389	35.214
Edificios	1.427	1.462	52.225	38.404
Promotor privado	1.411	1.451	50.168	37.377
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	1.004	1.174	34.258	26.680
Sociedades mercantís	379	245	13.522	8.991
Cooperativas	-	5	700	284
Outros	28	27	1.688	1.422
Administracións públicas	16	11	2.057	1.027
Vivendas	4.376	2.708	114.991	64.636
Promotor privado	4.357	2.703	112.577	63.968
Persoas físicas e Comunidades de propietarios	1.086	928	31.622	21.175
Valor de liquidación da execución material das obras (en millóns de euros)	430,1	292,9	14.339,5	8.299,6

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.29.

2012, o que representa o 4% das certificacións no conxunto do Estado (2,8% no ano anterior). Tendo en conta que os datos sobre número de certificados de fin de obra recollen, exclusivamente, traballos de certificación en obra nova, ampliación e reforma e/ou restauración de edificios, ao longo do ano 2013 o número de edificios incrementouse un 2,5% e o de vivendas caeu un 38,1%. O **cadro 3.2.26.** indica que o número total de edificios rematados foi de 1.462, dos que 1.451 corresponden a promotores privados e 11 a administracións públicas. O número de vivendas rematadas acadou as 2.708, das que 2.703 corresponden a promotores privados.

Dentro dos indicadores de demanda no ámbito da vivenda, destaca, o relacionado co número de hipotecas constituídas. Neste senso, no conxunto do Estado constituíronse un 28,7% menos de hipotecas sobre fincas urbanas en relación ao ano 2012, sendo esta redución na Comunidade Autónoma galega do 23,7%, constituíndose un total de 16.031 hipotecas urbanas, o 5,2% do total estatal. Os datos reflectidos no **cadro 3.2.30.** amosan que as provincias galegas, agás

Lugo que se mantén nos mesmos niveis que no ano anterior, presentan reducións do número de hipotecas superiores ao 20% respecto do ano anterior, salientando a provincia de A Coruña cun 29,1% menos de hipotecas constituídas de vivendas urbanas que no ano 2012.

Xunto ao descenso no número de hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, o importe medio das mesmas ascende lixeiramente, no último ano este importe medio acada en Galicia os 90.863 euros, o que supuxo un aumento do 0,9% en relación ao ano anterior.

No ano 2013 no conxunto do Estado tamén se incrementa o importe medio das hipotecas urbanas constituídas, nun 2,6%, acadando de media os 113 mil euros. Os datos facilitados polo INE reflecten que o único incremento no importe medio das hipotecas produciuse na provincia de A Coruña, cun 20,9% máis, fronte aos descensos nas provincias de Lugo (22,1% menos), Ourense (16,5% menos) e Pontevedra (9% menos). O importe medio máis baixo de Galicia corresponde á provincia de Lugo (62.976

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾

	Hipotecas constituidas			Importe medio		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
	(en miles de euros)					
Galicia	21.000	16.031	-23,7	90,051	90,863	0,9
A Coruña	9.724	6.895	-29,1	87,174	105,432	20,9
Lugo	2.379	2.380	0,0	80,849	62,976	-22,1
Ourense	1.589	1.243	-21,8	83,931	70,095	-16,5
Pontevedra	7.308	5.513	-24,6	98,205	89,365	-9,0
España	430.376	306.995	-28,7	110,379	113,210	2,6
Galicia / España (%)	4,9	5,2		81,6	80,3	

(1) datos 2013 son provisionais
Fonte: INE

■ 3.2.30.

Tipos de xuros e préstamos hipotecarios
2009-13Tipo medio dos préstamos hipotecarios a
máis de tres anos

	bancos	caixas de aforros	total entidades
	(medias anuais)		
2009	3,15	3,65	3,44
2010	2,51	2,97	2,77
2011	3,26	3,50	3,38
2012	3,28	3,61	3,42
2013			3,35

Fonte: Banco de España


■ 3.2.31.

Compravenda de vivendas nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾

	2012	2013	13/12
	(%)		
Andalucía	62.943	62.716	-0,4
Aragón	8.290	8.362	0,9
Asturias	6.611	5.009	-24,2
Baleares	7.930	7.971	0,5
Canarias	14.300	16.227	13,5
Cantabria	4.550	3.784	-16,8
Castela e León	16.017	14.752	-7,9
Castela - A Mancha	16.390	14.735	-10,1
Cataluña	43.015	45.064	4,8
C. Valenciana	46.252	45.413	-1,8
Extremadura	6.600	5.644	-14,5
Galicia	14.534	12.488	-14,1
Madrid	41.028	40.949	-0,2
Murcia	10.041	10.686	6,4
Navarra	3.993	3.875	-3,0
País Vasco	12.329	10.074	-18,3
A Ríoxa	2.998	3.023	0,8
Ceuta e Melilla	713	642	-10,0
Total	318.534	311.414	-2,2

(1) datos 2013 son provisionais
Fonte: INE

■ 3.2.32.

Evolución do VEB e do emprego nos servizos 2000-2013 ⁽¹⁾

(1) VEB pm, base 2008, prezos reais, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 28-02-2014)

Fonte: IGE

■ 3.2.33.

euros) e o máis elevado á provincia de A Coruña (105.432 euros).

A Estatística de Transmisión de Dereitos de Propiedade do INE indica unha considerable redución da compravenda de vivendas rexistradas en Galicia, redución que é común ao resto das Comunidades Autónomas, agás Cataluña (4,8% máis), así como Aragón e Baleares con incrementos menores ao 1%. Os datos provisionais presentados indican que no ano 2013 realizáronse en Galicia un total de 12.488 transaccións de compravendas, o que supón un 14,1% menos que no ano anterior (2,2% de redución media en España). No ano 2013 séguese a producir o axuste necesario entre oferta e demanda de vivenda, de xeito que no último ano o número de compravendas en Galicia é 3,4 veces superior ao número de vivendas terminadas (**cadro 3.2.32.**).

O valor medio do Índice de Prezos da Vivenda no ano 2013 diminúe en relación ao ano anterior en 7,6 puntos no conxunto do Estado e sitúase en 64 puntos (2007=100); este valor medio acada en Galicia 73,5 puntos, 9,2 menos que no ano anterior. No citado ano 2013, o índice de prezos

da vivenda nova diminúe en Galicia 9,7 puntos, acadando 78,7 puntos (descenso maior ao do conxunto do Estado, onde o índice acada 72,4 puntos). No caso da vivenda de segunda mao, o descenso é de 8,4 puntos en Galicia, acadando o índice 65,2 puntos, fronte ao valor acadado no conxunto do Estado que é de 57,9 puntos.

SERVIZOS

O 65% do valor engadido total da economía galega corresponde ao sector servizos, en torno a 7 puntos porcentuais menos que a media estatal (72,1%). Por segundo ano consecutivo, no ano 2013 redúcese a taxa de crecemento do valor engadido polo sector, así, despois do descenso do 1% da taxa de variación do VEB no ano 2012, no ano 2013 o VEB aportado polo sector servizos descende nun 1,4% en relación ao ano anterior.

O valor engadido bruto a prezos básicos (prezos correntes) do sector servizos galego no ano 2013 ascendeu a 32.758 millóns de euros, o que representa o 4,9% do total do valor engadido polo sector servizos a nivel estatal. Os datos da Contabilidade rexional de España indican que

Comercio interior nas CC.AA. 2012-13: índice de vendas polo miúdo

	2012	2013	13/12
			(%)
Andalucía	91,3	89,5	-2,0
Aragón	94,1	91,5	-2,7
Asturias	92,4	89,6	-3,0
Baleares	98,3	102,7	4,5
Canarias	96,0	96,3	0,3
Cantabria	93,5	91,3	-2,3
Castela e León	97,3	93,5	-4,0
Castela - A Mancha	92,6	89,9	-2,9
Cataluña	95,6	93,3	-2,3
C. Valenciana	93,1	91,5	-1,8
Extremadura	100,3	97,6	-2,6
Galia	96,0	92,8	-3,4
Madrid	93,1	90,4	-2,9
Murcia	90,3	86,8	-3,9
Navarra	97,6	96,5	-1,1
País Vasco	95,6	91,2	-4,6
A Ríoxa	95,3	93,7	-1,7
Ceuta	92,8	92,6	-0,2
Melilla	95,2	94,2	-1,1
Total	94,2	92,0	-2,4

Fonte: INE

■ 3.2.34.

Galia se sitúa como a sexta Comunidade con maior peso relativo no conxunto do Estado, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco.

A contracción da actividade no sector servizos reflíctese nunha nova contracción do emprego, así o número total de persoas ocupadas nas distintas ramas de actividade englobadas no sector servizos diminuíu no último ano en 14.000 persoas (un 1,9% menos respecto ao ano precedente), situándose nas 709.400 persoas (datos da Enquisa de Poboación Activa). O sector acolle o 70,5% dos traballadores ocupados en Galicia, 0,9 puntos porcentuais máis que no ano anterior, e o 5,4% do total de persoas ocupadas no sector servizos no conxunto do Estado [táboa 2.1.10. Poboación ocupada en Galicia e España 2013: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadada].

A rama de actividade con maior número de ocupados no sector servizos é a de Comercio por xunto e ao retalho, que, con 148,9 mil traballadores, acolle a case 21 de cada 100 ocupados en Galicia no sector servizos. Séguenlle en importancia os subsectores de Actividades sanitarias e servizos sociais, co 10,7% (75.800 ocupados), e a Hostalería, co 10,2% (72.800 ocupados). Compre tamén destacar a perda de ocupación e peso no total do sector dos subsectores de Administración pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria, e de Educación, que pasan de 74.500 e 72.500 ocupados no ano 2012 a 71.500 e 67.000 ocupados, respectivamente, no ano 2013, o que indica perdas de ocupación do 4% para a Administración pública e do 7,6% na Educación.

● Comercio

A actividade comercial está claramente afectada polo continuo descenso da demanda en xeral e

Indicadores do comercio minorista en Galicia e España 2011-13

	Empresas			Locais			Emprego		
	2011	2012	12/11	2011	2012	12/11	2012	2013	13/12
Galicia	31.469	31.022	-1,4	39.280	38.743	-1,4	114.702	107.956	-5,9
España	485.987	477.463	-1,8	600.595	592.172	-1,4	1.840.899	1.828.694	-0,7

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad

■ 3.2.35.

do consumo privado en particular.

No que respecta ao comercio polo miúdo, o índice de vendas polo miúdo reflicte unha evolución negativa da actividade no sector, así tomando como base do índice o ano 2010=100, no ano 2013 este índice toma un valor de 92,8 (96 no ano 2012), unha situación lixeiramente mellor á media estatal, aínda que cunha evolución peor no caso galego, xa que o descenso no valor do índice foi do 3,4%, fronte ao 2,4% de perda no conxunto do Estado. Esta evolución negativa das vendas do sector é especialmente preocupante por tratarse dunha actividade intensiva en emprego, que acolle, na rama de comercio, por xunto e polo miúdo, en Galicia un total de 149 mil persoas.

O número de establecementos de comercio ao retalho a 31 de decembro de 2012 en Galicia era de 38.743, 537 menos que os existentes no ano anterior (-1,4%). No ano 2012 rexístranse 3.421 locais de comercio ao retalho menos que no ano 2008, ao comezo da crise económica.

O número de empresas de comercio ao retalho existentes a 31 de decembro de 2012 era de 31.022, o que supón un descenso do 1,4% en relación ao ano anterior, un descenso semellante á media estatal.

Finalmente destacar que no conxunto do Estado o comercio ao retalho perde no ano 2013 en rela-

ción ao ano anterior, un total de 12.205 ocupados, dos que 6.747 localízanse en Galicia. O descenso de ocupación no sector en Galicia é do 5,9%, (-0,7% de media no Estado), acadando no ano 2013 unha ocupación media de case 108 mil ocupados, o 5,9% do total estatal.

● Turismo

Os datos do sector turístico no ano 2013 reflicten unha lixeira melloría tanto no número de viaxeiros como de pernoitas, non só no caso dos residentes no estranxeiro, senón tamén, neste ano 2013, para os residentes nacionais que, por primeira vez dende o ano 2008, melloran os seus datos, agás a excepción que representa a celebración en 2010 do ano Xacobeo.

A recuperación do turismo nacional é fundamental no caso galego, onde 75,5 de cada 100 viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos en 2013 son residentes en España (50,7 de cada 100 no conxunto do Estado). Outra das debilidades que caracterizan o sector é a alta estacionalidade, así o grao de ocupación hoteleira por praza no mes de agosto en Galicia é do 50,7%, 38,9 puntos por riba do rexistrado en xaneiro. Para o conxunto de España, estas porcentaxes acadan o 72,2% en agosto e o 35,8% no mes de xaneiro.

A tendencia decrecente na actividade do sector

**Grao de ocupación e estadía media en establecementos
hoteleiros en Galicia e España 2006-13⁽¹⁾**

	Galicia			
	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2006	35,6	63,2	22,4	2,16
2007	35,9	62,3	22,7	2,15
2008	34,0	56,6	21,9	2,21
2009	32,4	56,2	19,4	2,19
2010	34,1	59,6	17,9	2,15
2011	29,8	53,3	17,2	2,14
2012	28,5	50,9	15,3	2,07
2013	29,7	54,7	15,8	2,01

	España			
	Grao de ocupación por praza			Estadía media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo	Total
2006	54,7	74,4	40,9	3,26
2007	54,5	74,2	40,3	3,22
2008	52,0	71,9	36,4	3,24
2009	49,3	67,6	34,9	3,25
2010	49,3	70,1	34,4	3,26
2011	53,5	72,6	36,3	3,36
2012	52,1	70,2	36,6	3,38
2013	53,1	72,2	35,9	3,41

(1) datos 2013 son provisionais
Fonte: INE

■ **3.2.36.**

turístico galego, iniciada no ano 2008, só alterada no ano 2010 polos efectos positivos da celebración do ano Xacobeo, continúa no ano 2011 e 201, e parece cambiar no ano 2013. Así, o grao de ocupación hoteleira por praza sitúase no 29,7%, 1,2 puntos porcentuais superior ao do ano anterior, aínda que lonxe da media estatal, que no ano 2013 foi do 53,1%.

O número de viaxeiros chegados aos establecementos hoteleiros galegos rexistrou no último ano un incremento do 4,9%, en concreto, o incremento da chegada de viaxeiros nacionais foi do 3%, e do 11,3% no caso dos estranxeiros.

En valores absolutos, o número de viaxeiros en 2013 foi de 3.374.792 (158.446 persoas máis que no ano 2012), o que representa o 4% dos viaxeiros no conxunto do Estado. Os datos do

cadro 3.2.37. amosan o elevado peso relativo dos viaxeiros residentes en España, xa que os viaxeiros de nacionalidade española representa o 75,5% do total.

A maior chegada de viaxeiros en relación ao ano anterior concentrouse nas provincias de A Coruña e Lugo, fronte ao lixeiro descenso de viaxeiros con destino en Pontevedra e Ourense. A provincias de A Coruña, con 110 mil viaxeiros máis que o ano anterior, concentra o 69,5% do total do aumento de viaxeiros en Galicia no ano 2013, seguida de Lugo con 54 mil viaxeiros máis. Pola contra, as provincias de Ourense e Pontevedra perden 4.657 e 1.368 viaxeiros, respectivamente.

O incremento no número de viaxeiros en Galicia (4,9%), é porcentualmente superior ao rexistrado no conxunto do Estado (1%), a causa funda-

Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾

2012

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.216.346	2.473.593	742.753	6.643.326	5.328.785	1.314.541	2,07
A Coruña	1.431.673	1.011.917	419.756	2.858.967	2.106.533	752.434	2,00
Lugo	502.756	382.286	120.470	785.310	641.342	143.968	1,56
Ourense	271.398	245.972	25.426	490.950	440.433	50.517	1,81
Pontevedra	1.010.517	833.418	177.099	2.508.100	2.140.478	367.622	2,48
España	82.962.480	43.025.752	39.936.728	280.659.548	102.101.248	178.558.300	3,38

2013

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	3.374.792	2.548.200	826.592	6.766.519	5.348.435	1.418.084	2,01
A Coruña	1.541.843	1.047.173	494.670	2.954.496	2.111.578	842.918	1,92
Lugo	557.060	421.916	135.144	858.827	694.863	163.964	1,54
Ourense	266.741	241.984	24.757	488.572	435.872	52.700	1,83
Pontevedra	1.009.149	837.129	172.020	2.464.624	2.106.122	358.502	2,44
España	83.829.573	42.536.882	41.292.691	285.995.873	100.424.653	185.571.220	3,41

(1) datos 2013 son provisionais
 Fonte: INE

Viaxeiros e pernoctacións 2001-13: distribución segundo orixe



(1) os datos do 2013 son provisionais
 Fonte: INE

■ 3.2.37.

mentalmente do incremento da chegada de viaxeiros nacionais fronte o descenso medio no Estado, así como o maior incremento porcentual da chegada de viaxeiros estranxeiros.

Asociado ao incremento de viaxeiros, no ano 2013 prodúcese un aumento paralelo nas pernoitas en establecementos hoteleiros, tanto en Galicia como en España. Ao longo do ano 2013, as pernoitas experimentaron unha mellora en Galicia do 1,8% respecto aos datos do ano precedente, acadando unha cifra de 6,8 millóns. Fronte á mellor evolución en Galicia que no conxunto do Estado do número de viaxeiros, no caso das pernoitas a nivel estatal estas increméntanse nun 1,9% fronte ao 1,8% en Galicia.

O aumento no número de pernoitas é, en termos relativos, superior ao do número de viaxeiros, polo que a estadía media nos establecementos hoteleiros galegos redúcese lixeiramente ata os 2,01 días (no conxunto do Estado situouse nos 3,4 días). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros permanece constante, acadando os 1,72 días, estabilidade favorecida polo incremento no número de viaxeiros estranxeiros (11,3% máis) e no número de pernoitas (7,9% máis); a estadía media dos viaxeiros nacionais en Galicia, redúcese media décima ata acadar os 2,1 días, nembargante, a relativa estabilidade da estadía media dos viaxeiros nacionais está asociada a un leve incremento de pernoitas (0,4% menos) inferior ao incremento de viaxeiros (3% menos).

No ano 2013, Galicia presenta unha redución dos prezos hoteleiros. O índice de prezos hoteleiros mostra unha redución do 3,1%, fronte á caída media do conxunto do Estado que foi do 0,2%.

A pesar do incremento no número de viaxeiros e de pernoitas, a redución da estadía media así como dos ingresos medios diarios obtidos por

habitación ocupada, manteñen o pesimismo sobre o futuro do sector que se reflicte nos datos proporcionados polo Indicador de Confianza Turístico Empresarial (Exceltur), que sinala que o 78,3% dos empresarios galegos do sector esperan unha redución das súas vendas e un 62,1% unha diminución dos seus beneficios.

Unha característica diferencial do turismo en Galicia, en relación á oferta de sol e praia, é o turismo rural. Neste tipo de turismo, **cadro 3.2.38.**, a diferenza do que ocorre no caso dos establecementos hoteleiros, diminúe o número de viaxeiros aloxados e pernoitas dos mesmos. No ano 2013, consolídase o descenso, iniciado no ano 2011, no número de viaxeiros cun 7,9% menos que no ano anterior, acadando as 128.467 persoas, sendo o número de pernoitas de 258.616, un 4,4% inferior ao rexistrado en 2012. Tendo en conta que en España tanto o número de viaxeiros como o de pernoitas en establecementos de turismo rural descende un 6,4% e 8,2%, respectivamente, a importancia relativa do turismo rural galego sobre o total estatal mantense estable en torno ao 5,2% no caso dos viaxeiros, e aumenta unha décima ata o 3,7% no das pernoitas (3,6% no ano anterior). Tal como se observa nos establecementos hoteleiros, a meirande parte dos viaxeiros que acoden a establecementos de turismo rural en Galicia son de nacionalidade española, en concreto 82,5 de cada 100. O 53,8% dos viaxeiros nacionais proceden de dentro da Comunidade, seguidos en importancia polos procedentes da Comunidade de Madrid (16,2% do total), e Cataluña (5,6% do total).

O grao de ocupación por praza en establecementos de turismo rural situouse en 2013 en Galicia no 10,8%, sendo esta porcentaxe 6 puntos superior na fin de semana. No caso de España o grao de ocupación media por praza é superior, situándose no 13,4%, mentres que na fin de semana

Principais indicadores do turismo rural en Galicia e España 2012-13

(1)

	2012		2013	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	139.501	2.670.368	128.467	2.500.441
residentes en España	113.693	2.280.035	106.016	2.104.962
residentes no estranxeiro	25.808	390.333	22.451	359.480
Pernoitas	270.571	7.527.374	258.616	6.912.636
residentes en España	223.135	5.797.760	216.318	5.211.785
residentes no estranxeiro	47.617	1.729.615	42.298	1.700.851
Grao de ocupación por praza	(%)			
media	11,0	14,3	10,8	13,4
fin de semana	17,2	23,6	16,8	23,6
Estadía media (en días)	1,94	2,82	2,01	2,76

(1) datos 2013 son provisionais
 Fonte: INE

■ 3.2.38.

este dato ascende ao 23,6%. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 2,01 días, sete décimas por baixo da media estatal.

● Transporte

O transporte, tanto de mercadorías como de pasaxeiros, realízase maioritariamente por estrada, tendo o transporte marítimo unha considerable importancia no que respecta a mercadorías, e o ferroviario, aéreo ou fluvial, un carácter, aínda que residual en canto ao montante total, fundamental para a vertebración do territorio. Neste senso, o **cadro 3.2.39.** mostra que a estrada é a vía de comunicación máis importante á hora de falar tanto do tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías. En canto aos pasaxeiros, a vía de comunicación máis importante, despois da estrada, é a vía aérea.

O volume de mercadorías transportadas por estrada en Galicia, tal como acontece no conxun-

to do Estado e na totalidade das Comunidades Autónomas, experimentou un descenso do 13,2%, e do 8,6% no conxunto do Estado. Ao longo do 2013, o número de toneladas transportadas en Galicia ascendeu a 97 miles de toneladas (o 7% do total estatal). O **cadro 3.2.40.** amosa un novo descenso no ano 2013 do peso relativo do comercio intrarrexional no tráfico total galego, que acada o 72,7% (5,1 puntos menos que en 2012), e o aumento do peso relativo do comercio interrexional que se sitúa no 24,1%, sendo en España esa porcentaxe do 38,4%. O comercio internacional supón o 3,2% do total do transporte interior por estrada en Galicia.

Galicia é a quinta Comunidade Autónoma en volume de toneladas de mercadorías transportadas por estrada, por detrás de Cataluña, Valencia, Andalucía e Castela e León. De cada 100 toneladas de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2013, só 1,5 utiliza o ferrocarril, fronte ao 1,6% do ano anterior; a causa do descenso do 19,3% no volume de mercadorías así transportadas no ano 2013 en relación ao ano

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2012-13

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	112.207	97.437	-13,2	60.393	60.185	-0,3
Ferrocarril (2)	2.481	2.002	-19,3	367	521	41,9
Marítimo (3)	33.767	31.234	-7,5	390	339	-13,2
Marítimo (4)	1.927	2.086	8,2	1.337	1.136	-15,0
Aéreo (5)	2.582	2.444	-5,3	3.868	3.592	-7,1

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruzeiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia; os datos de 2013 son provisionais

Fonte: elaboración propia CES Galicia

■ 3.2.39.

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2012-13⁽¹⁾

	2012				2013				13/12
	Total	intrarrexional	interrexional	internacional	Total	intrarrexional	interrexional	internacional	
	(en miles de tm.)	(%)			(en miles de tm.)	(%)			
Andalucía	194.103	74,1	23,0	2,9	173.847	72,0	24,6	3,4	-10,4
Aragón	79.304	42,3	52,7	5,0	81.496	45,9	49,0	5,1	2,8
Asturias	49.527	63,7	34,7	1,6	40.248	62,6	35,7	1,7	-18,7
Baleares	17.910	89,8	10,0	0,1	18.540	87,0	13,0	-	3,5
Canarias	30.345	100,0	-	-	30.859	100,0	-	-	1,7
Cantabria	27.051	40,5	55,7	3,9	22.811	40,1	55,2	4,7	-15,7
Castela-A Mancha	103.637	40,0	57,6	2,3	94.864	40,3	57,6	2,1	-8,5
Castela e León	129.912	55,7	41,8	2,5	117.414	52,3	45,3	2,4	-9,6
Cataluña	235.376	68,9	24,8	6,3	207.010	65,3	27,4	7,2	-12,1
C. Valenciana	178.592	57,8	38,5	3,7	175.289	58,2	37,8	4,0	-1,8
Extremadura	40.087	63,1	34,1	2,8	29.928	56,9	39,9	3,2	-25,3
Galicia	112.207	77,8	19,3	2,9	97.437	72,7	24,1	3,2	-13,2
Madrid	107.012	39,4	57,5	3,1	93.692	37,7	59,4	3,0	-12,4
Murcia	60.688	48,2	47,2	4,7	57.337	49,9	44,4	5,7	-5,5
Navarra	40.260	42,0	52,7	5,3	40.248	42,2	51,7	6,1	0,0
País Vasco	88.505	47,5	47,0	5,4	84.376	48,5	46,0	5,5	-4,7
A Rioxa	14.813	30,3	66,3	3,4	14.931	24,6	71,7	3,8	0,8
Ceuta e Melilla	1.247	85,7	14,3	-	806	74,1	25,4	0,5	
Total	1.510.575	59,2	37,1	3,7	1.381.134	57,5	38,4	4,1	-8,6

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiões con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.40.

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2012-13 ⁽¹⁾

	2012			2013			13/12		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia convencional	Longa distancia		Media distancia convencional	Longa distancia		Media distancia convencional	Longa distancia	
			(en tm.)			(en tm.)			(%)
Galicia	3.085.946	366.866	2.481.342	3.019.218	520.606	2.001.854	-2,2	41,9	-19,3
A Coruña	1.723.269	148.480	1.899.427	1.736.957	218.539	1.456.450	0,8	47,2	-23,3
Lugo	34.330	35.796	42.573	33.480	44.222	27.409	-2,5	23,5	-35,6
Ourense	132.652	97.900	99.014	226.470	135.711	88.461	70,7	38,6	-10,7
Pontevedra	1.195.695	84.690	440.328	1.022.311	122.134	429.534	-14,5	44,2	-2,5
España	25.409.349	22.452.458	17.074.403	30.398.196	25.595.000	16.376.017	19,6	14,0	-4,1

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
 Fonte: Renfe Operadora

■ 3.2.41.

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2012-13

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
			(en tm.)			
Total	9.779.491	9.434.783	16.133.814	14.008.199	7.187.257	7.155.392
A Coruña	7.208.827	6.558.560	4.179.981	3.688.168	1.436.112	1.158.854
Ferrol-San Cibrao	2.296.990	2.532.120	10.505.476	8.999.194	895.740	981.923
Marín	-	76	805.966	826.309	1.052.949	1.017.711
Vigo	68.388	81.867	300.652	291.562	3.342.004	3.499.242
Vilagarcía	205.286	262.160	341.739	202.966	460.452	497.662
Total Portos do Estado	153.274.333	151.208.154	88.337.496	79.962.412	218.335.966	211.025.771
Galicia / España (%)	6,4	6,2	18,3	17,5	3,3	3,4

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013
			(en tm.)			
Total	128.658	127.472	537.604	508.010	33.766.824	31.233.856
A Coruña	43.719	44.878	261.243	246.268	13.129.882	11.696.728
Ferrol-San Cibrao	346	276	15.194	27.896	13.713.746	12.541.409
Marín	1.893	2.083	12.348	10.951	1.873.156	1.857.130
Vigo	82.700	80.235	244.506	219.311	4.038.250	4.172.217
Vilagarcía	-	-	4.313	3.584	1.011.790	966.372
Total Portos do Estado	226.927	225.072	13.270.309	12.006.229	473.445.031	454.427.638
Galicia / España (%)	56,7	56,6	4,1	4,2	7,1	6,9

Fonte: Ministerio de Fomento

■ 3.2.42.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2012-13

	2012		2013		13/12
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)
Total	1.927.322,4		2.085.501,9		8,2
A Pobra	120.291	6,2	130.893	6,3	8,81
Burela	120.614	6,3	296.179	14,2	145,56
Cariño	553.424	28,7	548.835	26,3	-0,83
Brens-Cee	367.327	19,1	396.162	19,0	7,85
Celeiro	189.127	9,8	132.101	6,3	-30,15
Laxe	24.224	1,3	25.484	1,2	5,20
Pontecesures	1.709	0,1	1.195	0,1	-30,08
Ribadeo	511.854	26,6	542.905	26,0	6,07
Ribeira	38.582	2,0	11.619	0,6	-69,89
Aldán			80		
A Guarda-A Pasaxe			10		
Muros	57		57		
Canido	26		24		-7,58
Cambados-Tragove	15		15		
Portonovo	72		72		

Fonte: Portos de Galicia

■ 3.2.43.

anterior. A nivel provincial obsérvase a notable redución do transporte ferroviario de mercadorías nas catro provincias galegas, en concreto, destaca o descenso do 35,6% do tonelaxe transportado na provincia de Lugo. En termos absolutos, a provincia de A Coruña, con 1,5 millóns de toneladas métricas, representa o 72,7% do total, máis no ano 2013 descende un 19,3% o seu volume de tráfico, o que supón 443 mil toneladas menos, o 92,4% do descenso total da Comunidade concéntrase nesta provincia (**táboa 3.2.41.**).

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo, a través do que se moven o 23,1% do total de mercadorías transportadas en Galicia no ano 2013. Galicia no último ano presentou un descenso do tráfico portuario de mercadorías. Os portos de interese xeral moveron un total de 31.234 miles de toneladas (o 6,9% do total estatal), sendo o de Ferrol-San Cibrao o de maior movemento, ao acoller o 40,2% do tráfico total de mercadorías (12.541 miles de toneladas),

seguido de cerca polo porto de A Coruña, cun 37,4% (11.697 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos, agás o de Vigo, rexistran caídas no movemento de mercadorías, salientando os de A Coruña e Ferrol-San Cibrao, con baixadas superiores ao millón de toneladas en ámbolos dous casos. En termos relativos os citados portos perden respectivamente o 10,9% e o 8,5% do total do seu tráfico no ano 2013.

No que respecta ao tipo de mercadorías, a pesar da redución de máis do 13% en relación ao ano anterior, o movemento máis importante, en termos absolutos, corresponde aos graneis sólidos, con 14.008 miles de toneladas, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 64,2% (9.000 miles de toneladas) e o porto de A Coruña un 26,3% (3.688 miles de toneladas). Séguelle en importancia o volume do movemento de graneis líqui-

Tráfico comercial aéreo 2012-13 ⁽¹⁾

Operacións			
	2012	2013	13/12
Aeropertos galegos	44.388	42.609	-4,0
A Coruña	13.693	13.306	-2,8
Santiago	19.511	18.668	-4,3
Vigo	11.184	10.635	-4,9
Total España	1.924.866	1.790.861	-7,0
Galicia / España (%)	2,3	2,4	--
Pasaxeiros			
	2012	2013	13/12
Aeropertos galegos	3.868.787	3.591.612	-7,2
A Coruña	845.451	839.837	-0,7
Santiago	2.194.611	2.073.055	-5,5
Vigo	828.725	678.720	-18,1
Total España	194.230.699	187.361.347	-3,5
Galicia / España (%)	2,0	1,9	--
Mercadorías			
	2012	2013	13/12
	(en Kg.)		(%)
Aeropertos galegos	2.582.354	2.443.958	-5,4
A Coruña	195.614	66.816	-65,8
Santiago	1.815.840	1.928.838	6,2
Vigo	570.900	448.304	-21,5
Total España	651.225.235	638.087.365	-2,0
Galicia / España (%)	0,4	0,4	--

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos); datos 2013 son provisionais
Fonte: AENA

■ 3.2.44.

dos, con 9.435 miles de toneladas, das que o 69,5% (6.559 miles de toneladas) corresponden ao porto de A Coruña.

O porto de Vigo move o 63% das descargas de pesca fresca, sendo Galicia a que centraliza o 56,6% das descargas xestionadas no conxunto dos portos de interese xeral estatais.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no ano 2013 descárganse 2.085 miles de toneladas de mercadorías, un 8,2% máis que no ano anterior, sendo o porto de Cari-

ño o que presenta o maior movemento de mercadorías, con 549 miles de toneladas (un 0,8% menos que en 2012), seguido do porto de Ribadeo, con 543 miles de toneladas. Entre ámbolos dous portos acollen o 52,3% do volume total de mercadorías descargadas.

Os portos xestionados por Portos de Galicia que presentan unha merma importante, en termos absolutos, no tráfico de mercadorías cargadas e descargadas son Celeiro e Ribeira, con 57 mil e 27 mil toneladas menos, fronte ao incremento en máis de 175 mil toneladas no volume de merca-

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2012-13

	Liña regular			Cruceiros		
	2012	2013	13/12 (%)	2012	2013	13/12 (%)
Total	689.504	768.028	11,4	390.323	338.698	
A Coruña	5.994	9.468	58,0	140.890	156.890	11,4
Ferrol-San Cibrao	14	6.941		7.069	10.801	52,8
Marín	116.044	147.412	27,0	-	-	
Vigo	566.566	602.476	6,3	240.352	168.808	-29,8
Vilagarcía	886	1.731	95,4	2.012	2.199	9,3
Total Portos do Estado	19.258.772	21.064.882	9,4	7.596.784	7.667.805	0,9
Galicia / España (%)	3,58			5,14		

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

■ 3.2.45.

dorías xestionadas polo porto de Burela no pasado ano.

Finalmente, no que respecta ao transporte aéreo, destacar que no ano 2013 descende nun 5,4% o volume de mercadorías transportadas nos tres aeroportos galegos, acadando un total de 2.444 toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal (**táboa 3.2.44.**).

O aeroporto de Santiago é o único que obtén un resultado positivo en canto a que incrementa nun 6,2%, ata as 1.929 toneladas, as mercadorías xestionadas, mentres no aeroporto de A Coruña redúcese nun 65,8% e no de Vigo, nun 21,5%.

En relación ao transporte de pasaxeiros, aínda que de escasa contía, a pesar do incremento en relación ao ano 2012, o ferrocarril incide de xeito fundamental na mobilidade intrarrexional e interrexional das persoas. O número de viaxeiros de media distancia convencional redúcese en Galicia no último ano un 2,2%, acadando os 3 millóns, mentres que os viaxeiros de longa distancia aumentan un 41,9%, acadando os 521 mil (**cadro 3.2.41.**).

A provincia de A Coruña acolle o 57,5% dos viaxeiros de media distancia convencional, seguida pola provincia de Pontevedra, co 33,9% do total. No que respecta á longa distancia, a provincia de A Coruña seguida da de Ourense, con 218 mil e 136 mil viaxeiros, respectivamente, son as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións.

No concernente ao transporte marítimo, o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral aumentou nun 2,5% no ano 2013 en relación ao ano anterior. O incremento do 11,4% no número de viaxeiros de liña regular, compensou o descenso do 13,2% dos pasaxeiros de cruceiros. Este descenso de cruceiristas prodúcese exclusivamente no porto de Vigo, con 71 mil pasaxeiros menos (**táboa 3.2.45.**).

No que atinxe ao transporte aéreo, o ano 2013 mostra resultados negativos para o conxunto do sistema aeroportuario galego, con reducións no número de operacións, pasaxeiros e a xa citada de mercadorías.

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos diminúe un 4% respecto ao ano precedente, este descenso é xeneralizado nos tres aeroportos

Entidades de crédito en Galicia e España 2009-13 (1): oficinas, depósitos do sector privado e créditos

Oficinas				Depósitos (2)				Créditos		
				Galicia						
Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España		Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforo	Depósitos a prazo	Totais	Administracións públicas	Outros sectores residentes
(en millóns de euros)										
2009	2.395	19	1	50.819,60	8.618,95	13.848,71	28.351,95	71.282,70	1.791,10	69.491,60
2010	2.357	15	1	53.034,98	8.821,78	14.199,69	30.013,51	70.509,14	2.611,96	67.897,18
2011	2.136	15	1	51.377,64	7.654,97	14.275,81	29.446,85	64.075,94	2.584,37	61.491,57
2012	2.005	14	1	50.851,38	7.347,63	14.352,01	29.151,74	55.021,20	3.060,90	51.960,31
2013	1.834	9	1	53.892,91	8.555,30	15.432,00	29.905,61	50.284,99	2.710,02	47.574,97
				España						
Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España		Totais	Depósitos á vista	Depósitos de aforo	Depósitos a prazo	Totais	Administracións públicas	Outros sectores residentes
(en millóns de euros)										
2009	44.085	345	23	1.142.012,51	265.612,77	207.850,10	668.549,64	1.837.760,76	61.227,70	1.776.533,06
2010	42.894	270	23	1.148.252,85	263.438,79	211.346,04	673.467,99	1.856.783,28	74.492,01	1.782.291,27
2011	39.843	260	16	1.109.655,98	267.600,49	203.004,25	639.051,21	1.798.025,74	82.989,19	1.715.036,55
2012	37.903	239	16	1.100.443,70	264.840,64	199.112,41	636.490,67	1.633.833,96	96.890,36	1.536.943,59
2013	33.527	186	16	1.134.914,18	290.344,07	206.530,42	638.039,71	1.469.010,40	76.626,63	1.392.383,77

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: depósitos contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fonte: IGE

■ 3.2.46.

galegos, con reducións do 4,9% no aeroporto de Vigo (10.635 operacións, 549 menos que no ano 2012), do 4,3% no aeroporto de Santiago (18.668 operacións, 843 menos que no ano anterior) e do 2,8% no aeroporto de A Coruña (13.306 operacións, 387 menos que no ano anterior). Comparando co total do Estado, Galicia acolle o 2,4% do total de operacións.

O número de pasaxeiros nos aeroportos galegos redúcese ata os 3.591.612 persoas, un 7,2% inferior ao rexistrado en 2012. Igual que acontece co número de operacións, a redución no número de pasaxeiros afecta aos tres aeroportos galegos, destacando o descenso no aeroporto de Vigo, con 150.005 pasaxeiros menos que no ano anterior (un 18,1% menos). O aeroporto de Santiago segue sendo o que acolle o maior número de viaxeiros, con 2.073.055 (o 57,7% do total de Galicia), seguido do aeroporto de A Coruña, con

839.837 persoas (23,4%), e finalmente o aeroporto de Vigo, con 678.720 viaxeiros (18,9% do total galego). Destacar que o descenso medio de pasaxeiros nos aeroportos do Estado foi do 3,5%, moi inferior ao 7,2% sufrido en Galicia, o que provoca que o peso relativo do tráfico de pasaxeiros aéreos galegos no total estatal pase do 2% en 2012 ao 1,9% en 2013.

● Sector financeiro

No ano 2013 continúa o proceso de reestruturación e recapitalización do sector bancario español.

O cambio estrutural que se pretende co proceso de reestruturación bancaria favorece a redución no número de oficinas bancarias; neste senso, no ano 2013 en Galicia existen 1.834 oficinas de entidades de crédito, 171 menos que no ano

Oficinas das entidades de crédito 2008-13: distribución segundo concello

	2008	2013
A Coruña	994	746
Coruña, A	306	210
Ferrol	60	42
Santiago de Compostela	113	85
Resto de concellos	515	409
Lugo	336	273
Lugo	89	65
Resto de concellos	247	208
Ourense	375	242
Ourense	123	84
Resto de concellos	252	158
Pontevedra	829	582
Pontevedra	89	60
Vigo	317	219
Resto de concellos	423	303
Total	2.534	1.843

Fonte: IGE

■ 3.2.47.

Créditos en Galicia e España 2000-13



Fonte: IGE

■ 3.2.48.

**Créditos a outros sectores residentes para o financiamento de actividades
productivas en España 2004-13: distribución segundo sector**

Crédito total

	Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
	<i>(en millóns de euros)</i>				
2004	482.984	18.104	90.487	78.372	296.020
2005	604.061	20.738	104.695	100.761	377.867
2006	781.644	23.014	119.488	134.317	504.825
2007	943.087	25.245	141.571	153.453	622.818
2008	1.016.948	26.244	156.141	151.848	682.716
2009	991.363	23.123	152.199	130.438	685.602
2010	989.042	23.185	151.547	121.638	692.672
2011	957.539	22.260	145.257	103.969	686.054
2012	883.674	20.893	136.026	88.018	638.737
2013	723.846	18.823	120.794	64.074	520.156

Crédito dudoso

	Total	Sector primario	Industria	Construcción	Servizos
	<i>(en millóns de euros)</i>				
2004	4.397	206	1.195	617	2.379
2005	5.215	250	1.305	723	2.941
2006	5.269	272	1.463	622	2.912
2007	6.979	318	1.393	1.111	4.157
2008	37.293	582	3.225	7.461	26.025
2009	61.913	785	6.222	11.069	43.837
2010	72.158	933	6.791	12.803	51.630
2011	97.072	1.223	7.365	16.146	72.337
2012	132.078	1.693	10.178	21.030	99.177
2013	135.786	2.322	14.178	19.088	100.198

Fonte: Banco de España

■ 3.2.49.

anterior. En termos relativos, o descenso en Galicia foi do 8,5%, fronte ao 11,5% de descenso medio no conxunto do Estado (**táboa 3.2.46.**). Desde o principio da crise, no ano 2008, 14 concellos galegos non dispoñen de ningunha oficina de entidade de crédito na súa localidade.

No ano 2013, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, medra o volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito, pasando en Galicia de 50,8 mil millóns de euros no ano 2012 a 53,9 mil millóns no ano 2013, un aumento do 6%, superior ao acontecido de media en España (3% máis). O aumento no volume dos depósitos afecta tanto aos depósitos á vista como aos depósitos de aforro e a prazo.

Finalmente, xunto ao citado aumento no volume de depósitos, prodúcese novamente no ano 2013 un descenso do 8,6% no valor dos créditos totais concedidos polas entidades en Galicia, pasando de 55 mil millóns de euros no ano 2012 a 50 mil millóns no ano 2013. Este descenso é porcentualmente inferior ao acontecido de media no Estado, que foi do 10,1%. No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia diminúen os créditos concedidos ás Administracións públicas (11,4% menos que no ano anterior) e diminúen os concedidos aos restantes sectores residentes (8,4% menos).

A nivel estatal os datos de distribución de crédito por finalidades mostran o continuo descenso

Créditos a outros sectores residentes en España 2004-13: distribución segundo finalidades

Crédito total								
Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH	Sen clasificar	
		Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto			
(en millóns de euros)								
2004	945.697	482.984	441.443	333.826	38.379	69.238	3.677	17.594
2005	1.202.628	604.061	576.253	448.687	45.928	81.638	4.666	17.648
2006	1.508.626	781.644	700.294	548.740	51.461	100.094	5.704	20.983
2007	1.760.213	943.087	789.250	623.540	56.576	109.133	6.089	21.788
2008	1.869.882	1.016.946	819.412	655.145	54.176	110.092	6.091	27.431
2009	1.837.038	991.363	813.939	654.566	49.273	110.101	5.523	26.213
2010	1.838.846	989.042	814.050	659.485	43.689	110.877	5.763	29.991
2011	1.803.365	957.539	799.268	657.328	39.360	102.581	6.291	40.267
2012	1.704.863	883.674	771.475	641.644	33.855	95.977	6.886	42.828
2013	1.501.893	723.846	730.315	614.749	27.281	88.286	6.674	41.058

Crédito dubidoso								
Total	Financiamento actividades productivas	Outro financiamento a fogares				ISFLSH	Sen clasificar	
		Total	Adquisición e rehabilitación de vivenda	Bens de consumo duradeiro	Resto			
(en millóns de euros)								
2004	7.587	4.397	2.830	1.013	756	1.061	40	319
2005	9.635	5.215	4.073	1.751	877	1.445	44	303
2006	10.860	5.269	5.167	2.333	1.145	1.689	49	375
2007	16.251	6.979	8.797	4.495	1.694	2.608	47	427
2008	63.083	37.293	24.346	15.580	2.873	5.893	49	1.395
2009	93.329	61.913	29.931	18.879	3.755	7.297	54	1.431
2010	101.209	72.158	27.790	17.138	3.225	7.428	80	1.182
2011	125.237	97.072	26.963	17.359	2.487	7.117	163	1.041
2012	166.509	132.078	33.048	22.333	1.996	8.719	240	1.143
2013	181.234	135.786	44.083	31.808	1.838	10.436	396	969

Fonte: Banco de España

■ 3.2.50.

dende o ano 2008 dos créditos destinados ao financiamento de actividades produtivas e o paralelo incremento dos créditos de dubidoso cobro con esa mesma finalidade. ■

3.3.

SECTOR EXTERIOR

O tono da economía internacional mellorou no exercicio 2013 de xeito gradual, mellora máis apreciable nos países desenvolvidos, e máis en concreto na zona euro.

A firma do acordo orzamentario nos Estados Unidos contribuíu a atenuar a incertidume nos mercados financeiros, o que, xunto ás reducidas taxas de inflación, fai prever unha certa estabilidade no curto prazo das políticas monetarias expansivas. Así mesmo ao longo do ano 2013 asistimos a unha certa estabilidade no prezo do petróleo Brent.

A economía da UE-28, principal socio comercial de España, consolida no exercicio 2013 a súa recuperación en termos de PIB, rexistrándose un lixeiro aumento do 0,1% en relación ao ano 2012.

A economía española no conxunto do exercicio 2013 diminuíu un 1,2%, mellorando en catro décimas respecto ao ano anterior. Esta evolución foi consecuencia dunha contribución moito


menos negativa da demanda nacional, e dunha contribución positiva da demanda exterior neta.

O incremento das exportacións de bens e servizos en España situouse no 3,7% no cuarto trimestre do ano, en termos de variación interanual, dúas décimas máis que no trimestre anterior; do mesmo xeito, as importacións tamén aceleraron o seu crecemento ata o 2,7% no cuarto trimestre (0,6% no trimestre precedente).

No conxunto do Estado, no ano 2013, dentro dos avances experimentados polas exportacións na gran maioría dos sectores económicos, destaca a crecente relevancia dos sectores de tecnoloxía media-alta. Neste senso, as exportacións de bens de equipo supoñen o 20,7% do total, rexistrando un crecemento interanual do 10,9%, contribuíndo en 2,3 puntos ao aumento total das exportacións españolas.

Así mesmo, as exportacións de automóbiles, que representaron un 14,3% do total en 2013, aumentaron un 9,7% respecto do ano anterior.

Exportacións, importacións e PIB 2011-12 (1)



(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados), base 2008; datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 27-02-2014)
Fonte: IGE

■ 3.3.1.

No referente ás importacións españolas, o principal sector importador é o de produtos enerxéticos, cun 22,8% do total, retrocedendo un 7,7% en relación ao ano anterior. As importacións non enerxéticas (77,2% do total) aumentou lixeiramente, un 0,8% respecto ao ano anterior.

O déficit comercial español corrixiuse un 55% no exercicio 2013, situouse en 11.551 millóns de euros (-25.669 en 2012). Esta mellora debeuse á ampliación no superávit non enerxético e, en menor medida, á redución do déficit enerxético.

O déficit de rendas diminuíu no ano 2013 ata 16.111 millóns de euros, reducíndose un 13,9% respecto ao ano anterior. Polo contrario, o saldo negativo das transferencias correntes aumentou nun 34,8% (-5.548 millóns de euros en 2013).

A conta de capital, presentou un saldo positivo de 7.603 millóns de euros, incrementándose en termos interanuais un 15,4%.


Finalmente, a economía española rexistrou unha capacidade de financiamento de 14.734 millóns

de euros no ano 2013, o que contrasta coa necesidade de financiamento existente no ano 2012 (-4.930 millóns de euros).

O comportamento das exportacións españolas no ano 2013, desglosadas por Comunidades Autónomas foi heteroxéneo, destacando, dentro das de maior importancia relativa, a Comunidade de Madrid (13% do total) e a Comunidade Valenciana (10,1% do total), sendo tamén significativo o aumento nas venda exteriores de Galicia (7,9% do total) que se situou no 11,7%.

Respecto das importacións, no ano 2013 aumentaron o seu valor en oito Comunidades Autónomas e se reduxeron no resto. En Galicia as compras diminuíron nun 3,2%.

O sector exterior galego aporta unha contribución positiva ao crecemento agregado, como consecuencia da existencia dun saldo comercial positivo co resto do mundo. En Galicia no ano 2013 increméntase un 11,7% o valor das exportacións ao resto do mundo e redúcese un 3,1% o valor das importacións, o que supón que o

Exportacións nas CC.AA. 2012-13 ⁽¹⁾: porcentaxe sobre o valor total das exportacións españolas

(1) datos 2013 son provisionais

Fonte: Secretaría de Estado de Comercio

■ 3.3.2.

Importacións e exportacións 2012-13 ⁽¹⁾: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
	(en miles de euros)				(%)			
Total (2)	28.957.606	30.745.592	29.027.504	31.590.232	69.898	844.640	100,2	102,7
Resto de CC.AA. (3)	14.108.876	16.360.939	12.528.270	13.166.451	-1.580.606	-3.194.488	88,8	80,5
Resto do mundo	14.848.730	14.384.653	16.499.234	18.423.781	1.650.504	4.039.128	111,1	128,1
Áreas xeográficas								
Europa								
Zona Euro	5.882.459	6.174.647	9.601.764	10.587.401	3.719.305	4.412.754	163,2	171,5
UE-15	6.711.937	7.017.062	10.361.346	11.525.522	3.649.409	4.508.460	154,4	164,2
UE-27	7.094.198	7.458.976	11.155.035	12.340.398	4.060.838	4.881.423	157,2	165,4
Países candidatos á UE	354.715	369.967	408.660	529.262	53.945	159.295	115,2	143,1
OCDE	9.045.357	9.357.837	12.923.794	14.419.823	3.878.437	5.061.986	142,9	154,1
OPEP	1.756.286	1.483.671	1.053.521	985.433	-702.765	-498.238	60,0	66,4
Mercosur	304.631	330.161	302.868	643.791	-1.763	313.630	99,4	195,0
EEUU	328.907	214.736	392.154	381.011	63.247	166.275	119,2	177,4
América Latina	1.936.258	1.932.707	997.778	1.271.651	-938.481	-661.056	51,5	65,8

(1) datos 2012 e 2013 son provisionais

(2) valor total de exportacións e importacións de bens e servizos a partir das Contas Económicas Trimestrais do IGE (PIB pm, índices de volume encadenados, base 2005 (consulta: 30-03-2014)

(3) diferenza entre o valor total de exportacións e importacións e o valor do comercio galego coa UE e terceiros países

Fonte: IGE

■ 3.3.3.

saldo comercial de Galicia co resto do mundo é 2,5 veces superior ao contabilizado no ano precedente.

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 31.590 millóns de euros e as importacións ascenderon a 30.746 millóns de euros. No ano 2013, a taxa de cobertura acada o 102,7%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculado tendo en conta as importación e exportacións totais de bens e servizos entre o PIB galego) foi do 58,7% (56,8% no ano anterior).

O principal mercado dos produtos galegos o constitúe o resto das Comunidades Autónomas españolas, ao acoller o 53,2% das importacións e o 41,7% das exportacións de Galicia. A diferenza do acontecido no 2012, no ano 2013 aumenta o déficit comercial co resto das CC.AA., que se situou nos -3.194 millóns de euros, tras un aumento das importacións superior ao aumento das exportacións galegas ás restantes CCAA.

COMERCIO EXTERIOR CON TERCEIROS PAÍSES

Galicia, en relación ao comercio con terceiros países, aumenta no ano 2013 o saldo positivo da súa balanza comercial nun 145%, explicable polo leve descenso do valor das importacións fronte ao importante incremento do valor das exportacións. Neste senso, o valor das importacións galegas no ano 2013 redúcese en 464 millóns de euros (3,1% menos), fronte ao incremento de máis de 1.900 millóns no valor das exportacións (11,7% máis).

A consolidación da recuperación económica en termos de PIB na zona euro, en concreto o retorno a taxas de crecemento positivo de países como Alemaña e, especialmente, Francia grazas á mellora do seu consumo privado e á recupera-

ción do investimento, que levaba retrocedendo dous anos consecutivos, apuntala a mellora do saldo comercial galego con terceiros países.

As exportacións galegas á zona euro pasan de representar no ano 2012 o 58,2% do total, ao 57,5% no ano 2013, a pesar do incremento de 985 millóns de euros. No que respecta ás importacións, derivada da xa citada estabilidade no prezo do petróleo, cómpre salientar a redución do 15,5% do valor dos bens e servizos con orixe nos países da OPEP, así como a redución do 34,7% no valor das importacións procedentes dos EEUU.

Tal como acontece no conxunto do Estado, a actividade comercial con terceiros países en Galicia increméntase no ano 2013. Neste senso, o saldo comercial positivo galego amplíase en máis de 2.388 millóns de euros, fronte á redución do 48,1% no déficit comercial español, que acadou os -15.955 millóns de euros.

Nembargante, o citado saldo comercial positivo da economía galega representa as relacións comerciais con terceiros países, xa que o saldo comercial co resto de Comunidades Autónomas é negativo, incrementándose o citado déficit en relación ao ano anterior, acadando os -3.194 millóns de euros fronte ao acadado no ano 2012, onde as importacións galegas a outras Comunidades eran 1.650 millóns de euros superiores ao valor das exportacións dentro de España. A ampliación do déficit comercial galego intracomunitario é consecuencia, do incremento dun 16% do valor das importacións, fronte a un incremento do 5,1% no valor das exportacións.

A nivel provincial, as catro provincias galegas, presentan melloras no seu saldo comercial con terceiros países, sendo o incremento máis importante, en termos absolutos, a que se produce na provincia de Pontevedra, que, cun saldo comer-

Importacións e exportacións de Galicia e España 2012-13

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12	2012	2013	13/12
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	15.008,9	14.353,1	-4,4	16.662,8	18.419,6	10,5	1.653,9	4.066,5	2.412,5
A Coruña	8.381,7	7.638,4	-8,9	8.018,3	8.403,0	4,8	-363,5	764,6	1.128,0
Lugo	1.050,6	915,0	-12,9	936,2	822,6	-12,1	-114,5	-92,5	22,0
Ourense	442,2	378,5	-14,4	698,3	756,9	8,4	256,1	378,4	122,3
Pontevedra	5.134,4	5.421,2	5,6	7.010,1	8.437,2	20,4	1.875,8	3.015,9	1.140,2
España	257.945,6	250.195,2	-3,0	226.114,6	234.239,8	3,6	-31.831,0	-15.955,4	15.875,6
Galicia/España (%)	5,8	5,7		7,4	7,9		-5,2	-25,5	

Fonte: Secretaría de Estado de Comercio

■ 3.3.4.

cial positivo no ano 2013 de 3.016 millóns de euros, o máis elevado das catro provincias, incrementou en máis de 1.140 millóns de euros o seu saldo comercial en relación ao ano anterior, o que supón un 60,8% máis, favorecido polo incremento do 20,4% no valor das súas exportacións. Lugo é a única provincia galega que presenta un saldo comercial negativo con terceiros países, acadando no ano 2013 un saldo comercial negativo de 92,5 millóns de euros.

Finalmente, destacar que as provincias de Pontevedra e A Coruña están situadas no sexto e sétimo posto, respectivamente, no ranking de provincias españolas con maior valor das exportacións, cando no ano anterior A Coruña estaba situada no sétimo posto e Pontevedra no duodécimo.

● Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas, segundo os datos proporcionados pola Secretaría de Estado de Comercio, ascendeu no último ano a 14.353 millóns de euros (656 millóns menos que en 2012), o que representa o 5,7% do valor total das importacións españolas. Este descenso no valor das importacións galegas afecta a todas as

provincias galegas, agás Pontevedra. Neste senso, a provincia de A Coruña reduce un 8,9% o valor das súas importacións, Lugo un 12,9% e Ourense un 14,4%; sendo a provincia de Pontevedra a única que incrementa, nun 5,6%, o valor das súas importacións no ano 2013. A provincia de A Coruña segue sendo a máis importante no que ao valor das súas importacións se refire, acollendo ao 53,2% das importacións totais galegas (Pontevedra abrangue o 37,8%).

Por sectores de actividade, o sector enerxético é o primeiro en valor de importacións, con 3.787 millóns de euros no ano 2013, un 13,2% menos que no ano anterior, sendo este o sector que, en termos absolutos, reduce en maior medida o valor das súas exportacións.

As importacións de alimentos son as segundas en importancia, reducíndose en máis de 75 millóns de euros en valores absolutos, representando o 16,8% do valor total das importacións en Galicia.

O terceiro sector en importancia é o do automóbil; este sector, xunto coas manufacturas de consumo, é o único que incrementa o valor das súas importacións no ano 2013, en máis de 234

millóns de euros, un 12,1%, acadando o 15,2% do total de importacións galegas no ano 2013.

En canto ao peso relativo no valor total das importacións españolas, destaca a importancia das actividades englobadas dentro dos subsectores dos produtos alimentarios, o sector do automóbil e as manufacturas de consumo, que supoñen o 8,8%, 8,5% e 8,1% das compras españolas respectivamente. Neste ámbito destacar o incremento do peso do sector do automóbil galego, que pasa do 7,9% do total no ano 2012 ao xa nomeado 8,5% do valor total das importacións realizadas polo sector a nivel estatal.

Se a análise descende ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.6.**, os dous primeiros capítulos importadores acollen o 41,6% do valor das importacións galegas. Neste ano 2013 os dous primeiros capítulos importadores volven a ser o capítulo 27 ("Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais"), que, tras unha redución do 13,2%, representa o 26,3% das importacións e se sitúa como o primeiro capítulo importador, por diante do relativo ao de "Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (87), que, tras aumentar no ano 2013 un 13%, supón o 15,3% do valor total das compras.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea. Segundo os datos do **cadro 3.3.3.**, o 51,8% do valor total das compras exteriores procede da UE-27 (7.459 millóns de euros). Fóra da UE, a nivel individual, cabe salientar un ano máis as compras realizadas dende Galicia a México, China, Marrocos e EEUU, que supoñen respectivamente o 6,9%, o 3,9%, o 2,4% e o 1,5% das importacións totais a terceiros países desde Galicia. O principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA (Peugeot-Citroën) en Vigo, é Francia,

con 2.362 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.758 millóns.

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da zona euro segundo capítulos (**cadro 3.3.6.**), as importacións de produtos do capítulo 87 ascenden a 2.043 millóns de euros, o que representa o 33,1% das importacións galegas da zona euro, así como destacar que o 92,9% do valor total das importacións galegas do capítulo 87 proceden desta área xeográfica.

O segundo capítulo importador corresponde ao capítulo 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), cun importe de 558 millóns de euros, representando o 9% do total das importacións galegas que veñen dos países da zona euro e o 81,5% do valor das importacións galegas correspondentes ao devandito capítulo.

No caso de Francia, os dous capítulos máis importantes en termos absolutos son os mesmos que os citados como máis importantes dentro da zona euro, o 87 ("Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") e o 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), que representan o 77,2% das compras nese país. No caso de Portugal, os capítulos máis importantes son o 61 ("Prendas e complementos de vestir de punto"), o capítulo 87 ("Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios"), e 72 ("Fundición, ferro e aceiro"), e por esa orde, que representan conxuntamente o 36,4% do total de importacións galegas con orixe en Portugal.

● Exportacións ao exterior

No ano 2013, as exportacións galegas a terceiros países retoman a senda de crecemento, despois do descenso sufrido no exercicio anterior. As exportacións galegas increméntanse no ano

Importacións e exportacións 2013: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe	13/12	peso relativo	Galicia/España	Importe	13/12	peso relativo	Galicia/España
	(en miles de euros)		(%)		(en miles de euros)		(%)	
Total	14.353.101,1	-4,4	100,0	5,7	18.419.568,0	10,5	100,0	8,2
Alimentos	2.412.942,1	-3,0	16,8	8,8	2.252.350,8	-2,1	12,2	6,3
Enerxéticos	3.786.808,0	-13,2	26,4	6,6	1.001.777,0	-3,7	5,4	6,2
Materias primas	558.051,4	-3,7	3,9	5,9	835.378,7	13,3	4,5	13,9
Bens de equipamento	1.125.963,1	-13,6	7,8	2,6	2.897.377,8	17,8	15,7	6,0
Semimanufacturas	2.029.614,4	-3,5	14,1	3,7	2.192.660,8	2,2	11,9	3,7
Sector Automóbil	2.177.085,6	12,1	15,2	8,5	3.965.771,2	26,8	21,5	11,8
Bens de consumo duradeiro	156.232,5	6,4	1,1	2,8	170.897,9	22,6	0,9	4,8
Manufacturas de consumo	2.102.435,5	1,8	14,6	8,2	4.377.364,1	8,6	23,8	21,3
Outras mercadorías	3.968,5	-78,3	0,0	0,4	725.989,8	6,4	3,9	6,2

Fonte: Secretaría de Estado de Comercio

■ 3.3.5.

2013 en case un 12%, acadando as exportacións a terceiros países no último ano os 18.424 millóns de euros, o que representa o 7,9% das exportacións españolas, cinco décimas superior ao peso do ano precedente.

As provincias galegas, agás Lugo, aumentan o valor das súas exportacións. Cun incremento do 20,4% (1.427 millóns máis) respecto ao ano 2012, Pontevedra pasa a ser a provincia co maior volume de exportacións, concentrando o 45,8% das exportacións galegas. Na provincia de A Coruña aumenta o valor das exportacións nun 4,8%, acadando os 8.403 millóns, acoollendo o 45,6%. O 91,4% do total das exportacións galegas concéntranse nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

Atendendo á desagregación sectorial, o **cadro 3.3.5.** reflicte o descenso no valor das exportacións dos produtos alimenticios, e enerxéticos, fronte ao incremento das materias primas, bens de equipamento, semimanufacturas, sector do automóbil, bens de consumo duradeiro, manufacturas de consumo e outras mercadorías.

O capítulo máis importante en canto ao importe

das exportacións é o de "Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios" (Taric 87), que concentra o 27,8% das exportacións galegas. Este capítulo de exportación incrementa o seu valor no ano 2013, un 28% en relación ao ano anterior, aproximándose ao valor das exportacións antes da crise económica, no ano 2008, con todo aínda un 12,3% por debaixo.

A continuación estarían os capítulos correspondentes a "Prendas e complementos de vestir, agás os de punto" (Taric 62), que representa o 12,1% das vendas, a "Roupa e complementos de vestir, de punto" (Taric 61), que representan o 6,3% a "Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais" que representa o 5,4% do total de vendas, e a "Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos" (Taric 3), co 5,3% do valor total das exportacións (**cadro 3.3.7.**).

A zona euro concentra o 57,5% do valor total das exportacións galegas ao exterior (10.587 millóns de euros), sendo Francia, por mor do papel da factoría Citroën en Vigo, o principal destino das

Importacións 2008-13: distribución segundo principais capítulos TA

			2008-13			
Nº	Cap.	Denominación	2008	2009	2010	2011
(en miles de euros)						
1	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	3.310.696,2	2.313.040,4	3.161.489,2	3.945.151,2
2	87	Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	2.582.747,2	2.742.485,9	2.289.293,6	1.715.885,1
3	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	1.306.499,1	1.007.454,8	1.224.019,2	1.344.788,5
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	853.525,4	806.682,2	900.961,5	859.175,5
5	72	Fundición, ferro e aceiro	1.234.863,9	629.450,5	730.067,1	886.205,7
6	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	506.956,3	487.623,7	428.504,5	439.369,2
7	85	Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos	629.194,3	902.576,7	408.235,2	675.329,1
8	16	Preparación de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	261.101,9	271.289,7	281.692,6	339.906,3
9	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos; partes destas máquinas ou aparellos	555.706,3	390.810,5	358.511,3	387.148,0
10	30	Produtos farmacéuticos	393.238,0	381.018,0	542.202,8	382.212,6
11	39	Materias plásticas e manufacturas destas materias	252.304,3	216.224,4	221.926,5	204.550,5
12	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	291.186,7	164.798,0	237.351,8	260.321,8
13	29	Produtos químicos e orgánicos	103.756,1	56.139,7	86.812,4	122.418,0
14	10	Cereais	217.522,7	200.272,6	202.214,3	294.098,2
15	48	Papel e cartón; manufacturas de pasta de celulosa, de papel ou de cartón	156.261,0	165.964,3	174.939,5	174.776,3
Total dos principais capítulos			12.655.559,4	10.735.831,4	11.248.221,5	12.031.336,0
Resto			2.842.988,4	2.430.047,1	2.461.743,4	2.323.840,4
Total			15.498.547,8	13.165.878,5	13.709.964,9	14.355.176,4

Fonte: IGE

■ 3.3.6.

RIC e orixe

2012	2013		2013		
			Países da zona Euro	Francia	Portugal
		(% / total)	(en miles de euros)		
4.361.716,9	3.786.808,0	26,3	313.519,0	82.550,0	42.853,1
1.947.438,7	2.199.787,1	15,3	2.042.699,3	1.582.084,7	189.293,7
1.377.638,9	1.328.967,9	9,2	286.890,0	86.391,5	127.610,3
909.744,1	927.848,5	6,5	162.789,9	1.543,3	141.241,1
795.636,5	684.498,6	4,8	558.152,8	242.430,6	174.819,5
493.200,7	536.007,9	3,7	306.064,1	1.808,4	275.588,6
620.210,3	527.694,2	3,7	265.491,6	35.878,3	7.106,4
398.712,7	431.959,4	3,0	11.133,9	602,7	7.895,6
459.169,3	372.097,8	2,6	204.437,5	16.638,0	20.740,2
264.817,5	266.039,2	1,8	12.711,0	6.180,4	1.348,7
190.604,3	218.468,0	1,5	173.444,7	41.432,1	53.232,9
266.511,8	217.537,5	1,5	103.402,8	27.247,0	24.919,6
131.019,6	208.829,6	1,5	49.714,8	2.532,0	1.618,9
292.773,4	192.281,3	1,3	20.627,6	14.853,6	2.155,2
170.550,5	168.085,1	1,2	158.881,4	16.194,9	43.611,2
12.679.745,2	12.066.910,1	83,9	4.669.960,4	2.158.367,5	1.114.035,0
2.355.850,1	2.317.742,8	16,1	1.504.686,6	204.088,1	644.526,0
15.035.595,30	14.384.652,90	100	6.174.647,0	2.362.455,6	1.758.561,0

vendas de Galicia, con 4.531 millóns de euros (24,6% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.394 millóns de euros (13%). A distancia están Italia (6,8%), Reino Unido (4,9%) e Alemaña (4,3%).

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da zona euro, **cadro 3.3.7.**, as vendas de produtos do capítulo 87 ascenden a 3.454 millóns de euros, o que representa o 32,6% das exportacións a este espazo. O segundo capítulo exportador, tal como se sinala anteriormente, é o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 1.303 millóns de euros, representa o 12,3% do total das vendas aos países da zona euro.

As exportacións a Francia concéntranse no capítulo 87, que acolle o 68,9% das vendas a ese país e que representan o 61% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo. No caso portugués, o principal capítulo é o 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos") o 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás o punto"), seguido do 44 ("Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira"), ao acoller o 10,9%, o 8,6% e o 8,3% das vendas galegas a Portugal, respectivamente.

INVESTIMENTO GALEGO NO EXTERIOR E ESTRANXEIRO EN GALICIA

Os datos de investimento exterior están recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores (RIE), a partir dos que a Secretaría de Estado de Comercio Exterior, presenta unha explotación estatística para os investimentos estranxeiros nas Comunidades Autónomas que só ofrece datos de investimento bruto, de forma que a análise do investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia baséase en datos de inves-

Exportacións 2008-13: distribución segundo principais capítulos TARIC

			2008-12				
Nº	Cap.	Denominación	2008	2009	2010	2011	2012
(en miles de euros)							
1	87	Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	5.839.019,4	4.844.449,2	4.896.512,9	5.206.435,8	4.002.217,7
2	62	Roupa e complementos de vestir, agás os de punto	1.364.217,0	1.498.356,5	1.564.684,3	1.729.747,2	2.017.747,2
3	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	880.504,9	938.849,8	913.144,5	970.087,5	1.097.144,5
4	27	Combustibles minerais, aceites minerais e produtos da súa destilación; materias bituminosas; ceras minerais	559.512,9	420.063,9	804.652,6	754.961,5	1.040.217,7
5	3	Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos	882.780,9	839.452,2	991.656,3	1.169.914,5	1.085.512,9
6	85	Máquinas, aparellos e material eléctrico e as súas partes; aparellos para a gravación ou reprodución de son, aparellos para a gravación ou reprodución de imaxes e son e televisión e as partes e accesorios destes aparellos	698.969,7	555.693,7	542.229,6	792.336,8	824.217,7
7	72	Fundición, ferro e aceiro	517.341,9	223.053,1	373.642,1	562.118,1	654.019,4
8	16	Preparación de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos	422.708,5	362.683,2	383.473,9	521.847,9	540.849,8
9	84	Reactores nucleares, caldeiras, máquinas, aparellos e artefactos mecánicos; partes destas máquinas ou aparellos	329.068,9	290.300,6	275.890,3	351.542,6	365.019,4
10	44	Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	386.258,1	288.974,8	315.957,4	385.217,9	405.019,4
11	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	317.391,6	209.793,7	280.898,2	326.527,8	330.341,9
12	64	Calzado, polainas, botíns e artigos análogos; partes destes artigos	226.086,7	234.347,1	259.105,6	269.589,5	283.747,2
13	73	Manufacturas de fundición, de ferro ou de aceiro	138.369,2	121.779,2	125.518,7	166.987,7	192.019,4
14	68	Manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas	286.840,3	226.859,5	238.576,3	265.168,6	280.919,4
15	47	Pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas; refugallo e desperdicios de papel ou cartón	204.671,3	159.873,4	253.962,8	234.372,9	238.919,4
Total dos principais capítulos			13.053.741,3	11.214.529,9	12.219.905,5	13.706.856,3	13.358.217,7
Resto			2.686.345,5	2.743.249,4	2.693.300,4	3.443.043,2	3.307.512,9
Total			15.740.086,8	13.957.779,3	14.913.205,9	17.149.899,5	16.665.730,6

Fonte: IGE

■ 3.3.7.

e destino

2	2013		Países da zona Euro	2013	
	(en miles de euros)	(% / total)		Francia	Portugal
00,5	5.121.935,8	27,8	3.454.438,1	3.120.725,2	178.503,8
98,3	2.228.017,6	12,1	1.303.171,0	335.323,5	207.062,6
91,3	1.164.549,2	6,3	742.469,1	174.377,7	123.979,8
11,7	1.001.789,0	5,4	351.996,9	4.083,6	172.618,9
22,0	981.912,3	5,3	710.780,6	65.132,4	261.307,9
88,0	666.432,0	3,6	199.950,6	43.452,2	25.857,6
37,7	585.590,6	3,2	195.582,5	10.096,3	122.124,1
40,7	538.816,3	2,9	439.933,0	126.425,6	90.162,5
38,1	438.293,5	2,4	157.443,1	23.692,5	62.314,2
89,7	424.884,8	2,3	289.551,6	40.638,6	198.653,7
97,5	364.067,6	2,0	295.685,1	112.726,2	85.686,6
22,0	299.822,3	1,6	200.829,0	52.269,8	35.357,2
29,0	296.050,4	1,6	140.715,6	35.669,0	32.818,7
12,8	288.621,4	1,6	170.864,3	88.804,0	8.622,3
29,6	249.973,2	1,4	183.907,9	5.749,1	2.628,4
208,9	14.650.756,0	79,5	8.837.318,4	4.239.165,7	1.607.698,3
54,0	3.773.025,2	20,5	1.750.082,1	292.245,4	786.826,9
762,9	18.423.781,2	100	10.587.400,5	4.531.411,1	2.394.525,2

timento bruto, entendido como o que recolle as operacións de non residentes que supoñan:

- Participacións en sociedades galegas non cotizadas.
- Participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas.
- Constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras.
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

No caso do investimento galego no exterior, recóllense as operacións de residentes que supoñan:

- Participación en sociedades non cotizadas domiciliadas no exterior.
- Participación en sociedades cotizadas domiciliadas no exterior (superior ao 10% do capital).
- Constitución ou ampliación de dotación de sucursais
- Outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados no exterior (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 1.502.530,26.

Tendo en conta as limitacións estatísticas sinaladas, obsérvase como, en termos de investimento estranxeiro bruto, fronte ao significativo descenso no ano 2012, presentouse un aumento importante do volume de investimento estranxeiro en Galicia e do investimento galego no exterior, incrementándose un 17,8% o investimento estranxeiro en Galicia e nun 28,3% no caso do investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior.

Os datos do Rexistro de investimentos españois no exterior reflicten que o investimento bruto estranxeiro en Galicia ao longo do último ano, tal

Exportacións galegas 2010-13: rankings segundo países de destino

	2010	2011	2012	2013
	(en miles de euros)			
Zona Euro	10.249.285	10.885.539	9.741.912	10.587.401
UE-15	10.644.935	11.582.398	10.520.095	11.525.522
UE-28	11.343.519	12.365.275	11.349.234	12.369.530
UE-27	11.314.359	12.331.733	11.316.579	12.340.398
UE-25	11.205.352	12.153.160	11.118.020	12.173.835
Alemaña	536.321	706.651	789.207	797.780
Austria	59.381	84.319	77.498	97.760
Bélxica	292.394	283.483	280.944	313.308
Dinamarca	51.358	60.861	48.992	62.008
Finlandia	31.259	128.216	72.321	57.284
Francia	4.846.297	4.888.449	3.928.560	4.531.411
Grecia	261.885	274.996	228.000	296.676
Irlanda	70.226	76.496	72.117	79.377
Italia	1.139.847	1.289.222	1.269.352	1.247.401
Luxemburgo	16.407	17.112	19.701	25.509
Países Baixos	473.462	421.120	576.819	533.618
Portugal	2.263.969	2.478.137	2.231.831	2.394.525
Reino Unido	493.561	613.740	743.819	904.695
Suecia	65.028	163.804	127.851	120.211
Chipre	147.096	38.091	44.258	42.427
Eslovaquia	15.583	27.547	22.090	29.073
Eslovenia	38.270	40.229	39.863	37.330
Estonia	10.039	18.361	20.656	21.490
Hungría	54.769	58.968	67.783	73.651
Letonia	10.681	12.814	17.155	19.821
Lituania	18.495	24.372	28.698	31.826
Malta	13.348	17.319	15.613	18.474
Polonia	216.143	284.628	298.227	332.371
República Checa	35.992	48.435	43.582	41.853
Bulgaria	22.958	27.767	32.352	35.233
Romania	86.049	150.806	166.207	131.330
Croacia	29.161	33.541	32.655	29.132
Países candidatos á UE	367.542	400.633	412.424	500.130
Estados Unidos	376.907	369.535	392.302	381.011
China	113.516	136.379	170.006	168.976
Marrocos	398.748	383.960	467.446	457.660
OCDE	12.303.600	14.279.707	13.086.649	14.419.823
OPEP	421.669	735.534	1.055.194	985.433
MERCOSUR	369.660	313.064	302.632	688.903
América Latina	748.906	713.997	995.747	1.271.651
Arxentina	86.140	124.568	114.941	417.762
Brasil	263.477	167.022	166.728	191.021
Chile	50.023	67.962	124.342	149.922
Cuba	23.005	16.550	19.501	28.084
Ecuador	18.628	18.065	21.788	30.745
Guatemala	5.254	6.561	9.529	12.169
México	114.638	148.806	158.112	221.773
Panamá	15.918	18.332	20.724	23.474
Perú	24.781	29.978	79.030	30.346
Paraguay	834	1.368	1.411	5.093
El Salvador	3.668	3.533	3.751	4.416
Uruguai	19.209	20.106	19.553	29.914
Venezuela	71.101	46.481	170.163	50.206
Outros países	52.230,30	44.664,70	86.175,70	76.725,30
Total	14.913.206	17.149.900	16.665.763	18.423.781

Fonte: IGE

■ 3.3.8.

Investimento estranxeiro bruto total nas CC.AA. 2012-13

	2012			2013			13/12
	Total	UE - 27		Total	UE - 27		
	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(en millóns de euros)	(% / España)	(en millóns de euros)	(%)
Andalucía	592,9	4,1	191,8	313,3	2,0	113,9	-47,2
Aragón	151,2	1,0	96,9	168,5	1,1	99,2	11,4
Asturias	62,7	0,4	58,2	22,5	0,1	11,6	-64,1
Baleares	265,3	1,8	195,5	785,5	5,0	722,3	196,1
Canarias	70,4	0,5	34,5	36,5	0,2	11,4	-48,2
Cantabria	22,0	0,2	8,0	14,3	0,1	14,0	-35,0
Castela e León	17,4	0,1	12,9	172,3	1,1	150,1	890,2
Castela-A Mancha	51,7	0,4	49,5	7,9	0,1	7,9	-84,7
Cataluña	2.669,1	18,4	2.272,4	3.511,0	22,2	2.647,6	31,5
C. Valenciana	96,3	0,7	25,4	166,2	1,1	119,4	72,5
Extremadura	31,6	0,2	28,1	3,8	0,0	0,0	-88,0
Galicia	185,8	1,3	158,9	219,0	1,4	16,0	17,8
Madrid	9.294,4	63,9	7.099,0	8.635,1	54,6	7.127,1	-7,1
Murcia	24,6	0,2	9,3	52,6	0,3	24,1	114,1
Navarra	161,3	1,1	159,3	7,2	0,0	2,6	-95,5
País Vasco	427,5	2,9	323,8	984,1	6,2	899,0	130,2
A Rioxa	10,3	0,1	9,0	62,2	0,4	61,6	505,9
Ceuta-Melilla	1,4	0,0	1,4	0,4	0,0	0,3	-74,1
Sen asignar	400,4	2,8	293,8	651,9	4,1	564,0	62,8
Total	14.536,4	100,0	11.027,8	15.814,3	100,0	12.592,2	8,8

(consulta: 25-03-2014)

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.9.

como se sinala anteriormente, increméntase de xeito significativo, acadando un total de 219 millóns de euros, aínda moi por debaixo das cifras acadadas no ano 2011, de máis de 500 millóns de euros. Este investimento supón o 1,4% do investimento estranxeiro bruto en España, que se concentra basicamente en Madrid (acolle o 54,6% do mesmo) e Cataluña (cun 22,2%) (**cadro 3.3.9.**).

No ano 2013, a UE-27 é a responsable tan só do 7,3% do investimento bruto estranxeiro en Galicia (16 millóns de euros), fronte ao investimento de case 159 millóns de euros realizado no ano 2012. O incremento do 17,8% do investimento bruto estranxeiro en Galicia, é consecuencia en exclusiva do investimento de 159 millóns de euros realizado dende Brasil, que compensa a espectacular caída dos investimentos de países,

tradicionalmente con gran importancia, como é o caso de Francia, ou Portugal, que descenden os seus investimentos brutos nun 99,3% e nun 77,1%, respectivamente.

As empresas de Portugal, que tradicionalmente eran as máis investidoras en Galicia, pasan a ser as sétimas en volume de investimento, pasando de investir 336 millóns de euros no ano 2011 a 5,9 millóns no ano 2012 e a 1,4 millóns no ano 2013. O investimento procedente de Francia cae drásticamente chegando a ser case inexistente no ano 2013, pasando de aproximadamente 4,5 millóns de euros no ano 2012, a 31 mil euros no ano 2013. O primeiro gran investidor estranxeiro en Galicia, no ano 2013, tal como se sinala anteriormente, é Brasil co 72,5% do investimento estranxeiro total en Galicia. En segundo lugar, México con 35 millóns de euros (16% do total),

Investimento estranxeiro bruto en Galicia 2011-13: distribución segundo país de orixe

	2011	2012	2013
	<i>(en miles de euros)</i>		
Alemaña	-	5,0	472,5
Andorra	-	500,0	-
Arxentina	386,5	40,0	-
Austria	-	-	2,7
Bélxica	3,1	-	3.550,0
Belize	-	40,0	3,0
Brasil	-	1.167,1	158.775,4
Canadá	-	-	3,0
Chile	-	1,5	500,0
China	53.864,5	1.010,9	2.195,1
Colombia	4,5	-	-
Costa Rica	-	2,3	-
Dinamarca	-	-	1,5
Estados Unidos	8,8	184,0	4.191,5
Finlandia	3,6	-	-
Francia	2.013,3	4.510,2	31,0
Grecia	-	-	112,2
Guatemala	-	0,3	-
Irán	-	-	1,6
Islas Maldivas	-	-	150,0
Italia	3.000,0	107.062,6	1,6
Luxemburgo	32.630,9	19.987,4	-
Malta	3,5	978,5	-
Marrocos	1.200,0	-	-
México	4.235,6	9.670,7	35.020,3
Noruega	-	-	226,5
Nova Zelandia	1,5	-	-
Países Baixos	3.863,1	1.172,4	10.107,3
Panamá	184,5	4.064,5	850,0
Perú	-	3,0	-
Portugal	335.831,6	5.986,9	1.371,5
Reino Unido	83.196,5	19.190,5	300,5
Rusia	-	13,0	27,6
Suecia	1.303,9	-	-
Suíza	60,0	103,7	100,0
Uruguay	-	4.869,4	4,0
Venezuela	2.810,8	5.248,0	952,7
Total	524.606,2	185.811,8	218.951,4

(consulta: 16-04-2014)

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ **3.3.10.**

seguidos a distancia polos Países Baixos (4,6% do total) e Estados Unidos (1,9% do total) (**cadro 3.3.10.**).

Os cambios significativos que se producen ao longo do ano 2013 no ranking de países con maiores investimentos en Galicia provocan que sectores tradicionalmente receptores de gran investimento exterior, como é o caso da industria

química e alimentaria, pasen de recibir investimentos de 126 millóns de euros no ano 2012 a desaparecer totalmente o investimento estranxeiro nestes sectores en Galicia no ano 2013.

Atendendo ao peso relativo no total estatal, salienta a importancia do investimento na fabricación doutros produtos minerais non metálicos, que representa o 70,6% do investimento estran-

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2013: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	218.890,8	99,97	7.021.008,6	44,40	3,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	154.614,0	70,62	157.634,5	1,00	98,1
Construción de edificios	38.631,8	17,64	576.477,9	3,65	6,7
Fabricación doutro material de transporte	5.100,0	2,33	16.421,7	0,10	31,1
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	3.925,9	1,79	221.309,8	1,40	1,8
Servicios técnicos arquitectura e enxeñería	3.688,1	1,68	96.749,7	0,61	3,8
Actividades xurídicas e de contabilidade	3.424,6	1,56	78.968,8	0,50	4,3
Comercio por xunto, e interme.comercio, agás vehículos a motor	2.764,8	1,26	648.562,1	4,10	0,4
Actividades inmobiliarias	2.267,9	1,04	1.787.110,6	11,30	0,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro e aceiro	2.193,6	1,00	641.815,9	4,06	0,3
Suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	811,8	0,37	701.437,4	4,44	0,1
Servicios de comidas e bebidas	500,0	0,23	62.580,9	0,40	0,8
Actividades sedes centrais; Activ. consultoría de xestión	232,5	0,11	366.834,5	2,32	0,1
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados	178,0	0,08	52.957,3	0,33	0,3
Pesca e acuicultura	150,0	0,07	172,6	0,00	86,9
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	145,0	0,07	1.086.503,6	6,87	0,0
Programación, consultoría, outras actividades relacionadas	103,5	0,05	147.225,1	0,93	0,1
Educación	72,5	0,03	55.467,6	0,35	0,1
Silvicultura e explotación forestal	40,0	0,02	49,8	0,00	80,3
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	27,0	0,01	277.102,3	1,75	0,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	20,0	0,01	45.626,4	0,29	0,0
Outros	60,7	0,03	8.793.296,1	55,60	0,0
Total	218.951,4	100,00	15.814.304,7	100,00	1,4

(consulta: 16-04-2014)

(1) investimento en empresas españolas únicamente

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.11.

Investimento bruto das CCAA no exterior 2012-13

	2012		UE-27	2013		UE-27	13/12
	(en miles de euros)	(% / total)		(en miles de euros)	(% / total)		(%)
Andalucía	149.262,9	0,8	50.855,0	293.784,3	1,3	466,1	96,8
Aragón	201.702,5	1,0	164.199,9	1.584.698,1	7,2	1.573.622,4	685,7
Asturias	428.859,9	2,2	105,9	54.764,7	0,3	10,0	-87,2
Baleares	154.200,8	0,8	108.267,8	530.031,6	2,4	2.728,2	243,7
Canarias	25.412,7	0,1	6.470,0	37.482,6	0,2	104,7	47,5
Cantabria	1.604.328,1	8,3	32.697,5	441.131,8	2,0	315.312,8	-72,5
Castela e León	154.904,8	0,8	90.818,3	15.664,0	0,1	4.500,0	-89,9
Castela-A Mancha	35.890,4	0,2	34.809,1	14.779,7	0,1	13.730,0	-58,8
Cataluña	2.231.025,4	11,5	1.276.346,3	2.058.440,9	9,4	976.707,5	-7,7
C. Valenciana	829.775,7	4,3	85.304,4	103.007,4	0,5	86.508,6	-87,6
Extremadura	2.256,5	0,0	1.440,0	1.228,5	0,0	1.159,0	-45,6
Galicia	426.732,3	2,2	173.956,1	547.620,3	2,5	495.992,2	28,3
Madrid	12.212.702,1	63,1	5.604.722,5	14.112.506,8	64,5	8.711.308,6	15,6
Murcia	11.597,6	0,1	3.667,9	5.825,9	0,0	3.411,9	-49,8
Navarra	26.609,6	0,1	-	39.310,3	0,2	5,0	47,7
País Vasco	862.529,4	4,5	233.584,8	2.056.490,6	9,4	756.767,8	138,4
A Ríoxa	10.855,9	0,1	-	-	0,0	-	-100,0
Ceuta e Melilla	0,1	0,0	-	-	0,0	-	-100,0
Total	19.368.646,6	100,0	7.867.245,1	21.896.767,3	100,0	12.942.334,8	13,1

(consulta: 03-04-2014)

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.12.

Investimento bruto de Galicia no exterior 2011-13: distribución segundo país de destino

	2011	2012	2013
	<i>(en miles de euros)</i>		
Alemaña	790,00		2.000,00
Austria	-	500,00	-
Bélxica	227.217,47	7.250,00	-
Bosnia-Herzegovina	4.601,63	-	-
Brasil	16.663,54	39.753,40	17.060,62
Chile	27.238,42	17.286,58	1.912,24
China	-	14.833,55	3.398,28
Colombia	1.748,04	769,90	399,45
Corea do Sur	6.513,80	-	-
Croacia	400,00	-	-
Ecuador	1.657,60	1,62	-
Estados Unidos	88.849,18	111.361,15	1.087,53
Filipinas			275,36
Francia	16.500,00	64.700,00	-
Guatemala	10.537,28	-	-
Guernsey	-	49.973,24	-
Honduras	3.779,58	-	-
Hungría	-	791,56	-
India	170,01	670,00	210,00
Italia	110,00	-	-
Xapón	473,48	92,66	-
Luxemburgo	186.553,37	438,70	478.319,06
Macao	-	148,22	14.768,40
Malta	13.500,00	-	3.742,60
Marrocos	32.160,71	-	1.731,58
Mexico	34.336,63	11.570,01	8.011,46
Nicaragua	11.338,73	908,39	-
Noruega	-	848,20	-
Países Baixos	2.084,00	77.018,00	2.000,00
Panamá	23.233,41	77,32	222,39
Perú	3.505,00	2.895,62	550,90
Polonia	395,28	486,30	402,40
Portugal	12.208,68	21.053,28	6.750,99
Reino Unido	716,16	1.718,21	2.777,11
República de Serbia	11.042,78	-	-
República do Congo	-	10,67	-
República Dominicana	515,15	976,83	1.342,26
Rumanía	-	0,04	-
Rusia	0,24	-	-
Serra Leona			1,85
Sudáfrica	871,85	-	-
Suíza	-	83,25	-
Timor Oriental	-	-	3,83
Turquía	6.210,98	-	-
Uruguay	325,01	512,19	651,99
Venezuela	-	3,45	-
Total	746.248,01	426.732,34	547.620,30

(consulta: 03-04-2014)

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ **3.3.13.**

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2013: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	547.620,3	100,0	21.896.767,3	100,0	2,5
Actividades inmobiliarias	488.134,9	89,1	736.725,9	3,4	66,3
Metalurxia, fabric. produtos de ferro e aceiro	16.409,2	3,0	734.946,8	3,4	2,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	14.769,3	2,7	852.466,3	3,9	1,7
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	7.398,3	1,4	234.324,3	1,1	3,2
Extracción de crudo de petróleo e gas natural	6.568,4	1,2	348.992,9	1,6	1,9
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	2.798,7	0,5	1.105.322,1	5,0	0,3
Construción de edificios	2.491,1	0,5	580.924,2	2,7	0,4
Pesca e acuicultura	2.412,9	0,4	10.463,8	0,0	23,1
Actividades auxiliares aos servizos financeiros	2.314,6	0,4	884.433,3	4,0	0,3
Industria da alimentación	2.006,9	0,4	277.065,5	1,3	0,7
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	946,8	0,2	6.018.341,0	27,5	0,0
Servizos técnicos arquitectura e enxeñería	492,7	0,1	21.683,2	0,1	2,3
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	430,2	0,1	267.075,3	1,2	0,2
Actividades administrativas de oficina	222,4	0,0	928,4	0,0	24,0
Enxeñería civil	213,8	0,0	227.480,3	1,0	0,1
Actividades de construción especializada	6,1	0,0	90.958,8	0,4	0,0
Programación, consultoría, outras actividades relac.	2,9	0,0	145.601,9	0,7	0,0
Servicios a edificios e actividades de xardineiría	1,1	0,0	40.372,3	0,2	0,0
Outros	0,0	0,0	9.318.661,2	42,6	0,0

Fonte: Ministerio de Industria, Turismo y Comercio

■ 3.3.14.

xeiro total en Galicia e o 98,1% do investimento neste subsector en España, en segundo lugar estarían os investimentos en pesca e acuicultura que, a pesar do seu escaso montante, 150.000 euros, representa o 86,9% do total estatal de investimento exterior no subsector, finalmente salientan o investimento estranxeiro en Galicia no subsector de silvicultura e explotación forestal que representa o 80,3% do total estatal (**cadro 3.3.11.**).

O investimento bruto galego no exterior incrementouse no último ano un 28,3% respecto ao rexistrado no ano anterior, para situarse nos 547,6 millóns de euros. Galicia pasa a ser a quinta Comunidade Autónoma que máis investía no estranxeiro no ano 2013. Tendo en conta o incremento, do 13,1%, do investimento español no estranxeiro, **cadro 3.3.12.**, o peso relativo do investimento galego situouse no 2,5% (o 2,2% do investimento estatal en 2012).

O conxunto dos países da Unión Europea é o principal destino do investimento galego, co 90,6% do investimento total. Dentro da UE destaca o investimento galego en Luxemburgo, con 478 millóns de euros. Fóra da Unión, salientan os investimentos en Brasil, con 17 millóns de euros (**cadro 3.3.13.**).

As tres ramas de actividade máis importantes, en canto ao volume se refire, foron as relacionadas coas actividades inmobiliarias, a metalurxia, fabricación de produtos de ferro e aceiro e a fabricación doutros produtos minerais non metálicos, que concentran o 94,8% do investimento galego; en concreto as actividades inmobiliarias concentran o 89% do investimento bruto de Galicia no exterior.

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia das actividades inmobiliarias, das actividades

Plan FOEXGA 2013: actuacións

	Accións	Aportacións			
		Total	Xunta	Cámaras	Empresas
		(en euros)			
Total	76	1.452.140,60	874.129,40	-	578.011,20
Misións comerciais directas	46	943.912,23	572.837,46	-	371.074,77
Misións comerciais inversas	4	38.766,16	32.085,90	-	6.680,26
Participación en feiras	12	223.633,05	129.349,39	-	94.283,66
Visitas a feiras	2	51.538,05	22.610,13	-	28.927,92
Misións exposicións e encontros empresariais	12	194.291,11	117.246,52	-	77.044,59

Fonte: Consellería de Economía e Industria

■ 3.3.15.

administrativas de oficina e da pesca e acuicultura, co 66,3%, o 24% e o 23,1% respectivamente, do investimento realizado polas empresas españolas no estranxeiro no 2013 nas citadas actividades (**cadro 3.3.14.**).

FOMENTO DAS EXPORTACIÓNS GALEGAS

O Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga) púxose por primeira vez en marcha no ano 1992, como resultado da coordinación da Consellería de Economía e Industria e as nove Cámaras de Comercio de Galicia, co fin de establecer unha unidade de acción dirixida a estimular as exportacións e a expansión exterior da empresa galega.

O número total de actuacións do Plan de Fomento das Exportacións Galegas, dirixidas tanto ao eido da promoción como ao da información e formación en comercio exterior, así como o investimento realizado dentro do Plan Foexga 2013, reduciuse en relación ao enmarcado dentro do Plan do ano 2012. Nas 76 accións levadas a cabo no último ano (7 menos que no anterior), **cadro 3.3.15.**, investíronse en torno a 1,4 millóns de euros (un 7,5% menos que no anterior), dos que a Xunta aporta o 60,2%, fronte ao 39,8% das empresas.

As actuacións diríxense fundamentalmente aos países europeos, que acollen o 46,7% das accións, fronte ao 15,2% dos países de América do Norte e Central e o 14,1% e 13% dos países de Asia e África, respectivamente. Salienta o descenso das actuacións dirixidas a América do Sur.

As accións máis importantes no que atinxe ao número, investimento e empresas participantes, son as correspondentes ás misións comerciais directas, ás misións exposicións e encontros empresariais e ás participacións en feiras. En conxunto, estas tres accións acollen o 92% das accións totais realizadas e do investimento total.

Nas 46 misións comerciais directas realizadas en 2013, a meirande parte das mesmas de carácter plurisectorial e outras de carácter especial dos sectores da construción, naval, alimentación, moda e xoiería, participaron un total de 362 empresas e o investimento total ascendeu a 945 mil euros, dos que a Xunta de Galicia aporta o 60,7%, e o 39,3% restante corresponde ás empresas.

Dentro do fomento das exportacións galegas é necesario destacar o papel desenvolvido pola Rede de Plataformas Empresariais no Exterior de Galicia (Rede Pexga) e o Servizo de Licitacións

Internacionais (SALT), proxectos desenvolvidos ao abeiro do convenio subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), para o fomento da internacionalización do tecido empresarial galego.

Por un lado, as Plataformas Pexga ofrecen asesoramento e apoio a todas aquelas empresas que queiran introducirse, crecer ou consolidarse nos mercados onde a Rede está presente. Durante o 2013, Pexga Berlín (Alemaña) e Pexga Shanghái (China) uníronse ás once plataformas postas en marcha xa durante os anos 2011 e 2012: Bogotá (Colombia), Bos Aires (Arxentina), Istambul (Turquía), Londres (Reino Unido), México D.F. (México), Miami (Estados Unidos), Moscova (Rusia), Nova York (Estados Unidos), París (Francia), Sao Paulo (Brasil) e Tánxer (Marrocos).

Neste exercicio 2013 a actividade das plataformas, así como a demanda de servizos de asesoramento e apoio por parte das empresas galegas, mantivo o ritmo de crecemento experimentado no ano 2012, contabilizándose un total de 5.914 accións realizadas e servizos prestados polo conxunto da Rede. Gran parte desta actividade corresponde ás oficinas establecidas en Latinoamérica (fundamentalmente Brasil (885), Colombia (652) e México (573)) e no mercado europeo (Reino Unido (865), Francia (621) e Rusia (503)).

En canto ao número de empresas clientas por mercado durante 2013 destacan de novo as mesmas plataformas: Reino Unido (136), Rusia (100), Brasil (93), México (90), Colombia (89) e Francia (88), para un total de 955 no cómputo global.

Por outro lado, o Servizo de Licitacións Internacionais, cuxo obxectivo é apoiar ás empresas galegas no acceso a licitacións internacionais con

financiamento de organismos multilaterais e institucións financeiras internacionais, proporcionou ferramentas, formación, asesoramento personalizado e outros recursos de apoio que axudaron ás pemes a achegarse e participar neste mercado. ■

